



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 341
6 de xullo de 2022

Fascículo 2



CSV: BOPGDSPG-n0NGHpwQ-3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 36591) [134755](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 36596) [134775](#)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 36603) [134798](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

■ 36418 (11/POP-005233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as razóns do Goberno galego para a demora na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada de biorresiduos [134805](#)

■ 36426 (11/POP-005234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as accións que vai realizar a Xunta para garantir a restauración da canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa no concello de Silleda eliminando os materiais non permitidos e impedindo as verteduras de lixiviados ao río [134808](#)

■ 36429 (11/POP-005235)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as razóns da prórroga sistemática de contratos polo Sergas para prorrogar contratos automaticamente con carácter xeral, en contra da excepcionalidade que debe rexer esta práctica [134812](#)

■ 36451 (11/POP-005236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da solicitude de que se garanta ao Courel os servizos de telefonía e internet con calidade e a un custo asumible [134817](#)

I 36473 (11/POP-005238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a tramitación pola Xunta de Galicia do proxecto dun novo polígono industrial no lugar da Tarroeira, en Pontecesures [134819](#)

I 36479 (11/POP-005239)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a porcentaxe e o estado actual de execución dos traballos en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio de 2022 [134820](#)

I 36485 (11/POP-005240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o cumprimento do acordo parlamentario relativo ao arranxo da estrada OU-533 da Rúa á Gudiña [134823](#)

I 36494 (11/POP-005241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para controlar a execución dos contratos do transporte público de Galicia [134825](#)

I 36498 (11/POP-005242)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da relación entre o declive da produción marisqueira e a contaminación das rías [134829](#)

I 36511 (11/POP-005243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para evitar a perda de 42 postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro [134831](#)

I 36516 (11/POP-005244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela [134834](#)



I 36524 (11/POP-005245)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego de garantir o compromiso de excelencia educativa para coa veciñanza de Novo Mesoiro e mais coa comunidade educativa do IES A Sardiñeira da Coruña

[134837](#)**I 36533 (11/POP-005246)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre a posición da Xunta de Galicia ante a violación de dereitos fundamentais pola CRTVG

[134841](#)**I 36540 (11/POP-005247)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre os mecanismos que vai poñer en funcionamento o Goberno galego para evitar as discriminacións flagrantes que sofren as mulleres no acceso ás axudas públicas, nomeadamente no rural

[134844](#)**I 36556 (11/POP-005248)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non ter adoptado medidas de carácter social para minorar os efectos da crise económica

[134847](#)**I 36571 (11/POP-005249)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre o dimensionamento do cadro de persoal do Hospital do Barbanza

[134850](#)**I 36579 (11/POP-005250)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a toma de medidas necesarias para garantir o abastecemento de auga potable e non potable para os diversos usos tradicionais na comarca de Lemos

[134852](#)**I 36587 (11/POP-005251)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 3 máis**

Sobre como valora a Xunta de Galicia a sentenza en firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se condena a Corporación Radio e Televisión de Galicia por vulnerar a liberdade de expresión e os dereitos fundamentais dun dos seus traballadores

[134855](#)**I 36602 (11/POP-005252)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as previsións por parte do Goberno galego de atender as demandas da comunidade educativa e de rectificar a súa decisión de recortar a oferta do Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía

[134859](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 36686 (11/PUP-000265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para solucionar a situación de escaseza de socorristas que se dá en todo o territorio galego [134862](#)

■ 36700 (11/PUP-000266)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre que medidas vai tomar a Xunta de Galicia como consecuencia da condena á CRTVG por manipulación informativa e falla de pluralidade dos medios [134864](#)

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 36694 (11/POPX-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para axudar os colectivos máis necesitados [134868](#)

■ 36697 (11/POPX-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para dar resposta á crise económica e sanitaria que sofre a cidadanía galega [134869](#)

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

■ 36529 (11/POC-006354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre os dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galicia [134870](#)

■ 36649 (11/POC-006365)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis



Sobre o anuncio do traslado da Audiencia Provincial de Ourense e outros servizos públicos do Pazo de Xustiza de Ourense [134873](#)

I 36667 (11/POC-006367)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os efectos que terá o acordo acadado na Mesa Sectorial de Sanidade entre as organizacións sindicais e o Goberno galego sobre os profesionais de atención Primaria de Galicia [134877](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 36419 (11/POC-006337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a demora na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada de biorresiduos, os criterios na distribución dos fondos estatais e as medidas previstas para dar cumprimento aos prazos establecidos na lexislación estatal [134880](#)

I 36424 (11/POC-006338)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas en relación coa canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda [134883](#)

I 36428 (11/POC-006339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as razóns da prórroga sistemática e sen xustificación de contratos polo Sergas, en contra da excepcionalidade que debe rexer esta práctica, e o coñecemento por parte do Goberno galego da vulneración dos principios de libre concorrência e de competencia que deben rexer a contratación pública e as medidas para corrixir esta situación [134888](#)

I 36450 (11/POC-006340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dotar O Courel dos servizos de telefonía e internet con calidade e a un custo asumible [134890](#)

I 36474 (11/POC-006342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a tramitación do proxecto dun novo polígono industrial no lugar da Tarroeira, en Pontecesures [134894](#)

I 36480 (11/POC-006343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis



Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio de 2022 [134897](#)

I 36486 (11/POC-006348)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo de estrada OU-533 da Rúa á Gudiña e o seu tempo de duración [134901](#)

I 36491 (11/POC-006349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a problemática da xestión do servizo de transporte público de Galicia [134903](#)

I 36497 (11/POC-006350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a incidencia da contaminación das augas no declive da produción marisqueira e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de prevención e control da contaminación e rexeneración de rías e de ríos [134907](#)

I 36509 (11/POC-006351)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as medidas que levou a cabo a Xunta de Galicia para evitar o peche da conserveira Albo en Celeiro, así como as súas previsións respecto do traslado da conserveira e as medidas previstas para evitar a perda de postos de traballo [134909](#)

I 36517 (11/POC-006352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela [134912](#)

I 36522 (11/POC-006353)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da problemática dos centros educativos de ensino medio no barrio de Novo Mesoiro na Coruña [134915](#)

I 36537 (11/POC-006355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que vai realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación e a exclusión das oportunidades das mulleres nas convocatorias e axudas relacionadas coas actividades agrarias [134920](#)



I 36555 (11/POC-006356)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non ter adoptado medidas de carácter social para minorar os efectos da crise económica

[134924](#)**I 36563 (11/POC-006357)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis**

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia dos datos de produción industrial e as bases, as medidas e os obxectivos cos que traballa neste sector

[134927](#)**I 36567 (11/POC-006358)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións de Portos de Galicia na zona portuaria do concello de Poio en plena tempada turística

[134930](#)**I 36570 (11/POC-006359)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre o dimensionamento no cadro de persoal dos servizos sanitarios do Hospital do Barbanza e a súa incidencia na calidade asistencial

[134932](#)**I 36577 (11/POC-006360)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as medidas necesarias para garantir o abastecemento de auga potable e non potable para os diversos usos tradicionais na comarca de Lemos

[134934](#)**I 36588 (11/POC-006361)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 3 máis**

Sobre como valora a Xunta de Galicia a sentenza en firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se condena a Corporación Radio e Televisión de Galicia por vulnerar a liberdade de expresión e os dereitos fundamentais dun dos seus traballadores

[134938](#)**I 36600 (11/POC-006362)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as razóns que levaron á Xunta de Galicia a recortar a oferta de Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía, así como as súas previsións de atender a demanda educativa na área do Salnés

[134942](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

A Mesa da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 4 de xullo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ó articulado:

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 36591)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 36596)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 36603)

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de xullo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 36418 (11/POP-005233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as razóns do Goberno galego para a demora na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada de biorresiduos

- 36426 (11/POP-005234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as accións que vai realizar a Xunta para garantir a restauración da canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa no concello de Silleda eliminando os materiais non permitidos e impedindo as verteduras de lixiviados ao río

- 36429 (11/POP-005235)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as razóns da prórroga sistemática de contratos polo Sergas para prorrogar contratos automaticamente con carácter xeral, en contra da excepcionalidade que debe rexer esta práctica

- 36451 (11/POP-005236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da solicitude de que se garanta ao Courel os servizos de telefonía e internet con calidade e a un custo asumible

- 36473 (11/POP-005238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a tramitación pola Xunta de Galicia do proxecto dun novo polígono industrial no lugar da Tarroeira, en Pontecesures

- 36479 (11/POP-005239)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a porcentaxe e o estado actual de execución dos traballos en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio de 2022

- 36485 (11/POP-005240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o cumprimento do acordo parlamentario relativo ao arranxo da estrada OU-533 da Rúa á Gudiña

- 36494 (11/POP-005241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para controlar a execución dos contratos do transporte público de Galicia

- 36498 (11/POP-005242)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da relación entre o declive da produción marisqueira e a contaminación das rías



- 36511 (11/POP-005243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para evitar a perda de 42 postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro

- 36516 (11/POP-005244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

- 36524 (11/POP-005245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de garantir o compromiso de excelencia educativa para coa veciñanza de Novo Mesoiro e mais coa comunidade educativa do IES A Sardiñeira da Coruña

- 36533 (11/POP-005246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a posición da Xunta de Galicia ante a violación de dereitos fundamentais pola CRTVG

- 36540 (11/POP-005247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre os mecanismos que vai poñer en funcionamento o Goberno galego para evitar as discriminacións flagrantes que sofren as mulleres no acceso ás axudas públicas, nomeadamente no rural

- 36556 (11/POP-005248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non ter adoptado medidas de carácter social para minorar os efectos da crise económica

- 36571 (11/POP-005249)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre o dimensionamento do cadro de persoal do Hospital do Barbanza

- 36579 (11/POP-005250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a toma de medidas necesarias para garantir o abastecemento de auga potable e non potable para os diversos usos tradicionais na comarca de Lemos



- 36587 (11/POP-005251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre como valora a Xunta de Galicia a sentenza en firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se condena a Corporación Radio e Televisión de Galicia por vulnerar a liberdade de expresión e os dereitos fundamentais dun dos seus traballadores

- 36602 (11/POP-005252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións por parte do Goberno galego de atender as demandas da comunidade educativa e de rectificar a súa decisión de recortar a oferta do Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 36686 (11/PUP-000265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para solucionar a situación de escaseza de socorristas que se dá en todo o territorio galego

- 36700 (11/PUP-000266)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre que medidas vai tomar a Xunta de Galicia como consecuencia da condena á CRTVG por manipulación informativa e falla de pluralidade dos medios

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 36694 (11/POPX-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para axudar os colectivos máis necesitados

- 36697 (11/POPX-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para dar resposta á crise económica e sanitaria que sofre a cidadanía galega



1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 36529 (11/POC-006354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre os dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 36649 (11/POC-006365)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o anuncio do traslado da Audiencia Provincial de Ourense e outros servizos públicos do Pazo de Xustiza de Ourense

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 36667 (11/POC-006367)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os efectos que terá o acordo acadado na Mesa Sectorial de Sanidade entre as organizacións sindicais e o Goberno galego sobre os profesionais de atención Primaria de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 36419 (11/POC-006337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a demora na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada de biorresiduos, os criterios na distribución dos fondos estatais e as medidas previstas para dar cumprimento aos prazos establecidos na lexislación estatal

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36424 (11/POC-006338)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas en relación coa canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36428 (11/POC-006339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis



Sobre as razóns da prórroga sistemática e sen xustificación de contratos polo Sergas, en contra da excepcionalidade que debe rexer esta práctica, e o coñecemento por parte do Goberno galego da vulneración dos principios de libre concorrència e de competencia que deben rexer a contratación pública e as medidas para corraxir esta situación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36450 (11/POC-006340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dotar O Courel dos servizos de telefonía e internet con calidade e a un custo asumible

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 36474 (11/POC-006342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a tramitación do proxecto dun novo polígono industrial no lugar da Tarroeira, en Pontecesures

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36480 (11/POC-006343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio de 2022

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 36486 (11/POC-006348)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo de estrada OU-533 da Rúa á Gudiña e o seu tempo de duración

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36491 (11/POC-006349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a problemática da xestión do servizo de transporte público de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36497 (11/POC-006350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a incidencia da contaminación das augas no declive da produción marisqueira e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de prevención e control da contaminación e rexeneración de rías e de ríos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 36509 (11/POC-006351)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as medidas que levou a cabo a Xunta de Galicia para evitar o peche da conserveira Albo en Celeiro, así como as súas previsións respecto do traslado da conserveira e as medidas previstas para evitar a perda de postos de traballo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 36517 (11/POC-006352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36522 (11/POC-006353)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da problemática dos centros educativos de ensino medio no barrio de Novo Mesoiro na Coruña

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 36537 (11/POC-006355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que vai realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación e a exclusión das oportunidades das mulleres nas convocatorias e axudas relacionadas coas actividades agrarias

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 36555 (11/POC-006356)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non ter adoptado medidas de carácter social para minorar os efectos da crise económica

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36563 (11/POC-006357)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia dos datos de produción industrial e as bases, as medidas e os obxectivos cos que traballa neste sector

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 36567 (11/POC-006358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións de Portos de Galicia na zona portuaria do concello de Poio en plena tempada turística

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 36570 (11/POC-006359)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre o dimensionamento no cadro de persoal dos servizos sanitarios do Hospital do Barbanza e a súa incidencia na calidade asistencial

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36577 (11/POC-006360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas necesarias para garantir o abastecemento de auga potable e non potable para os diversos usos tradicionais na comarca de Lemos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36588 (11/POC-006361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre como valora a Xunta de Galicia a sentenza en firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se condena a Corporación Radio e Televisión de Galicia por vulnerar a liberdade de expresión e os dereitos fundamentais dun dos seus traballadores

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 36600 (11/POC-006362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as razóns que levaron á Xunta de Galicia a recortar a oferta de Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía, así como as súas previsións de atender a demanda educativa na área do Salnés

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ÁREAS
EMPRESARIAIS DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000014).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

Débese modificar no parágrafo do artigo 1 o seguinte contido.
Onde di: "...ordenación, desenvolvemento e execución das áreas empresariais de interese autonómico, o Censo...", debe dicir: "...ordenación, desenvolvemento, xestión e promoción das áreas empresariais de Galicia, o Censo..."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Débese engadir ao final do parágrafo do artigo 1 o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "...co fin de incrementar a competitividade das empresas e favorecer a creación de emprego."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 1 que quedará redactado co seguinte contido:
"Os principais obxectivos desta lei son:
a) Impulsar que as áreas industriais da Comunidade Autónoma de Galicia contén coas infraestruturas, dotacións e servizos necesarios para o desenvolvemento eficiente e económico, social e medioambientalmente sustentable das distintas actividades económicas, mellorando a xestión e a calidade do solo industrial e a competitividade das empresas.
b) Fomentar a implicación municipal e a colaboración público-privada na xestión e mellora das infraestruturas e dos servizos xa existentes nas áreas industriais, así como na implantación de novas dotacións e servizos que acheguen maior valor engadido."



Emenda nº4, ao apartado 4.f, de Adición. Artigo 4

Débese engadir ao final da letra f do punto 4 do artigo 4 o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "...e prezos adecuados."

Emenda nº5, ao apartado 4, de Adición. Artigo 5

Débese engadir ao final do punto 4 do artigo 5 o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "...no prazo máximo dun ano dende a entrada en vigor deste lei."

Emenda nº6, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 6

Débese engadir un novo punto no artigo 6 que quedará redactado co seguinte contido.
"1 *bis*. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de consulta sobre as necesidades e demandas de chan no prazo máximo dun ano dende a entrada en vigor desta lei."

Emenda nº7, ao apartado 1.a, de Modificación. Artigo 7

Débese modificar na letra a do punto 1 do artigo 7 o seguinte contido.
Onde di: "... altas prestacións, a rede ferroviaria e os servizos de transporte...", debe dicir: "...altas prestacións, a rede ferroviaria, a conexión intermodal con portos, aeroportos ou plataformas loxísticas e os servizos de transporte...".

Emenda nº8, ao apartado b, de Modificación. Artigo 7

Débese modificar na letra b do artigo 8 o seguinte contido.
Onde di: "...coa rede ferroviaria. En todo caso, faranse...", debe dicir: "coa rede ferroviaria e a conexión intermodal con portos, aeroportos ou plataformas loxísticas. En todo caso, faranse...".



Emenda nº9, de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 7 que quedará redactado co seguinte contido.

"Con carácter previo ao funcionamento das áreas empresariais, aprobaranse Plans de Mobilidade que contemplan accións específicas, entre as que, como mínimo, se contemplarán o fomento do transporte colectivo, a utilización enerxética racional dos medios de transporte, a redución de emisións e a redución de sinistralidade in itinere."

Emenda nº10, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 9

Débese modificar no punto 2 do artigo 9 o seguinte contido.

Onde di: "...o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. poderá ser efectuada en especie, coa entrega de parcelas...", debe dicir: "...o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. poderá ser efectuada mediante pagamento en especie, coa entrega de parcelas..."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo punto no artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido.

"5. As disposicións precedentes serán tamén de aplicación, nos termos que legalmente corresponda, ao sector público estatal."

Emenda nº12, de Modificación. Artigo 11

Débese modificar no artigo 11 o seguinte contido.

Onde di: "...conterá, con carácter xeral, as seguintes...", debe dicir: "...conterá, como mínimo, as seguintes..."

Emenda nº13, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 18



Débese modificar o punto 3 do artigo 18 que quedará redactado co seguinte contido.

"3. Se no prazo máximo de tres meses non se remitise o expediente emendado ou, se unha vez presentado, resulta insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, e notificará ao órgano substantivo a resolución de terminación."

Emenda nº14, ao apartado 8, de Modificación. Artigo 28

Débese modificar no punto 8 do artigo 28 o seguinte contido. Onde di: "...ás entidades locais ás que afecte a modificación proposta...", debe dicir: "...ás entidades locais e deputacións ás que afecte a modificación proposta..."

Emenda nº15, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 30

Débese modificar no punto 3 do artigo 30 o seguinte contido. Onde di: "...non poderá diferir en máis ou en menos do 10 % da superficie do ámbito...", debe dicir: "...non poderá diferir en máis ou menos do 20 % da superficie do ámbito..."

Emenda nº16, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 30

Débese modificar no punto 3 do artigo 30 o seguinte contido. Onde di: "...non poderá diferir en máis ou en menos do 30 % da superficie do ámbito...", debe dicir: "...non poderá diferir en máis ou en menos do 40 % da superficie do ámbito..."

Emenda nº17, ao apartado 4, de Adición. Artigo 30

Débese engadir ao final do punto 4 do artigo 30 o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "Simultaneamente a este trámite, darase tamén audiencia ás deputacións provinciais e ás entidades locais que se poidan ver afectadas."





Emenda nº18, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 31

Débese modificar no punto 2 do artigo 31 o seguinte contido.
Onde di: "...só poden ser promovidos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou polas entidades...", debe dicir: "só poderán ser promovidos polas Administracións xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Estado así como polas entidades...".

Emenda nº19, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 31

Débese modificar no punto 2 do artigo 31 o seguinte contido.
Onde di: "...instrumentais do sector público autonómico, ben...", debe dicir: "...instrumentais do sector público autonómico ou estatal, ben...".

Emenda nº20, ao apartado 4, de Adición. Artigo 37

Débese engadir ao final do punto 4 do artigo 37 o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "...de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia."

Emenda nº21, ao apartado 2, de Adición. Artigo 38

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 38 o seguinte contido.
Engadir *in fine*: "...no prazo de dez días hábiles."

Emenda nº22, de Modificación. Artigo 39

Débese modificar no artigo 39 o seguinte contido.
Onde di: "...de urxencia, que corresponderá apreciar ao Consello da Xunta...", debe dicir: "...de urxencia, que deberán estar debidamente fundamentadas e acreditadas no correspondente informe preceptivo e que corresponderá apreciar ao Consello da Xunta...".



Emenda nº23, de Adición. Artigo 39

Débase engadir un novo parágrafo no artigo 39 que quedará redactado co seguinte contido.

"Esta decisión deberá ser ratificada polo Parlamento de Galicia no prazo de 15 días dende a súa adopción polo Consello da Xunta."

Emenda nº24, de Modificación. Artigo 40

Débase modificar no artigo 40 o seguinte contido.

Onde di: "...polo establecido nos artigos...", debe dicir: "...polo establecido para o plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia nos artigos...".

Emenda nº25, ao apartado 1, de Adición. Artigo 74

Débase engadir ao final do punto 1 do artigo 74 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...así como incluíndo posibles flexibilizacións nos prazos de execución de obras comprometidas."

Emenda nº26, de Adición. Artigo 75

Débase engadir un novo punto no artigo 75 que quedará redactado co seguinte contido.

"4. O sector público estatal será tamén competente para declarar os proxectos empresariais singulares que lle competen, no ámbito das súas competencias, nos termos establecidos no apartado precedente e na lexislación aplicable vixente."

Emenda nº27, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 81

Débase modificar no punto 1 do artigo 81 o seguinte contido.

Onde di: "...non poderá ser superior a cinco anos desde...", debe dicir: "...non poderá ser superior a tres anos desde...".



Emenda nº28, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 82

Débese modificar o punto 2 do artigo 82 que quedará redactado co seguinte contido.

"2. As entidades de conservación, xestión e modernización son agrupacións sen ánimo de lucro de persoas titulares, de base privada pero con finalidade pública, polas funcións públicas municipais que lles poden ser encomendadas que terán plena personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar."

Emenda nº29, ao apartado f, de Adición. Artigo 83

Débese engadir unha nova letra no artigo 83 que quedará redactada co seguinte contido.

"f) Colaborar co concello para facilitar o axeitado cumprimento das súas obrigas de conservación, mantemento, vixilancia, limpeza e prestación de servizos básicos."

Emenda nº30, ao apartado g, de Adición. Artigo 83

Débese engadir unha nova letra no artigo 83 que quedará redactada co seguinte contido.

"g) Asumir, se así o acordan as persoas titulares e se atribúe polo concello competente, a xestión dos servizos municipais."

Emenda nº31, ao apartado h, de Adición. Artigo 83

Débese engadir unha nova letra no artigo 83 que quedará redactada co seguinte contido.

"h) Impulsar a posta en marcha de infraestruturas, dotacións e servizos que melloren e modernicen a área industrial."

Emenda nº32, ao apartado i, de Adición. Artigo 83

Débese engadir unha nova letra no artigo 83 que quedará redactada co seguinte contido.



"i) Representar e defender os intereses comúns das persoas titulares ante calquera organismo ou autoridade pública, así como ante os xulgados e tribunais, conforme aos acordos estatutariamente válidos."

Emenda nº33, ao apartado j, de Adición. Artigo 83

Débese engadir a letra j no artigo 83 que quedará redactado co seguinte contido.

"j) Trasladar ao concello competente propostas ou queixas das persoas titulares para un mellor funcionamento dos servizos e infraestruturas da área industrial."

Emenda nº34, ao apartado k, de Adición. Artigo 83

Débese engadir unha nova letra no artigo 83 que quedará redactada co seguinte contido.

"k) Recompilar e facilitar á Administración local e autonómica a información que lle soliciten en relación á área industrial, así como informar periodicamente ao concello, no seu caso, das posibles deficiencias observadas nos servizos municipais."

Emenda nº35, ao apartado l, de Adición. Artigo 83

Débese engadir unha nova letra no artigo 83 que quedará redactada co seguinte contido.

"l) Colaborar con todas as administracións públicas no que respecta ao exercicio das súas funcións públicas que afecten á área empresarial, en especial nas actuacións de promoción exterior e na atracción de investimentos nacionais ou estranxeiros."

Emenda nº36, de Modificación. Artigo 84

Débese modificar a epígrafe do artigo 84 que quedará redactada co seguinte contido.

"Artigo 84. Integrantes obrigatorias das entidades de conservación, xestión e modernización."



Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 84

Débese modificar o punto 1 do artigo 84 que quedará redactado co seguinte contido.

"1. Cada entidade de conservación, xestión e modernización que se constituía estará integrada obrigatoriamente por todas as persoas e entidades titulares privadas titulares de dereitos reais sobre bens inmobles sitios na área industrial, así como polas entidades públicas que teñan adscritos ou sexan titulares de bens inmobles demaniais destinados a unha explotación ou actividade económica privada ou de bens inmobles patrimoniais, todos eles sitios na área industrial delimitada."

Emenda nº38, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto no artigo 84 que quedará redactado co seguinte contido.

"1 *bis*. A integración de todas as persoas e entidades anteriores nas entidades de conservación, xestión e modernización será universal, obligatoria e automática desde que se autoricen polos concellos competentes e todas deberán contribuír desde o acordo de autorización aos custes da entidade conforme aos seus respectivos coeficientes de participación."

Emenda nº39, ao apartado 3, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto no artigo 84 que quedará redactado co seguinte contido.

"3. As entidades públicas que non dispoñan de bens patrimoniais dentro dunha área industrial e só teñan adscritos ou sexan titulares de inmobles dotacionais ou de dominio e uso público non destinados a unha explotación ou actividade económica privada, non se considerarán integrantes obrigatorias da entidade e, polo tanto, non terán a obriga de contribuír aos custes da mesma. Non obstante, terán dereito a, cando menos, unha persoa representante, con voz pero sen voto, tanto na asemblea xeral como na xunta directiva da entidade."





Emenda nº40, ao apartado 4, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto no artigo 84 que quedará redactado co seguinte contido.

"4. A participación das persoas propietarias na entidade de xestión e modernización poderá ser substituída polos persoas arrendatarias ou ocupantes dos seus inmobles por calquera título lexítimo, sempre que as persoas propietarias comuniquen fidedignamente a dita substitución á Secretaría da Xunta Directiva, e a persoa substituta o acepte formalmente ante esta Secretaría ou mediante documento notarial. En tal caso, as persoas substitutas estarán obrigadas ao pagamento das cotas obrigatorias e quedarán subrogadas en todas as obrigas e dereitos da persoa propietaria que se establezan nesta lei en relación coa entidade de conservación, xestión e modernización. Sen prexuízo desta subrogación, a persoa titular responderá subsidiariamente ante a entidade polo impago de cotas obrigatorias por parte da persoa substituta. Toda referencia nesta lei ás persoas titulares debe entenderse referida a quen asuma a anterior substitución, desde o momento en que esta se produza."

Emenda nº41, ao apartado 5, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto no artigo 84 que quedará redactado co seguinte contido.

"5. No caso de que os bens inmobles pertencen a varias persoas, sexan físicas ou xurídicas, os dereitos de asistencia, palabra e voto nas reunións, e o dereito de información, así como os demais dereitos inherentes á participación na xestión da entidade, poderá ser exercido por un ou unha deles ou delas, debidamente designado ou designada, aínda que todos eles e elas serán responsables das obrigas da agrupación."

Emenda nº42, ao apartado 6, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto no artigo 84 que quedará redactado co seguinte contido.

"6. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, logo da solicitude das persoas propietarias de, polo menos, o 50 % da superficie da área empresarial, poden trasladar por un tempo determinado, non superior a cinco anos, ás persoas propietarias, constituídas para o efecto en entidade de





conservación, xestión e modernización, o deber de mantemento e conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións da área que se entregasen á Administración para a súa incorporación ao dominio público.

O concello poderá prorrogar a duración desta obriga por períodos de cinco anos por petición das persoas propietarias de, polo menos, o 50 % da superficie da área empresarial."

Emenda nº43, de Adición. Artigo 84 bis.

Débase engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 84 *bis*. Obrigas das persoas integrantes da entidade.

Son obrigas das persoas integrantes da entidade:

1. Respetar as instalacións da área empresarial, sexan de uso xeral ou privado de calquera das persoas propietarias, facendo un uso adecuado delas e evitando, en todo momento, que se poidan ocasionar danos ou danos a eles ou a terceiros.
2. Manter os seus inmobles en bo estado de conservación, en termos que non prexudiquen á entidade nin ás demais persoas propietarias, ocupantes ou persoas usuarias da área empresarial.
3. Contribuír ao orzamento anual da entidade, en proporción ao seu coeficiente de participación e segundo o acorde a Asemblea Xeral.
4. Cando o prevexan os estatutos ou o acorde a Asemblea Xeral, contribuír en proporción aos seus coeficientes de participación á dotación dun fondo de reserva para facer fronte a posibles continxencias extraordinarias. O fondo de reserva da entidade, cando se acorde a súa constitución, en ningún caso, poderá superar o 10% do seu último orzamento ordinario.
5. Comunicarlle á Secretaría da Xunta Directiva, por calquera medio que permita acreditar a súa recepción, o domicilio en España para os efectos de notificacións relacionadas coa entidade. Esta comunicación poderá realizarse por medios electrónicos sempre que o titular e a entidade teñan acordado esta fórmula de notificación. A falta desta comunicación ou acordo, o enderezo para as notificacións será o do inmovible situado na área empresarial, dando plenos efectos xurídicos ao ocupante deste. Se cando se intentase unha notificación no domicilio comunicado ou no inmovible resultase imposible realizala, farase colocando a correspondente comunicación nun lugar visible de uso xeral habilitado para o efecto, así como no páxina web corporativa da entidade, con dilixencia, expresiva



da data e dos motivos polos que se realiza este formulario de notificación. A notificación practicada deste xeito producirá plenos efectos legais no prazo de tres días naturais.

6. Comunicarlle á Secretaría da Xunta Directiva, por calquera medio que permita acreditar a súa recepción, os cambios de titularidade e de ocupantes dos edificios. Esta comunicación poderá realizarse por medios electrónicos sempre que a persoa propietaria e a entidade acorden este formulario de notificación. A persoa propietaria que incumpra esta obriga responderá, xunto co novo titular, das débedas contraídas coa entidade con posterioridade á transmisión, sen prexuízo do dereito do primeiro a repetir sobre a segunda. Para estes efectos, o rexistrador da propiedade que inscriba a transmisión dun inmovible incluído na área empresarial xestionada pola entidade comunicará á entidade, preferentemente por medios electrónicos, a data da dita transmisión e a identidade da persoa adquirente.

7. Entregar á persoa adquirente dun inmovible incluído na área xestionada, no momento da venda, o documento expedido pola entidade, mediante o cal se acredite que a persoa cedente está ao corrente no pagamento de todas as taxas correspondentes ao a súa propiedade."

Emenda nº44, de Adición. Artigo 84 ter.

Débase engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 84 *ter*. Do cumprimento das obrigas.

1. As obrigas a que se refire esta lei deberán ser cumpridas polos integrantes da entidade no tempo e na forma que determine a Asemblea Xeral e, no seu caso, polos posibles suplentes definidos no apartado 4 do artigo 84.

2. A xestión e cobro das achegas obrigatorias corresponderalle á entidade de conservación, xestión e modernización. O réxime de prazos e notificacións para o cobro de achegas obrigatorias será o establecido pola asemblea xeral e publicarase na páxina web corporativa da entidade.

3. As persoas titulares que no momento da transmisión dos seus bens fosen debedores da entidade de conservación, xestión e modernización por calquera causa, responderán da débeda xunto coa nova persoa propietaria do inmovible, podendo interpoñer a reclamación da dita débeda contra calquera deles, sen prexuízo de estas que poidan repetir a reclamación contra quen, ao seu xuízo, consideren



responsable directo do incumprimento. En calquera cesión dun ben ou dereito cedido a unha entidade de xestión e modernización farase constar se o transmisor está ou non ao corrente das súas obrigas, que constará no Rexistro da Propiedade mediante nota á marxe das respectivas transmisións."

Emenda nº45, ao apartado 1, de Adición. Artigo 85

Débese engadir como punto 1 no artigo 85 o seguinte contido.
"1. A solicitude de constitución da entidade só poderá ser presentada ante o concello competente por unha comisión promotora constituída formalmente, en documento público ou privado, e que acredite que representa cando menos o 25 % das persoas titulares, que ademais representen cando menos o 25% dos coeficientes de participación."

Emenda nº46, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 85

Débese engadir un novo punto no artigo 85 que quedará redactado co seguinte contido.
"1 *bis*. O contido mínimo da solicitude de constitución será desenvolto regulamentariamente no prazo de 3 meses dende a entrada en vigor da presente lei."

Emenda nº47, ao apartado 1 ter), de Modificación. Artigo 85

Débese modificar a situación do punto 1 do artigo 85, que pasará a ser o punto 1 ter.
"1 *ter*. As persoas promotoras e lexitimadas para a constitución da entidade de conservación, xestión e modernización deberán redactar uns estatutos e elevalos ao concello para a súa aprobación. Nos devanditos estatutos preverase necesariamente a participación na entidade dunha persoa representante do concello e a cota de participación que lle corresponda a este último.
O concello aprobará mediante acordo expreso os estatutos e calquera modificación destes."



Emenda nº48, ao apartado 1 quater), de Adición. Artigo 85

Débese engadir un novo punto no artigo 85 que quedará redactado co seguinte contido.

"1.*quater* O concello competente poderá requirir a dita comisión promotora para a subsanación dos defectos advertidos, indicando no dito requirimento que, en caso de non ser atendido no prazo de 10 días hábiles, entenderase desistida a solicitude."

Emenda nº49, ao apartado 1 quinquies), de Adición. Artigo 85

Débese engadir un novo punto no artigo 85 que quedará redactado co seguinte contido.

"1.*quinquies* O prazo máximo para resolver e notificar a autorización da constitución será dun ano desde o día seguinte á presentación da solicitude. Transcorrido ese prazo dun ano sen notificada resolución expresa, as persoas solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo."

Emenda nº50, de Adición. Artigo 85 bis.

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 85 *bis*. Estatutos

1. Os estatutos da entidade deberán incluír, polo menos, os seguintes extremos, respectando en todo caso os demais termos regulados nesta lei:

a) A denominación da entidade, que non poderá coincidir coa doutra entidade preexistente, nin producir erro ou confusión con ela. A súa denominación deberá incluír necesariamente a expresión «entidade de conservación, xestión e modernización» ou as siglas ECXM, que serán exclusivas desta clase de entidades.

b) O seu domicilio social.

c) O obxecto social da entidade, que incluírá, polo menos, a conservación, xestión e modernización de servizos e dotacións dentro da área empresarial delimitada, así como calquera outro que lle permita asumir mediante contrato a xestión indirecta dos servizos públicos.



- d) Os dereitos e obrigas das persoas socias titulares.
 - e) A composición, estrutura e réxime de funcionamento e acordos dos órganos de goberno da entidade, que deberán responder ao funcionamento democrático e de representación equilibrada de sexos.
 - f) O procedemento para a modificación dos estatutos.
 - g) Os mecanismos de ampliación ou redución da zona industrial ou das persoas titulares que integran a entidade.
 - h) A previsión do destino do patrimonio excedente en caso de disolución da entidade.
2. Os primeiros estatutos deberán aprobarse necesariamente na asemblea de ratificación da solicitude de constitución prevista no artigo 85 desta lei.
3. Nos estatutos poderá establecerse, previo acordo unánime de todas as persoas titulares integrantes da entidade, que as controversias que se susciten entre a entidade e as persoas titulares integrantes, ou entre estes por razón da súa pertenza á entidade, resolveranse mediante arbitraje. Preferirase a resolución previa mediante mediación."

Emenda nº51, de Adición. Artigo 85 ter.

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 85 *ter*. Negociación do convenio.

1. O concello, unha vez comprobada a documentación presentada, abrirá un período de negociación coa comisión promotora para mellorar ou modificar calquera dos contidos da solicitude, concretando os compromisos adquiridos por cada unha das partes nun proxecto de convenio de colaboración.

2. O proxecto de convenio incluírá tamén a forma de participación do concello nos órganos de goberno da entidade, podendo establecer fórmulas de control municipal sobre os acordos, as contas anuais e as actuacións realizadas."

Emenda nº52, de Adición. Artigo 85 quater.

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 85 *quater*. Aprobación provisional.





Unha vez alcanzado un acordo coa comisión promotora e redactado o proxecto de convenio de colaboración, o Pleno do concello deberá acordar, conforme á normativa de réxime local aplicable, a aprobación provisional no prazo máximo de dous meses contados desde o día seguinte do momento no que se alcanzara o acordo."

Emenda nº53, de Adición. Artigo 85 quinquies.

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 85 *quinquies*. Asemblea de ratificación.

Unha vez acordada a aprobación provisional e resoltas as posibles alegacións polo Pleno do concello, convocarase a unha asemblea de ratificación a todas as persoas e entidades integrantes obrigatorias da entidade de conservación, xestión e modernización a constituír no prazo de 15 días."

Emenda nº54, de Adición. Artigo 85 sexties.

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 85 *sexties*. Autorización da constitución e sinatura do convenio.

1. Unha vez verificada polo concello a correcta ratificación do proxecto de convenio, da vontade de constitución, dos estatutos, así como do nomeamento da Xunta Directiva, poderá autorizar a constitución da entidade mediante o acordo favorable do Pleno da corporación, adquirindo a entidade plena personalidade xurídica a partires do dito acordo.

2. O convenio de colaboración será o documento vinculante que regulará a relación entre a administración local e a entidade. A sinatura do convenio de colaboración deberá realizarse no prazo máximo dun mes dende o acordo municipal de autorización."

Emenda nº55, de Adición. Artigo 85 septies.



Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 85 *septies*. Vixencia.

A vixencia das entidades constituídas será sempre temporal. A duración inicial virá establecida no acordo de autorización e no convenio asinado polas persoas titulares co concello actuante, pero non poderá superar os vinte anos e, en todo caso, estará condicionada ao desenvolvemento efectivo do plan de actuación autorizado polo concello e na lexislación vixente en materia de réxime local e sector público."

Emenda nº56, de Adición. Artigo 85 octies.

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"Artigo 85 *octies*. Órganos da entidade.

1.O réxime de organización e funcionamento das entidades de conservación, xestión e modernización será desenvolto regulamentariamente no prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente lei.

2. As entidades de conservación, xestión e modernización terán, cando menos, os seguintes órganos:

a) De goberno: a asemblea xeral, a xunta directiva e a presidencia.

b) De administración: a xerencia.

c) De participación: foro consultivo que é o órgano de participación e consulta cos usuarios da área industrial onde se analizarán os ámbitos de xestión que lles afecten. O seu funcionamento e composición desenvolverase regulamentariamente e incluirá aos representantes dos traballadores da área xestionada."

Emenda nº57, ao apartado 1.a, de Adición. Artigo 87

Débese engadir o seguinte contido na letra a do punto 1 do artigo 87.

Despois de: "As achegas...", engadir: "obrigatorias".

Emenda nº58, ao apartado 1.d bis), de Adición. Artigo 87



Débese engadir unha nova letra no apartado 1 do artigo 87 que quedará redactada co seguinte contido.

"d *bis*) Doazóns"

Emenda nº59, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 88

Débese modificar no punto 3 do artigo 88 o seguinte contido. Onde di: "...utilidade directa, durante os dous primeiros anos desde...", debe dicir: "...utilidade directa, durante o primeiro ano desde..."

Emenda nº60, de Adición. Disposición adicional oitava bis.

Débese engadir unha nova disposición adicional que quedará redactada co seguinte contido.

"Disposición adicional oitava *bis*. Solo Empresarial do Atlántico e sector público estatal.

O disposto na disposición adicional oitava será tamén de aplicación ao Solo Empresarial do Atlántico e calquera outra entidade do sector público estatal."

Emenda nº61, de Adición. Disposición adicional décima primeira bis.

Débese engadir unha nova disposición adicional que quedará redactada co seguinte contido.

"Disposición adicional décimo primeira *bis*. Colaboración entre o sector público autonómico e do Estado.

O sector público autonómico e o do Estado poderán articular mecanismos de colaboración para o correcto desenvolvemento desta lei."

Emenda nº62, ao apartado Dous.1 bis), de Adición. Disposición derradeira segunda





Débese engadir na disposición derradeira segunda, no apartado Dous, no artigo 81 un novo punto que quedará redactado co seguinte contido.

"1 *bis*.1.Todas estas bonificacións recollidas no apartado precedente non serán de aplicación a aquelas que teñan a consideración de grandes empresas."

Emenda nº63, ao apartado Dous.2 bis), de Adición. Disposición derradeira segunda

Débese engadir na disposición derradeira segunda no apartado Dous no artigo 81 un novo punto que quedará redactado co seguinte contido.

"2 *bis*. Regulamentariamente estableceranse as fórmulas que permitan compensar aos concellos por todas as perdas económicas que lles supoña a adhesión á iniciativa galega de concellos emprendedores."

Emenda nº64, de Adición. Disposición derradeira cuarta bis.

Débese engadir unha nova disposición derradeira que quedará redactada co seguinte contido.

"Disposición derradeira cuarta *bis*. Modelo de Estatutos para as entidades de conservación, xestión e modernización.

A consellería competente en materia de solo empresarial aprobará, no prazo máximo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos modelo para as entidades de conservación, xestión e modernización e prestará aos seus órganos de goberno, como tamén ás comisións promotoras e ás persoas titulares dos bens inmoables situados na área industrial delimitada, a asistencia e o apoio necesarios para desenvolver estas fórmulas de participación."

Emenda nº65, de Modificación. Exposición de motivos

Débese modificar no terceiro parágrafo da epígrafe IV da exposición de motivos o seguinte contido.

Onde di: "...a sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. e os concellos para facilitar o desenvolvemento de solo...", debe dicir: "...a sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur,





S.A., a Sociedade Empresarial do Atlántico, así como calquera outro organismo pertencente ao sector público estatal e os concellos para facilitar o desenvolvemento do solo...".

Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/06/2022
15:25:11**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE ÁREAS
EMPRESARIAIS DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000014).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

No artigo 1 engadir despois de: “empresariais de Galicia”, o seguinte texto: “, así como definir as medidas de colaboración con outras administracións públicas para a promoción empresarial baixo criterios de sustentabilidade económica, social e ambiental.”

Emenda nº2, ao apartado 1, de Adición. Artigo 3

No apartado 1 do artigo 3 engadir despois de: “ou terciario”, o seguinte texto: “, así como do sector mixto agroindustrial.”

Emenda nº3, ao apartado 2, de Adición. Artigo 3

No apartado 2 do artigo 3 engadir despois de: “ou terciario”, o seguinte texto: “, así como do sector mixto agroindustrial.”

Emenda nº4, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 3

No apartado 3 do artigo 3 substituír o texto: “Para a declaración de interese autonómico destas actuacións terase en conta, en particular, a súa función vertebradora e estruturante do territorio, de impulso e de dinamización demográfica, a súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política sectorial autonómica de creación de solo empresarial, ou que a declaración de interese autonómico é necesaria para garantir a adecuada inserción no territorio das actuacións que constitúen o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos





correspondentes sen menoscabo da funcionalidade dos existentes ou a súa adaptación ao entorno no que se localicen.”, polo seguinte:

“A declaración de interese autonómico dunha área empresarial estará condicionada á coherencia da súa localización coas directrices de ordenación do territorio e co Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, coa rede básica de comunicacións, cunha estratexia de equilibrio territorial no conxunto do territorio e de compensación entre o peso poboacional e a oferta laboral das distintas áreas funcionais e cun uso racional do solo, que priorice a ocupación de solo baleiro ou en desuso, especialmente naquelas zonas de declive industrial ou en regresión demográfica. Así mesmo, a caracterización do conxunto da área empresarial debe responder a criterios de sostibilidade ambiental, social e económica, de integración paisaxística, así como aos criterios xerais da política galega industrial. Todos estes aspectos deberán estar debidamente xustificadas para acadar a declaración de interese autonómico.”

Emenda nº5, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 3

No apartado 3 do artigo 3 substituír o texto: “A declaración de interese autonómico deberá vir xustificada no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia ou, nos casos previstos no artigo 31, nos correspondentes plans estruturantes de ordenación de solo empresarial.”, polo seguinte:

“Estes criterios xerais serán debidamente regulados e concretados mediante o Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia. A declaración de interese autonómico deberá vir xustificada sobre estes criterios xerais e particulares recollidos no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, tanto para as áreas empresariais previstas no propio plan, como para aqueles casos excepcionais previstos no artigo 31.”

Emenda nº6, ao apartado a), de Adición. Artigo 4

Engadir no apartado a) do artigo 4, despois de: “equilibrio territorial”, o seguinte texto: “, coherencia coa estrutura urbana e territorial, diversificación de usos, integración paisaxística,”.



Emenda nº7, ao apartado a) bis), de Adición. Artigo 4

No artigo 4 engadir un novo apartado a) bis) co seguinte texto:

“a) bis). Desenvolvemento territorial acorde coa definición e as demandas específicas das distintas Áreas Funcionais, procurando así internalizar a maior parte dos fluxos residencia-traballo para acadar un maior grao de autosuficiencia das áreas e a racionalización nos usos do territorio.”

Emenda nº8, ao apartado c) bis), de Adición. Artigo 4

No artigo 4 engadir un novo apartado c) bis) co seguinte texto:

"c) bis). A consideración do solo como un recurso chave limitado, que esixe dun correcto coñecemento, dimensionamento e cuantificación do solo empresarial planificado, ocupado ou en desuso, e do condicionamento da nova demanda de solo empresarial, sempre que resulte apropiado, ao desenvolvemento de solo vacante ou á intensificación do xa existente.“

Emenda nº9, ao apartado i) bis), de Adición. Artigo 4

No artigo 4 engadir un novo apartartado i) bis) co seguinte texto:

"i) bis). Adopción de medidas especiais para unha transición xusta, como incentivar e fomentar aquelas áreas fortemente afectadas polo declive industrial ou en regresión demográfica.”

Emenda nº10, de Adición. Artigo 5

No título do artigo 5 engadir despois de: “solo empresarial” , o seguinte texto: “ dispoñible e previsto”.



Emenda nº11, de Adición. Artigo 5 bis)

Engadir un novo artigo 5 bis) co seguinte texto:

“Artigo 5 bis). Inventario do solo empresarial de Galiza.

1. O inventario de solo empresarial de Galiza é un rexistro público, que ten por obxecto coñecer o total do solo empresarial en Galiza co fin de facilitar a planificación do mesmo de acordo cos principios recollidos no artigo 4 desta lei.

2. O Instituto Galego de Vivenda e Solo elaborará un inventario co total do solo empresarial en Galiza, computando para iso aquel solo que conta coa aprobación definitiva. Dentro do mesmo clasificarase o solo segundo estean ocupados, incluíndo a estes efectos as áreas xa comprometidas para implantación de novas actividades, ou libres. Incluirá así mesmo información relativa ao tipo de promotor e actividades.

3. A información do inventario será actualizada cada dous anos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, quen deberá así mesmo elaborar un informe sobre as variacións respecto do período anterior e o grao de adecuación das mesmas respecto das previsións contempladas no Plan sectorial de ordenación de áreas

empresariais de Galiza que será remitido ao Parlamento de Galiza.

4. O acceso a esta información é público e estará tamén dispoñible mediante visores cartográficos.”

Emenda nº12, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

No apartado 1 do artigo 6 engadir despois de: “e terciario”, o seguinte texto: “, así como do sector mixto agroindustrial;”.

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

No apartado 1 do artigo 6 engadir despois de: “súas determinacións”, o seguinte texto: “, tanto para as novas áreas como para a mellora, adecuación e mobilización das xa existentes,”.



Emenda nº14, de Substitución. Artigo 7

Substituír o texto do artigo 7 polo seguinte:

“As áreas empresariais de Galicia distínguense baixo catro criterios de clasificación: grao de desenvolvemento, localización, tipoloxía e dotacións e servizos que ofrecen. Cada unha destas clasificacións realizarase de forma independente e simultánea para todas as áreas, de forma que permitan establecer unha análise, diagnóstico e proposta considerando cada un destes aspectos de forma independente ou combinada.

1. Clasificación segundo o grao de desenvolvemento.

- a) Áreas existentes, comprende aquelas áreas xa executadas, con ou sen actividade, distinguindo dentro das mesmas o seu grao de ocupación e actividade.
- b) Áreas en execución.
- c) Áreas previstas ou pendentes de desenvolvemento.

2. Clasificación segundo a súa localización dentro da estrutura territorial.

Establecerase con carácter previo unha división e delimitación do conxunto do territorio galego en Áreas Funcionais que definan os distintos mercados de traballo a partir da mobilidade residencia-traballo. Cada unha destas Áreas Funcionais abranguerá un conxunto de municipios nos que se logra obter un elevado nivel de autosuficiencia do seu mercado de traballo. Todas as áreas empresariais serán clasificadas pola súa localización dentro dalgunha das Áreas Funcionais definidas. Elaborarase un diagnóstico para cada Área Funcional de aspectos esenciais, entre outros, o marco físico, a estrutura urbana, a actividade económica, as tendencias demográficas, a rede de comunicacións, as reservas e previsións na demanda de solo. Estes factores serán chave para determinar a localización e implantación de novas áreas empresariais ou a modificación ou adecuación das existentes.

3. Clasificación segundo a especialización tipolóxica. Establecerase unha clasificación do tipo de área empresarial considerando, entre outros, os seguintes factores:

- a) actividade das empresas/organizacións establecidas nela,
- b) intensidade tecnolóxica das actividades desenvolvidas,





- c) grao de investimento en I+D+i a respecto do investimento realizado,
 - d) capacidade para a xeración de postos de traballo e calidade dos ditos postos.
 - e) calidade da definición comercial dos produtos/servizos ofertados polas empresas que se establezan nun plano local, comarcal, nacional ou internacional.
- Unha norma de rango regulamentario establecerá os indicadores e niveis para cada un dos ditos factores que concretarán e definirán cada unha das categorías mencionadas.
- Así mesmo establecerá uns criterios e prioridades en cuanto á dotación e servizos das que deben dispor cada unha destas.

4. Categorias segundo os servizos e dotacións prestadas.

Atendendo ás dotacións e servizos que presten as áreas empresariais, o seu grao de implicación ambiental e social ou de bo goberno das empresas clasificaranse en tres categorías:

- a) Área industrial básica. Son as que cumpren cos requisitos e os servizos básicos establecidos polo planeamento urbanístico e a normativa aplicable para este uso.
- b) Área industrial consolidada. Son aquelas áreas que ademais de cumprir os requisitos das básicas, teñen constituída a entidade de xestión, conservación e modernización das áreas empresariais, e dispoñen de alo menos cinco das dotacións e servizos definidas no apartado 1 do artigo 7 bis) e dúas das dotacións e servizos definidas no apartado 2 do mesmo artigo.
- c) Área industrial avanzada. Son aquelas que ademais de cumprir os requisitos das básicas, teñen constituída a entidade de xestión, conservación e modernización das áreas empresariais, e dispoñen de alo menos sete das dotacións e servizos definidas no apartado 1 do artigo 7 bis) e nove das dotacións e servizos definidas no apartado 2 do mesmo artigo."

Emenda nº15, de Adición. Artigo 7 bis)

Engadir un novo artigo 7 bis) co seguinte texto:

“Artigo 7 bis). Dotacións e servizos para a clasificación das áreas empresariais.

1. Prioritarias.

- Instalacións contra incendios cunha planificación suficiente e adecuada en toda a área.



- Accesos, viais e aparcamento acondicionados para vehículos de gran tonelaxe e para o conxunto das persoas traballadoras.
- Rede de telecomunicacións de banda ancha .
- Disponibilidade de suministro eléctrico en baixa e alta tensión.
- Plan de mobilidade implantado que garanta unha boa accesibilidade mediante transporte público.
- Plan de seguridade e emerxencias implantado.
- Saneamiento con rede separada de augas pluviais e augas residuais.
- Sistema propio de vixilancia e seguridade da área.
- Sistema de recollida selectiva e xestión de residuos baixo criterios de economía circular.
- Disponibilidade de suministro de gas.

2. Básicas.

- Xestión conxunta da enerxía.
- Servizos de apoio ao emprendemento.
- Espazo polivalente de uso compartido para reunións, formacións ou outros.
- Establecementos de restauración.
- Xardín da infancia.
- Equipamentos en saúde laboral.
- Establecementos de lecer u/ou deportivos.
- Iluminación pública con medidas de eficiencia enerxética.
- Sistema de reciclaxe de augas pluviais e de aproveitamento de augas grises.
- Infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos.
- Carril bici e mobilidade peonil que permita os desprazamentos sen vehículo a motor.
- Zonas verdes comúns, superiores ao esixido pola normativa urbanística que inclúan mobiliario urbano e vexetación.
- Xerencia profesionalizada.
- Directorio de empresas.
- Servizos de mensaxería integrados. “

Emenda nº16, de Adición. Artigo 7 ter)

Engadir un novo artigo 7 ter) co seguinte texto:

“Artigo 7 ter). Distintivo de sostibilidade.

1. As áreas empresariais que contén cunha estratexia avanzada e innovadora en cuanto á minimización do seu impacto ambiental e na redución do consumo de recursos, recibirán o distintivo de área empresarial sostible.



2. A declaración de área empresarial sostible realizarase polo cumprimento de alomenos un dos seguintes criterios:

- A área dispón dun modelo de redución do consumo de enerxía, a través de alternativas como as redes eléctricas pechadas ou mediante comunidades estratéxicas.
- A área dispón dun programa de economía circular estruturada na que se procura unha simbiose industrial a través do aproveitamento dos residuos, e/ou subprodutos entre os que se inclúen a enerxía, a auga, a loxística ou os materiais dun proceso como materia prima ou recurso para outra da mesma área. Procurando así crear colaboracións innovadoras entre empresas e un uso máis eficiente dos recursos.
- A área dispón de solucións innovadoras na edificación e urbanización que conseguen un desenvolvemento sostible e unha elevada eficiencia enerxética."

Emenda nº17, de Adición. Artigo 7 quater)

Engadir un novo artigo 7 quater) co seguinte texto:

“Artigo 7 quater). Instrumentos para a mellora, adecuación e rexeneración das áreas empresariais de Galiza.

1. A Xunta de Galiza, a través da consellería competente, publicará anualmente unha convocatoria de axudas dirixidas á mellora e modernización das áreas industriais de Galicia, co obxectivo de asegurar a calidade das mesmas.

2. Poderán ser beneficiarios destas axudas os concellos e as entidades de xestión, conservación e modernización das áreas empresariais.

3. Terán prioridade no financiamento aquelas dotacións e servizos clasificadas como prioritarias no apartado 1 do artigo 7 bis).

4. A través da convocatoria de axudas, a Xunta de Galiza destinará recursos específicos para aquelas áreas empresariais que contén co distintivo de sostibilidade ou que mediante a axuda pretendan financiar actuacións destinadas a obter este distintivo. Con isto perséguese fomentar as boas prácticas e a innovación nos modelos de áreas empresariais.



5. A convocatoria de axudas destinará recursos específicos para cada unha das tipoloxías de áreas empresariais definidas no artigo 7, priorizando investimentos naquelas nas que exista un maior componente de innovación e desenvolvemento tecnolóxico e dixital.

6. Así mesmo a Consellería destinará recursos específicos co fin de sensibilizar, impulsar e dar asistencia técnica ás entidades de xestión, conservación e modernización das áreas empresariais, co fin de impulsar un modelo de boas prácticas na xestión e comercialización das mesmas.

7. As áreas industriais avanzadas contarán cun especial impulso por parte da Consellería competente na súa promoción exterior e nos eventos e relacións comerciais."

Emenda nº18, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 9

No artigo 9 suprimir o apartado 1.

Emenda nº19, de Adición. Artigo 9 bis)

Engadir un novo artigo 9 bis) co seguinte texto:

"Artigo 9 bis). Un proxecto de futuro baseado nas fortalezas do territorio.

Os instrumentos de planificación e ordenación de áreas empresariais deberán definir e ser coherentes cun modelo territorializado que poña en valor as fortalezas e a posición xeopolítica do territorio galego. Para iso desenvolverán directrices e medidas específicas que contribúan aos seguintes obxectivos:

1. Reforzar a cooperación territorial no marco da eurorrexión, así como o modelo de cooperación e complementariedade do propio sistema urbano galego, co fin de acadar vantaxes competitivas no contexto internacional. Fomentar igualmente as condicións específicas do enclave galego no Arco Atlántico.

2. Potenciar os sectores de excelencia que resulten estratéxicos para o modelo económico do país, a partir da análise das vantaxes competitivas do territorio. A especialización e a definición e caracterización das áreas



empresariais en base á dinámica existente no territorio é un factor importante é un factor que reforza a vantaxe competitiva.

3. As administracións públicas deben comprometerse en estimular e dinamizar aqueles proxectos específicos para cada área que atendan ás súas fortalezas.”

Emenda nº20, ao apartado 1, de Adición. Artigo 10

No apartado 1 do artigo 10 engadir despois de: “por obxecto”, o seguinte texto: “analizar, diagnosticar e”.

Emenda nº21, ao apartado 2, de Adición. Artigo 10

No apartado 2 do artigo 10 engadir despois de: “futuras actuacións”, o seguinte texto: “, tanto das áreas empresariais novas a desenvolver como das xa existentes”.

Emenda nº22, ao apartado d) bis), de Adición. Artigo 11

No artigo 11 engadir un novo apartado d) bis) co seguinte texto:

“d) bis). Diagnóstico para cada unha das Área Funcional de aspectos esenciais, entre outros, o marco físico, a estrutura urbana, a actividade económica, as tendencias demográficas, a rede de comunicacións, as reservas e previsións na demanda de solo empresarial. Este diagnóstico permitirá determinar criterios de localización e implantación de novas áreas empresariais ou a modificación ou adecuación das existentes para cada unha das Áreas Funcionais”.

Emenda nº23, ao apartado e) bis), de Adición. Artigo 11

No artigo 11 engadir un novo apartado e) bis) co seguinte texto:

“e) bis). Diagnóstico do estado actual das áreas empresariais existentes e proposta de actuacións e medidas para a





mobilización de solo vacante. Distinguindo, primeiro, o solo pendente de executar o cal deberá someterse a un estudo previo de mercado que permita establecer usos potenciais e prioritarios e axustar a oferta á demanda. Segundo, o solo urbanizado e /ou ocupado sen actividade en cuxo caso de avaliar as condicións da súa comercialización para propor medidas sobre estas parcelas que impulsen a súa mobilización e eviten o desuso voluntario con carácter especulativo."

Emenda nº24, ao apartado h) bis), de Adición. Artigo 11

No artigo 11 engadir un novo apartado h) bis) co seguinte texto:

"h) bis). Análise e prescrición de criterios e medidas para impulsar unha mobilidade sostible en todas as áreas empresariais, tanto en termos de accesibilidade ás grandes infraestruturas, preferentemente por medios alternativos ao tráfico rodado, como na mellora da comunicación e articulación co entorno inmediato que faciliten os desprazamentos residencia-traballo, incorporando a perspectiva de xénero."

Emenda nº25, ao apartado a).4ª bis), de Adición. Artigo 12

Engadir un novo subapartado 4º bis) no apartado a) do artigo 12 co seguinte texto:

"4º bis). A xustificación da idoneidade das actuacións de mellora, adecuación ou renovación das áreas xa existentes, o posible redeseñamento ou calquera outra actuación sobre os solos vacantes ou a intensificación en solos xa existentes."

Emenda nº26, ao apartado a).6º, de Adición. Artigo 12

No subapartado 6º do apartado a) do artigo 12 engadir despois de: "especialmente", o seguinte texto: "sobre cada unha das Áreas Funcionais,"





Emenda nº27, ao apartado d), de Adición. Artigo 12

No apartado d) do artigo 12 engadir despois de: “planos de información”, o seguinte texto: “,os planos coa clasificación do conxunto de áreas recollidas no plan, segundo os tres criterios establecidos no artigo 7”.

Emenda nº28, de Adición. Artigo 12 bis)

Engadir un novo artigo 12 bis) co seguinte texto:

“Artigo 12 bis). Mecanismos de participación.

1. Para facilitar a expresión da cidadanía en xeral e dos sectores afectados en particular, na fase de redacción deste instrumento de ordenación territorial, sempre con anterioridade á elaboración do borrador definitivo, a Administración Pública de Galicia fomentará o proceso de participación que permita o intercambio de ideas, o diálogo e a reflexión colectiva.

2. Durante o período de información pública obrigatorio, poderán formularse alegacións.

3. Unha vez aprobados os instrumentos e co obxectivo de garantir o control da cidadanía, as autoridades públicas competentes deben actuar con transparencia procurando establecer para tal fin mecanismos para a rendición de contas.”

Emenda nº29, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 13

Suprimir o apartado 3 do artigo 13.

Emenda nº30, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 15

No apartado 1 do artigo 15 substituír: “dous meses, por: “tres meses”.

Emenda nº31, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 15



No apartado 1 do artigo 15 substituír: “trinta días hábiles”, por: “2 meses”.

Emenda nº32, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 16

No apartado 3 do artigo substituír: “trinta días hábiles”, por: “2 meses”.

Emenda nº33, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 16

No apartado 6 do artigo 16 substituír: “trinta días hábiles”, por: “3 meses”.

Emenda nº34, de Modificación. Artigo 23

No artigo 23 substituír: "dun mes", por: "de 10 días".

Emenda nº35, ao apartado b), de Substitución. Artigo 23

Substituír o texto do apartado b) do artigo 23 polo seguinte:

“b) O contido íntegro do plan será accesible e público na súa totalidade, incluíndo tanto a documentación escrita como a documentación gráfica.

A información cartográfica, deberá integrarse no Sistema de información territorial de Galicia e estar dispoñible para a súa consulta pública mediante visores e descarga.”

Emenda nº36, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 25

No artigo 25 suprimir o apartado 3.

Emenda nº37, de Modificación. Artigo 27



No artigo 27 substituír: “nesta lei para a aprobación daquel.”,
por: “na Lei 1 /2021, do 8 de xaneiro, de
ordenación do territorio de Galicia para a aprobación dos plans
sectoriais.”

Emenda nº38, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 28

No apartado 5 do artigo 28 substituír: “nesta lei para a
aprobación do Plan sectorial de ordenación de áreas
empresariaiss de Galicia.”, por: “na Lei 1 /2021, do 8 de
xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia para a
aprobación dos plans sectoriais.”

Emenda nº39, ao apartado 7, de Modificación. Artigo 28

No apartado 7 do artigo 28 substituír: “20 días hábiles”, por: “1
mes”.

Emenda nº40, ao apartado 1, de Adición. Artigo 29

No apartado 1 do artigo 29 engadir despois de: “creación de
solo empresarial”, o seguinte texto: “, así como as actuacións
de adecuación, mellora ou renovación das áreas xa existentes,
calquera outra actuación sobre os solos vacantes ou a
intensificación en solos xa existentes.”

Emenda nº41, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 29

No apartado 2 do artigo 29 suprimir o seguinte texto: “ou a
planificación e ordenación daquelas outras actuacións,
igualmente de promoción pública, que, sen estar previstas no
devandito plan, poidan delimitarse de acordo co establecido no
artigo 31.”



Emenda nº42, ao apartado 3, de Adición. Artigo 29

No apartado 3 do artigo 29 engadir despois de: “creación de solo empresarial”, o seguinte texto: “, así como as actuacións de adecuación, mellora ou renovación das áreas xa existentes, calquera outra actuación sobre os solos vacantes ou a intensificación en solos xa existentes.”

Emenda nº43, de Supresión. Artigo 31

Suprimir o artigo 31.

Emenda nº44, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 33

No apartado b) do apartado 1 do artigo 33 suprimir o seguinte texto: “, de ser o caso, ou delimitación do ámbito no suposto dun plan estruturante de ordenación do solo empresarial non previsto naquel.”

Emenda nº45, ao apartado 1.j) bis), de Adición. Artigo 33

No apartado 1 do artigo 33 engadir un novo subapartado j) bis) co seguinte texto:

“j) bis). A planificación e desenvolvemento de sistemas de mobilidade sustentábeis de baixas emisións que garantan unha maior equidade territorial e que teña en conta a perspectiva de xénero.”

Emenda nº46, ao apartado 1.j) ter), de Adición. Artigo 33

No apartado 1 do artigo 33 engadir un novo subapartado j) ter) co seguinte texto:

“j) ter). A adecuación e planificación das infraestruturas de xeración, captación ou distribución de enerxía e auga e as relativas ás tecnoloxías da información e a comunicación, definindo criterios de localización e características funcionais,





que minimicen o consumo de solo e de recursos e que favorezan un modelo de eficiencia enerxética e de economía circular mediante simbiose industrial. “

Emenda nº47, ao apartado 2.a), de Supresión. Artigo 33

No apartado 2 do artigo 33 suprimir o subapartado a).

Emenda nº48, ao apartado 2.b), de Supresión. Artigo 33

No apartado 2 do artigo 33 suprimir o subapartado b).

Emenda nº49, ao apartado 2.d), de Adición. Artigo 33

No subapartado d) do apartado 2 do artigo 33 engadir despois de: “materiais autóctonos e”, o seguinte texto: “ o deseño para unha elevada eficiencia enerxética da edificación, así como a redución dos residuos e o emprego”.

Emenda nº50, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 35

No subapartado b) do apartado 1 do artigo 35 suprimir o seguinte texto: “, no caso dos plans que planifiquen e ordenen actuacións non previstas no devandito plan sectorial. Neste último caso incluírase tamén unha análise de compatibilidade estratéxica para garantir a coherencia da planificación en cadoiro e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos adversos que o proxecto poida xerar no medio ambiente.”

Emenda nº51, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 37

No artigo 37 suprimir o apartado 4.



Emenda nº52, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 38

No apartado 3 do artigo 38 substituír: “trinta días hábiles”, por: “2 meses”.

Emenda nº53, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 38

No apartado 6 do artigo 38 substituír: “20 días hábiles”, por: “2 meses”.

Emenda nº54, ao apartado 7, de Modificación. Artigo 38

No apartado 7 do artigo 38 substituír: “20 días hábiles”, por: “2 meses”.

Emenda nº55, de Supresión. Artigo 39

Suprimir o artigo 39.

Emenda nº56, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 41

No artigo 41 suprimir o subapartado c) do apartado 1.

Emenda nº57, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 48

Suprimir o apartado 3 do artigo 48.

Emenda nº58, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 58



No artigo 58 suprimir o apartado 3.

Emenda nº59, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 74

Engadir un novo apartado 1 bis) no artigo 74 co seguinte texto:

“1 bis). O Instituto Galego de Vivenda e Solo e a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. Establecerá unha bonificación de até o 100% no prezo de venda, adxudicación en dereito de superficie con opción a compra para aqueles proxectos que contén cunha participación pública de máis do 51% terán dereito a unha bonificación de até o 100% do prezo, que ficará condicionado á permanencia da maioría pública da empresa.”

Emenda nº60, ao apartado 1 ter), de Adición. Artigo 74

Engadir un novo apartado 1 ter) co seguinte texto:

“1 ter). O Instituto Galego de Vivenda e Solo e a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. Establecerá unha bonificación de até o 25% no prezo de venda, adxudicación en dereito de superficie con opción a compra ou aluguer para aqueles proxectos que se acollan a algúns dos supostos recollidos nos apartados 1 c) bis), 1 c) ter), 1 c) quater) e 1 c) quinquies) do artigo 75 desta lei.”

Emenda nº61, ao apartado 1.c) bis), de Adición. Artigo 75

No apartado 1 do artigo 75 engadir un novo apartado 1) c) bis) co seguinte texto:

“c) bis). Os proxectos que contén cunha participación pública de alo menos o 25%, ou que formen parte do Terceiro Sector ou da Economía Social.”

Emenda nº62, ao apartado 1.c) ter), de Adición. Artigo 75





No apartado 1 do artigo 75 engadir un novo apartado 1) c) ter) co seguinte texto:

“c) ter). A súa vontade de localizarse en áreas afectadas pola reconversión industrial e pola transición ecolóxica.”

Emenda nº63, ao apartado 1.c) quater), de Adición. Artigo 75

No apartado 1 engadir un novo subapartado c) quater) co seguinte texto:

“c) quater). O seu papel especial en sectores industriais de futuro, que destaque pola súa aportación en I+D e polo fomento da investigación, ou pola súa especial relevancia no eido da transformación dixital.”

Emenda nº64, ao apartado 1.c) quinquies), de Adición. Artigo 75

No apartado 1 do artigo 75 engadir un novo subapartado c) quinquies) co seguinte texto:

“c) quinquies). Un especial interese no campo da bioeconomía e a economía circular ao promover un uso eficiente dos recursos, mediante procesos industriais máis limpos e a aplicación de novas tecnoloxías.”

Emenda nº65, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 75

No artigo 75 engadir un novo apartado 1 bis) co seguinte texto:

“1 bis) Os proxectos empresariais singulares deben cumprir os seguintes condicionantes para a súa declaración:

- a) Resultar coherente cos criterios de loita contra o cambio climático e o desenvolvemento sostible.
- b) Aportar valor social e económico dentro da Área Funcional na que se localiza.





c) Integración paisaxística e ambiental no ámbito concreto no que se localiza.

A declaración de proxectos empresariais singulares deberá vir debidamente xustificada no cumprimento das circunstancias do apartado 1 e os condicionantes deste apartado 1 bis)."

Emenda nº66, de Adición. Artigo 76 bis)

Engadir un novo artigo 76 bis) co seguinte texto:

“Artigo 76 bis). Áreas empresariais de transición xusta.

1. Poderán acadar a condición de áreas empresariais de transición xusta todas aquelas que estean ubicadas en ámbitos especialmente afectados negativamente polas transformacións consecuencia da transición ecolóxica. Para acadar esta consideración terase en conta o impacto do fin das actividades previas en termos de emprego para o conxunto da Área Funcional.

2. A Xunta de Galiza impulsará medidas e actuacións específicas co obxectivo de lograr a descontaminación dos solos, no caso de ser preciso, e a súa reutilización para novas actividades. Entre as cais inclúense o establecemento de convenio específicos entre as Administracións Públicas e as empresas saíntes, ben para a recuperación pública do solo, ben para o deseño do proxecto de renovación das áreas e a adecuación de infraestruturas, dotacións e servizos ás novas necesidades.

3. Aquelas empresas que se localicen en áreas empresariais de transición xusta, en parcelas resultado dun proceso de renovación, poderán optar a condicións especiais de acceso cando comprometan unha porcentaxe mínima de recolocación do persoal afectado polo peche das industrias previas localizadas na mesma área. Así mesmo estableceranse condicións especiais de acceso ás parcelas para aquelas empresas que participen en programas de formación para o alumnado de Formación Profesional e/ou universitario das localidades que integren a Área Funcional na que se localice a área empresarial de transición xusta. “



Emenda nº67, de Supresión. Disposición adicional segunda

Suprimir a Disposición adicional segunda.

Emenda nº68, de Modificación. Disposición adicional cuarta

Na Disposición adicional cuarta substituír o texto: “polo que non será necesaria a declaración do interese autonómico nin a modificación do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia para incluír nel o ámbito da ampliación”, polo seguinte:

“, polo que deberán axustarse ás condicións establecidas no apartado 3 do artigo 30 desta lei.”

Emenda nº69, de Adición. Disposición transitoria sexta

Engadir unha nova Disposición transitoria sexta co seguinte texto:

"Disposición transitoria sexta.

A Xunta de Galicia establecerá, no prazo dun ano, un Mapa de Áreas Funcionais de Galicia, elaborado cos datos do último Censo de Habitantes e as Estatísticas oficiais de emprego, en coherencia coas determinacións recollidas nas Directrices de Ordenación do Territorio; que servirá de base para establecer os criterios para a determinación das áreas empresariais de interese autonómico promovidas ao abeiro dos instrumentos sectoriais de ordenación de áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia”

Emenda nº70, ao apartado Un, de Substitución. Disposición derradeira segunda

Substituír no apartado Un da Disposición derradeira segunda o texto relativo ao artigo 12 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, polo seguinte:



“Artigo 12. Adhesión dos concellos ao Sistema de Atención ao Investimento.

Poderá incorporarse ao Sistema de Atención ao Investimento calquera concello galego no momento que o considere, mediante adhesión ao convenio referido no Artigo 10 desta lei.”

Emenda nº71, ao apartado Dous, de Substitución. Disposición derradeira segunda

Substituír no apartado Dous da Disposición derradeira segunda no que se introduce un novo título VI na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o texto relativo ao apartado b) do artigo 79, polo seguinte:

“Artigo 79 b) Que alomenos a metade do solo das áreas empresariais do concello estean clasificadas como área empresarial avanzada ou que a totalidade do mesmo acade, como mínimo a clasificación, de área industrial consolidada.”

Emenda nº72, ao apartado Dous, de Adición. Disposición derradeira segunda

No apartado Dous da Disposición derradeira segunda no que se introduce un novo título VI na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, no apartado b) do artigo 80 engadir despois de: “estean ubicadas”, o seguinte texto: “e estarán condicionadas ao mantemento da actividade empresarial, durante alo menos 3 anos e á xeración e mantemento de emprego de calidade.”

Emenda nº73, ao apartado Dous, de Supresión. Disposición derradeira segunda

Suprimir no apartado Dous da Disposición adicional segunda no que se introduce un novo título VI na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o texto relativo ao artigo 81.



Emenda nº74, ao apartado Dous, de Modificación. Disposición derradeira segunda

Substituír no apartado Dous da Disposición derradeira segunda no que se introduce un novo título VI na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o texto referido ao apartado 2 do artigo 84, polo seguinte:

“Tanto nas convocatorias de subvención e axudas para a mellora, adecuación e rexeneración das áreas empresariais de Galiza definidas no artigo 7 ter) da Lei... de Áreas Empresariais de Galicia..., destinadas aos concellos galegos, como na convocatoria de axudas a concellos para a creación de novo solo empresarial, preveranse nas bases da convocatoria un criterio de valoración específico, que supoña o vinte por cento do total, a favor das actuacións realizadas por concellos emprendedores.”

Emenda nº75, ao apartado Dous, de Supresión. Disposición derradeira segunda

No apartado Dous da Disposición derradeira segunda no que se introduce un novo título VI na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, suprimir o texto do apartado 3 do artigo 84.

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/06/2022 16:58:33

Ana Pontón Mondelo na data 30/06/2022 16:58:48



EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000014).

Emenda nº1, de Adición. Artigo 89 bis

Engadir un novo artigo, co seguinte texto:

"Comisión de coordinación da xestión de áreas empresariais de Galicia

1. Créase unha comisión paritaria para a coordinación da xestión de áreas empresariais de Galicia, integrada por, cando menos, dúas persoas en representación da Xunta de Galicia, nomeadas pola consellería competente en materia de solo empresarial, dúas persoas designadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e outras dúas en representación da Federación Galega de Parques Empresariais (Fegape) co obxectivo de unificar criterios de actuación e a elaboración de directrices orientativas de funcionamento das entidades de conservación, xestión e modernización de áreas empresariais.

2. Ás xuntanzas desta comisión poderán asistir as persoas que poidan ser propostas polas entidades integrantes dela en virtude dos seus coñecementos técnicos ou da súa experiencia profesional. Así mesmo, poderán asistir persoas representantes das comunidades de persoas propietarias das parcelas dun área empresarial ou das entidades asociativas de xestión da área de solo ou das entidades de conservación, xestión e modernización de áreas empresariais, cuxa participación se considere oportuna.

3. Na designación das persoas representantes da comisión de coordinación da xestión de áreas empresariais de Galicia respectarase o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes."

Emenda nº2, de Adición. Disposición derradeira cuarta bis

Engásede unha nova disposición derradeira co seguinte texto:



"Disposición derradeira cuarta bis. Modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Un. Modifícase o artigo 78 do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, que queda redactado como segue:

<< Artigo 78. Delimitación.

Poderán ser declarados proxectos industriais estratéxicos, coa excepción dos proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, aquelas iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación o execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica o social, sempre que cumpran, cando menos, dous dos seguintes requisitos:

- a) Que supoñan un volume de investimento mínimo de vinte millóns de euros.
- b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de cen postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa.
- c) Que complementen cadeas de valor ou que pertencen a sectores considerados estratéxicos e estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento «instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU».>>

Dous. Modifícase o artigo 79 do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, que queda redactado como segue:

<< Artigo 79. Procedemento de declaración

1. O procedemento para a declaración dunha iniciativa empresarial como proxecto industrial estratéxico iníciase mediante solicitude da empresa interesada dirixida á consellería competente en materia de industria, achegando a seguinte documentación:

- a) O proxecto de implantación ou de ampliación da instalación industrial, incluíndo a regulamentación detallada do uso pormenorizado, volume, características técnicas e funcionais e condicións de deseño e adaptación ao ambiente.





b) Unha memoria na que se xustifique:

1º. A forma en que a proposta, de ser realizada, dará lugar a unha expansión significativa do tecido industrial galego ou á consolidación deste.

2º. A viabilidade económico-financeira da actuación.

c) A delimitación do ámbito territorial afectado e a análise da relación do contido do proxecto co planeamento urbanístico vixente, coas directrices de ordenación do territorio, mediante a correspondente análise de compatibilidade estratéxica, e con outros instrumentos de ordenación do territorio vixentes no ámbito obxecto da actuación.

d) Documentación gráfica a unha escala axeitada para a correcta lectura e difusión do seu contido.

e) Descrición das posibles afeccións ambientais do proxecto.

2. A consellería someterá a solicitude presentada coa documentación que a acompaña a informe da consellería competente en materia de ordenación do territorio sobre a coherencia entre a actuación proxectada e as previsións contidas nos instrumentos de ordenación do territorio vixentes no ámbito.

Así mesmo, a consellería remitirá a solicitude presentada coa documentación que a acompaña ao concello ou concellos nos que se pretenda desenvolver o proxecto, para que no prazo de quince días emita informe sobre a súa conformidade o desconformidade co planeamento urbanístico en vigor.

Igualmente, poderá solicitar das consellerías e entidades do sector público autonómico competentes todos os informes que estime convenientes ou necesarios para motivar a súa proposta sobre o carácter estratéxico do proxecto industrial.

3. Vistos os informes previstos no número anterior, e sempre que se cumpran, cando menos, dous dos tres requisitos establecidos no artigo 78, a persoa titular da consellería, se se estima que concorre o carácter estratéxico do proxecto industrial, poderá elevar unha proposta ao Consello da Xunta de Galicia para a súa declaración como proxecto industrial estratéxico.

No caso de que a consellería considere que non se compren os requisitos aludidos no parágrafo anterior, ou non considera que o proxecto teña carácter estratéxico, procederá a ditar resolución desestimando a solicitude.

4. A declaración como proxecto industrial estratéxico produce os seguintes efectos:

a) A aplicación de oficio da tramitación conxunta prevista no artigo 27 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, e o carácter prioritario da tramitación por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das



entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia dos procedementos administrativos necesarios para a aprobación do proxecto e as súas infraestruturas necesarias.

b) A xustificación da concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos respectivos procedementos necesarios para a aprobación do proxecto, que suporá a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos, e aqueles taxados por normativa estatal básica que non poidan ser obxecto de redución.

c) A declaración de interese autonómico e a declaración de prevalencia sobre o planeamento urbanístico vixente.

d) A non suxeición aos títulos habilitantes urbanísticos de competencia municipal.

e) A posibilidade de adxudicación directa de solo empresarial promovido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou por empresas públicas participadas por este que teñan entre os seus obxectos a creación de solo empresarial, nas condicións establecidas pola normativa sectorial.

f) A posible concesión de subvencións sen concorrencia competitiva, de acordo co disposto na lexislación de subvencións.>>

Tres. Modifícase o artigo 80 do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, que queda redactado como segue:

<< Artigo 80 Procedemento de aprobación do proxecto

1. Logo da declaración polo Consello da Xunta do proxecto industrial estratéxico a consellería competente por razón da materia requirirá á empresa interesada a presentación de toda a documentación esixida pola normativa de aplicación, en virtude das esixencias legais derivadas da instalación e das infraestruturas proxectadas e, en particular, para efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2021, do 8 de xaneiro:

a) No caso de existir modificacións sobre o proxecto de implantación ou de ampliación da instalación industrial tido en conta para a declaración, presentarase o proxecto que as inclúa. Estas modificacións non serán substanciais, no sentido de que non poderán afectar ás razóns que determinaron a súa declaración como proxecto industrial estratéxico.

b) A documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa reguladora dos actos de control integrados no procedemento, no seu caso.





c) A memoria descritiva detallada das características técnicas das infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto do proxecto.

d) As medidas necesarias e suficientes para garantir a adecuada conexión do ámbito cos sistemas xerais exteriores existentes e, de ser o caso, a ampliación ou reforzo dos devanditos sistemas, resolvendo os enlaces coas estradas ou vías actuais e coas redes de servizos de abastecemento de auga e saneamento, subministración de enerxía eléctrica, telecomunicacións, gas e outros.

e) De resultar preciso, o documento ambiental necesario para a avaliación ambiental do proxecto, segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma básica estatal que a substitúa.

f) A relación detallada dos bens e dereitos afectados, describíndoos na forma que determina o artigo 17 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa, no caso de solicitarse a declaración de utilidade pública ou interese social, en concreto, da instalación.

3. O órgano responsable da tramitación, recibida a documentación completa esixida no punto 2, someterá a información pública polo prazo de 30 días hábiles o proxecto de execución e, simultaneamente, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e, de ser o caso, no Portal de transparencia e goberno aberto.

Caso de se solicitar a declaración de utilidade pública ou interese social, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

4. Simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano responsable da tramitación efectuará a petición de todos os informes ás administracións e aos órganos sectoriais afectados, tanto os esixidos pola normativa reguladora da autorización sectorial como os esixidos para os efectos da tramitación ambiental.

En particular, no caso de que sexa preceptivo, de acordo co establecido na normativa de prevención e control integrados da contaminación, o informe urbanístico do concello ou concellos afectados, estes informes terán en conta a declaración de prevalencia sobre o planeamento urbanístico vixente establecida na letra c) do artigo 79.4.

Nomeadamente, cando o proxecto afecte terreos que, de conformidade coa lexislación urbanística, deban ser clasificados como solo rústico de especial protección, esixirase o informe favorable do organismo que teña a competencia sectorial por razón do valor obxecto de protección.



5. A persoa titular da consellería competente por razón da materia, logo de informe da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, elevará o expediente ao Consello da Xunta, que decidirá se procede a aprobación do proxecto industrial estratéxico.>>

Catro. Modifícase o artigo 81 do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, que queda redactado como segue:

<< «Artigo 81.Efectos da aprobación dos proxectos industriais estratéxicos

1. A aprobación dos proxectos industriais estratéxicos produce os seguintes efectos:

a) A declaración de utilidade pública ou de interese social, en concreto, do proxecto industrial estratéxico e das súas infraestruturas asociadas, para os efectos expropiatorios, a prevalencia sobre outras utilidades públicas, así como a necesidade e a urxencia da ocupación dos bens e dos dereitos afectados e o recoñecemento ao suxeito promotor do proxecto da condición de beneficiario da expropiación.

b) A imposición ou a ampliación de servidume de paso para as vías de acceso, as liñas de transporte e distribución de enerxía e as canalizacións de líquidos ou gases, de ser o caso, de conformidade coa normativa que as regule.

2. As determinacións contidas nos proxectos industriais estratéxicos terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente.>>”

Emenda nº3, de Adición. Disposición derradeira cuarta ter

Engásedese unha nova disposición derradeira co seguinte texto:

”Disposición derradeira cuarta ter. **Modificación da Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia.**

Modifícase o apartado 2 do artigo 42 da Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, engadindo in fine, un segundo parágrafo que queda redactado como segue:

« Así mesmo, poderanse considerar iniciativas empresariais prioritarias, os proxectos regulados na lei 8/2009, do 22 de





decembro, que contén con permiso de acceso e conexión firme e vixente e infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas, cuxos promotores subscriban un acordo directo de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo cunha empresa con centro de traballo con actividade industrial no territorio da comunidade autónoma de Galicia, vinculado aos devanditos proxectos e ao centro de traballo determinado de que se trate, e garantindo polo menos o 50% da súa produción de enerxía.»"

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/06/2022 18:20:03



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Lei estatal de residuos e solos contaminados, Lei 7/2022 establece no seu articulado un novo prazo para a recollida separada dos biorresiduos domésticos, a partir de xullo de 2022, para entidades locais con máis de 5.000 habitantes, e a partir de 2024 para o resto dos municipios; e aos residuos téxtiles, aceites de cociña usados, residuos domésticos perigosos e residuos voluminosos a partir de 2025, por outra banda os residuos de construción e demolición deberán clasificarse por materiais, preferentemente na orixe a partir de 2022, e a demolición deberá ser selectiva a partir de 2024.

Esta lei supón unha das principais pezas legislativas para impulsar a economía circular en España e foi incluída como unha das reformas estruturais do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Para poder cumprir os obxectivos marcados nesta lei o Goberno asignou 992 millóns de euros do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinados a apoiar tanto ás administracións públicas como ao sector empresarial. Unha destas liñas de actuación é o Plan de apoio á implementación da normativa de residuos mediante territorialización de fondos á Comunidade Autónoma para paliar o déficit de investimento acumulado en xestión de residuos, nomeadamente as seguintes cantidades:

- 416,25 M€ en 2021
- 175M€ en 2022
- 50 M€ en 2023

Galicia recibiu no ano 2021 un total de 22,79 millóns de euros do Plan de Recuperación, dos orzamentos do MITECO e con cargo ao Plan de Impulso ao Medio Ambiente de Economía Circular e ao Programa de Mellora de Xestión de Residuos Municipais, para financiar estes proxectos de mellora de xestión de



residuos de competencia municipal, con especial atención á recollida separada e tratamento de biorresiduos.

O pasado 7 de xuño o Consello de Ministros, a petición do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), acordou as bases reguladoras para repartir 176,5 millóns de euros ás comunidades e cidades autónomas. Novos fondos, que complementan aos xa transferidos en 2021 e que permitirán implantar novas recollidas separadas, construír e mellorar instalacións de tratamento de preparación para a reutilización e de reciclado. A Galicia segundo o reparto equitativo, que ten en conta o volume de residuos xerados en cada territorio, a súa situación respecto ao cumprimento dos obxectivos comunitarios e a súa densidade de poboación lle corresponden 9.888.077,34 €

As bases reguladoras da convocatoria destas novas axudas apenas inclúen cambios con relación ás bases reguladoras de 2021, co fin de facilitar ás comunidades autónomas a súa tramitación e os fondos serán transferidos tras a próxima Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista poñemos en valor todo o esforzo que está a facer o Goberno central para cumprir estes obxectivos de reciclaxe que non están a ser tidos en conta polo goberno da Xunta de Galicia que no canto de sumarse a esta estratexia dedícase a obstaculizar a implantación da mesma no noso territorio.

O Goberno galego no mes de decembro do ano 2021 publicou unha convocatoria de axudas aos concellos para a adquisición de colectores marróns de fracción orgánica e poder implantar esta recollida separada dos biorresiduos. Nesta convocatoria establecíase o prazo de un mes para presentar as solicitudes que posteriormente ampliouse ata o mes de marzo.

Pero a pesar de ter finalizado o prazo de presentación de solicitudes no mes de marzo ata a pasada semana o goberno da Xunta non resolveu as mesmas e foi despois de que o Goberno do Estado lle reprochara esta inactividade e a necesidade de repartir estes fondos.

A actitude deste Goberno responde a uns intereses espurios, xa que non se pode conceder aos concellos unhas axudas para a adquisición de colectores marróns semanas antes de que venza o prazo legal para ter que cumprir a implantación dos



mesmos e agora reclamar ao Estado un aumento do prazo legal para esta implantación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como xustifica este Goberno a demora de 6 meses na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada dos biorresiduos?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/06/2022 08:43:54

Pablo Arangüena Fernández na data 27/06/2022 08:44:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** relativa ás medidas a tomar na canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Silleda, a escasos metros do ría Toxa e da súa Ferverza inseridos na Rede Natura 2000 Sistema Fluvial do Ulla-Deza, está situado nunha antiga canteira un vertedoiro de residuos de construción e demolición.

Entrou en funcionamento en 2002 despois dun investimento por parte da Consellaría de Medio Ambiente de máis de 200.000€ para o seu acondicionamento. Tiña unha capacidade de almacenamento de 395.000 TN ampliables a case 500.000 e foi xestionado, inicialmente, pola empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo, do Grupo Indeza.

Tratábase dun proxecto de rexeneración dunha antiga canteira no que os residuos vertidos nela debía cumprir os requisitos legais. Estes non poderían ser solúbeis nin combustíbeis nin outro tipo de materiais que en contacto con outros puideran ocasionar danos para a saúde e o medio ambiente. Para cumprir estes requisitos era imprescindible un estrito control na recepción dos residuos para a caracterización dos mesmos, a clasificación, a separación dos impropios e a entrega a xestor autorizados dos mesmos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 2008 os veciños do lugar presentan alegacións en contra da solicitude de autorización ambiental integrada (AAI) para a legalización da actividade entre outras cousas, por non contar co requisito de impermeabilización que esixe o RD.1481/2001 para este tipo de residuos. En 2010 a Xunta concedeulle a autorización ambiental integrada, facendo pasar por un depósito de residuos inertes un vertedoiro que recibe madeiras, plásticos, cartóns e unha diversidade de rexeites de residuos sen clasificar.

En 2011 produciuse un incendio no vertedoiro, o segundo en catro anos, indica claramente o vertido de residuos impropios susceptíbeis de combustión. Segundo se publicou, o lume fora producido polos responsábeis do roubo de chatarra, material que non debía entrar no vertedoiro. A sanción de 25.000€ imposta en 2017 pola consellaría de Medio Ambiente á concesionaria por depositar residuos que terían que ir a outras zonas para o seu tratamento, indica claramente que non se fixeron as labores de control, separación e xestión dos materiais recibidos.

En 2019 a asociación Galicia Ambiental denunciou ante o Seprona as filtracións de augas lixiviadas do vertedoiro ao seu entorno, a poucos metros do río Toxa e da súa Fervenza. Estes lixiviados, potencialmente contaminantes polo tipo de residuos enterrados no vertedoiro incumprindo a lexislación da Dirección xeral de Minas en canto a restauración de ocios mineiros e uso de materiais non autorizados, así como as da Consellaría de Medio Ambiente posto que en Campomarzo xestionáronse residuos para os que o vertedoiro de inerte non tiña autorización.

O vertedoiro está sen actividade desde 2016, data na que a empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo entrou en concurso de acredores. O administrador concursal tiña autorización do xulgado para adoptar as medidas de vixilancia ambiental que lle impoñía o plan de restauración, pero non chegou a adoptar ningunha porque o vertedoiro foi adxudicado en poxa a unha empresa xestora de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

residuos do Carballiño, Building Desarrollo SL. quen posteriormente vendeu o vertedoiro á empresa lalinense, Bander SL.

Sorprendentemente, a Xunta devolve a Fianza da antiga canteira de Campomarzo a Explotaciones Mineras Campomarzo a petición da administración concursal, cando o vertedoiro fora vendido a unha terceira compañía, Bander SL, sen que se realizase ningunha obra de restauración nin se teña presentado un proxecto de uso para o vertedoiro, sancionado por múltiples ilegalidades na xestión de residuos de obra e industriais.

Segundo os artigos 99 e 100 da Lei 7/ 2022, de 8 abril, de residuos e solos contaminados, as comunidades autónomas poderán declarar e delimitar mediante resolución expresa os solos contaminados, debida á presenza de compoñentes de carácter perigosos procedentes das actividades humanas e estarán obrigados a realizar as operación de descontaminación e recuperación os causantes da contaminación, tanto se son propietarios dos solos como posuidores dos mesmos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai realizar a Xunta para garantir a restauración da canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa (Silleda) eliminando os materiais non permitidos e impedindo o vertido de lixiviados ao río?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2022 10:20:33

Alexandra Fernández Gómez na data 27/06/2022 10:20:37

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2022 10:20:45



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Un informe de fiscalización específica do Consello de Contas sobre a execución de contratos no Sergas conclúe que no 59 % dos expedientes fiscalizados (22 de 37) a actividade continuou máis alá da vixencia do contrato e que a Xunta pagou 40 millóns de euros (29 % do total analizado) sen cobertura contractual.

Conclúe o Consello de Contas no seu informe que a prórroga de contratos automática e sen xustificación é unha práctica “sistemática”, “cando esta debe ter carácter excepcional” .

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Por que o Sergas está recorrendo sistematicamente á prórroga de contratos cando esta debe ter un carácter excepcional segundo o noso ordenamento xurídico?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/06/2022 10:37:50

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2022 10:38:06

Marina Ortega Otero na data 27/06/2022 10:38:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A desvitalización do rural vense producindo sen pausa ao longo do século XX, acelerándose durante o presente, un círculo vicioso de perda de poboación que leva á perda de servizos que á súa vez fai que se pechen negocios e polo tanto se vaia a poboación e isto non se dá roto porque as políticas que se fan carecen de coherencia e non afondan na corrección das causas.

Así, atópamonos cun concello como o de Folgoso do Caurel que xa está por baixo dos 1.000 habitantes censados, e moitos deles non viven habitualmente alí. O colexio de Folgoso alberga pouco máis de 30 crianzas, e o seu futuro pode estar seriamente comprometido dende un punto de vista demográfico e económico, se no futuro non retornan tralos seus estudos.

A maiores podemos dicir que conta cunhas características xeolóxicas, orográficas e paisaxísticas que fan del un óptimo destino turístico, e así o recoñecen en revistas internacionais como o *National Geographic*, actividade que pode axudar a fixar poboación con actividades relacionadas con actividades de natureza, e con outras relacionadas coa atracción e o mantemento de máis poboación no concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para isto, é fundamental coñecer as circunstancias deste concello, entre as que se encontran as comunicacións por internet, que neste momento son precarias.

O día 25 de maio deste 2022 Movistar deixou sen liña de cobre aos últimos lugares do Caurel, considerando que xa tiña outra alternativa para que os fogares e negocios puideran establecer comunicacións por outras vías, e isto fíxoo coa preceptiva autorización da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

É público que Movistar pretende a desconexión por cable de cobre en toda a península para o 2025, polo tanto se isto non ocorre neste momento sucedería para daquela, pero en ambos casos se a alternativa ao cable fosen as ondas de radio non funcionarían ben no Caurel debido á súa orografía.

Tampouco esta empresa lle facilita a conexión por fibra ao camping de Seoane, o único negocio que non encontra outra alternativa debido á súa localización e que estaba disposto a facerse cargo do custe da instalación sen que Movistar lle facilite o servizo.

Todo isto prexudica seriamente ao tecido socioeconómico do concello, fai perigar a actividade do camping e os postos de traballo que crea, así mesmo repercute negativamente nos diversos negocios que se beneficiarían do gasto realizado polas persoas que pernoctan no camping.

Tamén fai que as persoas maiores que na maioría viven soas e que habitualmente se senten incomunicadas pola mala cobertura deixen de vivir nas súas casas para mudarse a zonas que lles garantan a seguridade nos seus domicilios.

É un dereito das persoas poder acceder ás comunicación telefónicas e de internet segundo recollen numerosos organismos internacionais, ou mesmo as diversas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normativas, e de feito é un dos requisitos para garantir a vida en igualdade de oportunidades.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta instar ao goberno do Estado a que garanta a cobertura móbil e de internet nos fogares e nos negocios do Caurel cunha relación prezo-calidade asumible?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 27/06/2022 17:16:56

Daniel Castro García na data 27/06/2022 17:17:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 27/06/2022 17:17:14



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo vén de lanzar o anuncio de apertura a exposición pública da aprobación inicial do proxecto dun novo polígono industrial no lugar de Tarroeira, en Pontecesures, de máis de 300.000 metros cadrados. Sendo sempre unha boa noticia a existencia de iniciativas que pulen polo desenvolvemento económico e a xeración de emprego, resulta imprescindible garantir que este tipo de proxectos contribuirán a traer boas novas e non a complicar a vida dos veciños e veciñas do lugar. Neste sentido, cabe mencionar que existen diversos problemas e opacidades relacionadas con este proxecto.

Por un lado resulta preocupante para o conxunto da veciñanza de Cesures, especialmente para as persoas que viven no entorno do lugar escollido para desenvolver este parque empresarial, a existencia de fluxos de auga tanto superficial como subterránea, que de ser alterados poden provocar problemas de inundacións ou de consecuencias derivadas da alteración destes fluxos. En termos medioambientais a zona ten un elevado interese de protección dalgúns tipos de fauna, dado o valor do lugar.

En termos de funcionamento do futuro polígono industrial, resulta chamativo que sexa de tanto interese proxectar un novo parque empresarial tendo espazos baleiros en chan industrial en contornos de 15 ou 20 quilómetros á redonda, ademais de existir dúbidas sobre a xestión de residuos e a proxección dunha balsa filtrante como método de tratamento.

A pesares das numerosas e grandes dúbidas existentes, a veciñanza mobilizada e que será afectada pola construción do polígono, tanto pola expropiación forza que poderán sufrir algúns propietarios como pola afectación que terán unha boa parte deles, non ten sido informada nin consultada sobre ningunha das cuestións que son motivo de preocupación. O propio Concello de Pontecesures foi lugar de pregunta por parte do Grupo Socialista Municipal hai varios meses sobre esta proxección, recibindo comentarios vagos e imprecisos sobre as posibilidades que hoxe parecen concretarse e negándose por parte do Alcalde a recibir aos veciños e veciñas posibles afectados. A pesares daquilo o propio Concello e a Xunta de



Galicia utilizan o procedemento simplificado para acelerar o proceder e iniciar coa maior velocidade un proxecto que merece ser optimizado e que necesita de toda a transparencia que hoxe non ten.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o goberno da Xunta de Galicia tramitou este proxecto con tan pouca transparencia e información?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2022 19:54:10

Patricia Otero Rodríguez na data 27/06/2022 19:54:19

Eduardo Ojea Arias na data 27/06/2022 19:54:29



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Eduardo Ojea Arias e Martín Seco García, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ou mércores 15 de xuño iniciábase un lume en Larouco, municipio pertencente a comarca de Valdeorras as 20,59 horas, concretamente na parroquia de Seadur, que segundo a Consellería do Medio rural afectaba a 120 hectáreas.

Posteriormente, no mesmo municipio o xoves 16 sobre as 07.26 horas outro incendio afectaba a parroquia de Freixido e segundo estimacións publicadas nos xornais afectaba a 140 hectáreas. Lumes que se viron avivados polas altas temperaturas e polo vento.

As chuvias que se rexistraron na noite do sábado 18 na provincia de Ourense axudaron a extinguir de maneira definitiva o incendio forestal que se penetrou tamén no parque natural de O Invernadoiro. Segundo informou a Consellería do Medio Rural, a superficie afectada foi de 5,6 hectáreas de monte na parroquia de Pradoalbar, en Vilariño de Conso. Estes tres incendios forestais súmanse aos extinguidos o 17 de xuño nos municipios ourensáns de Entrimo e Lobios. Ambos calcinaron 0,06 e 2,5 hectáreas, respectivamente, no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Os dous, segundo os primeiros indicios, foron provocados por raios.

En relación os incendios acaecidos en Galicia temos que sinalar que aínda tendo os mellores profesionais do país, chegan situacións que poden desbordar ao dispositivo contra Incendios, a intencionalidade sumada ás condicións peculiares de Galicia, con ventos secantes de compoñente nordés como vento preparador de incendios, todos os veráns poñen a proba extrema os servicios de emerxencia implicados.

O cambio climático tamén ten moito que dicir, cunha infraestrutura preventiva orientada a defendernos dos incendios que propaga o vento de nordés, pero en outubro do 2017, a peor vaga desta última década, foi o vento de suroeste o que carbonizou 62.000 ha, activando a situación 2 para toda a provincia de Ourense e parte de Pontevedra, con desaloxos e confinamentos en decenas de núcleos de poboación, e que nos deixou o amargo recordo de persoas veciñas falecidas.



Tendo presente que Galicia é, dende sempre, a Comunidade máis afectada do Estado por incendios forestais tanto en porcentaxe de superficie afectada, número de incendios e tamén número de Grandes Incendios Forestais (GIF >500 ha) está máis que demostrada a necesidade dunha política activa de prevención, dirixida a minimizar o risco para a poboación e os seus bens, con actuacións decididas e encamiñadas a separar o monte dos núcleos e asegurar as vías de comunicación para evitar atoamentos en época estival, que é cando aumentan a poboación dos nosos concellos pola afluencia turística.

As claves para reducir os efectos dos incendios, aínda que complexas, pódense resumirse nunha serie de obxectivos concretos:

- Manter o rural habitado e vivo.
- Unha boa xestión e ordenación forestal.
- Unha política activa de prevención contra incendios.
- Un servizo de prevención contra incendios profesionalizado, único e permanente.
- Unha adecuada asunción de competencias por parte da Xunta de Galicia en materia de prevención e autodefensa.

A Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra Incendios de Galicia fala na súa exposición de motivos que a planificación preventiva debe ser un elemento estrutural fundamental deste sistema, que sigue unha serie de criterios básicos, control da biomasa en zonas estratéxicas, construción e mantemento de faixas de protección de zonas poboadas, reforzar as infraestruturas de prevención, entre outras que cita dita norma.

O servizo nos últimos anos sufriu un cambio de siglas, no que antes era SPDCIF, Servicio de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, agora esqueceuse da “Defensa Contra Incendios” e na teoría chámano de “Prevención”, falamos de na teoría, porque na práctica semella xusto ao revés.

A Consellería aproba o PLADIGA -documento de planificación preventiva- xusto antes da época de alto risco e non antes da época de traballos forestais de prevención.



A formación do persoal é unicamente destinada á extinción e cero á prevención.

Non se fai análise e estudos retrospectivos do territorio e dos grandes incendios para aprender dos erros cometidos no pasado, cando os expertos demostran que os GIF son recorrentes e cíclicos, volvendo a sorprendernos sempre nos mesmos lugares e moitas veces nas mesmas épocas.

Tendo máis dun 35 % do persoal contratado unicamente por 6 meses ao ano é inviable acadar uns obxectivos razoables e eficaces na citada “prevención”.

As accións fundamentais que realizaba o SPIF viñan sendo habitualmente o mantemento de puntos de auga e da infraestrutura de defensa e acceso aos montes conveniados, sinaladamente cortalumes e pistas forestais. O aumento incontrolado de vexetación provoca que haxa que potenciar de forma exponencial os traballos sobre o territorio, sobre todo o territorio e non só sobre os montes xestionados pola Administración, resultando necesario dispór dun SPIF permanente, único e profesional, ocupado durante todo o ano nas tarefas de control da biomasa e do establecemento das faixas de seguridade na interfaz urbano-forestal.

Ademais, a afección cada vez máis habitual ao risco da vida das persoas nos incendios forestais medrou de maneira exponencial polo aumento da masa forestal improdutiva e a acumulación continuada de combustible altamente inflamable debido ao cambio climático e ás altas temperaturas que xa se están a acadar nunha boa parte de Galicia, especialmente na meridional. Orixinándose cada vez incendios máis potentes e de moi difícil control polo operativo, que requiren dunha política activa de prevención durante todo o ano, e sobre todo dunha planificación anticipada, dun sistema de alerta temperán eficaz, e non, como sempre acaece, baixo a improvisación habitual da Consellería do Medio Rural.



Sendo a planificación, outra das materias suspensas por parte da Consellería, e crendo na necesidade dunha planificación a medio prazo con organizacións e obxectivos concretos, por iso a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a porcentaxe e o estado actual de execución dos traballos en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio deste 2022?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Eduardo Ojea Arias
Martín Seco García
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/06/2022 09:16:13

Eduardo Ojea Arias na data 28/06/2022 09:16:23

Martín Seco García na data 28/06/2022 09:16:31



Á Mesa do Parlamento

Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A porta natural a Galicia pódese considerar que é polo val do Sil, as outras posibilidades conlevan variacións orográficas importantes. No val do Sil atópase Valdeorras, no oriente ourensá.

Esta comarca leva sendo abandonada por case todas as administracións ao longo do tempo, sobre todo nas comunicacións por estradas ou polo tren. A puxanza económica nestes momentos tan crítica, fai que as infraestruturas sexan cada vez máis necesarias. A A-76 que é a solución que necesita o oriente galego vai con moito atraso. A A-6 permite a mobilidade cara o norte A Coruña, Ferrol..., mais as mercadorías valdeorresas teñen o sur coma referencia, Ourense, Vigo.

Unha posibilidade real para comunicar Valdeorras con Galicia é pola estrada OU-533 da Rúa a A Gudiña, que une coa A-52, podendo ir a Vigo e a Madrid.

Tamén coa chegada do AVE (Alvia) a Ourense, a estación de A Gudiña é a estación de referencia de Valdeorras e Viana. Todo isto fai que esta estrada teña que adaptarse a nova situación de mobilidade por ela. Require un terceiro carril entre Viana do Bolo e A Gudiña, ou calquera solución que deseñen as persoas técnicas.

Isto xa se aprobara no Parlamento no ano 2019, por unha iniciativa do Partido Popular e en febreiro de 2021 a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade, solicitou ao Goberno Central fondos de reconstrución para o acondicionamento desa estrada OU-533 no marco do obxectivo estratéxico de mellora das estruturas e comunicacións no ámbito rural e a mellora da accesibilidade.



Estando todos de acordo coa necesidade do arranxo da OU-533 e logo do tempo pasado sen ningunha resposta, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A Xunta de Galicia ten previsto cumprir o acordo acadado vai tres anos na Comisión do Parlamento de Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño do 2022

Asdo.: Eduardo Ojea
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 28/06/2022 10:16:04

Patricia Otero Rodríguez na data 28/06/2022 10:16:12





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre as medidas necesarias para esclarecer, inspeccionar e controlar o cumprimento dos contratos no servizo de transporte público de Galiza ante o mal funcionamento e as queixas continuadas no servizo de transporte público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, o incumprimento continuado dos mesmos ou a eliminación de itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

Isto acontece debido á falta de control e inspección por parte da Xunta de Galiza, que permite que esta precarización do servizo e os incumprimentos que a motivan. Como exemplo disto, atopámonos os continuados atrasos e deficiencias na conexión entre as cidades de Pontevedra e Vigo, pola cal transcorren moitas persoas para desprazarse até o seu lugar de traballo ou estudo.

Hoxe, esas persoas usuarias do servizo público de transporte, ven afectadas as súas vidas ao non poder contar cun servizo de transporte minimamente regular, que lle permita chegar a atender as súas responsabilidades nun período de tempo coñecido, contando cunha pequena marxe de tempo, o cal faría que puidese seguir apostando polo transporte público por estrada para os seus desprazamentos.

As persoas que simplemente non contan cun vehículo privado dependen directamente dos intereses e a acción dunha empresa para chegar en tempo, ou non, ao seu posto de traballo ou ao seu centro de estudos, xa que nin se cumpre nin se controla as condicións establecidas nos contratos de transporte.

É responsabilidade da Xunta de Galiza o fomento do transporte colectivo, tanto polo carácter democratizador do transporte público, así como tamén pola defensa dunha Galiza máis sostible medioambientalmente. Hoxe, coa precarización do servizo e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incumprimento dos contratos, moita xente continúa a desprazarse no seu propio vehículo por non ter unha alternativa viable para facelo no sistema público de transporte.

Por todo o dito formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para rematar cos prexuizos soportados polas persoas usuarias do servizo de transporte público de Galiza, debido aos incumprimentos sistemáticos das condicións do mesmo?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 28/06/2022 11:46:40

Alexandra Fernández Gómez na data 28/06/2022 11:46:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2022 11:46:56



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os datos de Augas de Galicia reflicten un aumento progresivo dos puntos de vertido nas nosas rías, pasando de 1.296 no ano 2015 a 1.671 en 2021. Ante ese aumento a Xunta alega que os vertidos que incumpren os parámetros van en descenso, pero ademais de que a carga contaminante total aumentaría polo incremento do número de vertidos por moito que o faga máis diluídamente, a fiabilidade desa afirmación é imposible de contrastar dado que eses datos son completamente opacos: na súa memoria anual Augas de Galicia ofrece unhas cifras que non poden ser verificadas por ninguén, aínda que as sospeitas de que eses datos podan estar maquillados vese incrementada polo feito de que ese organismo informou a finais de 2021 de que se produciran 1.648 vertidos nas rías nos nove primeiros meses dese ano, pero xa en 2022 afirma que se produciron 1.671 no conxunto do ano, o cal implicaría que no último trimestre do ano practicamente non tería habido vertidos, algo absurdo.

Por outra banda, a Xunta recoñece no ano 2020 (pendentes datos do 2021) 740 vertidos contaminantes nos ríos da demarcación Galicia Costa, que desembocan nas rías, sen estar aínda dispoñibles os datos de 2021, dado que non se publicou aínda a memoria de actividades de Augas de Galicia.

Un estudo realizado por cinco investigadores galegos publicado na revista *Marine Policy* en 2019 sinalaba a existencia dunha "crise oculta" no sector marisqueiro galego, desenvolta na década anterior, que levou a descensos tanto no número de barcos dedicados ao marisqueo como nos desembarques e o valor de venta das distintas especies.

Nos últimos anos esa crise vense agudizando, con mostras destacadas como o enorme declive da ría de Ferrol, onde se pasou en moi pouco tempo de 600 mariscadores a menos de 70 que apenas poden subsistir dada a drástica e dramática caída da produción, mentres a contaminación do río Xuvia é cada vez máis intensa; ou o da ría de Arousa, que levaba a afirmar recentemente ao patrón maior de Cambados que "estase a producir un claro declive da ría". Unha situación similar reproducíase en maior ou menor medida sobre todo nas Rías Baixas, pero tamén no resto da costa galega.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que o declive da produción marisqueira en moitas rías de Galicia ten relación coa contaminación das nosas rías?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2022





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 28/06/2022 16:42:43

Paloma Castro Rey na data 28/06/2022 16:42:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Rosana Pérez Fernández e Carme González Iglesias, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza garanta o mantemento dos postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro (Viveiro).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Mariña leva anos sufrindo un desmantelamento constante da súa industria e das súas empresas que está a xerar unha progresiva desertización industrial e que vai diminuindo pouco a pouco o futuro dun territorio que o ten todo para ser pioneiro.

Pese a isto, nos últimos días sufrimos unha nova mala noticia. Nun contexto xa nefasto para a comarca chegou a nova de que a conserveira Albo quere pechar a fábrica de Celeiro en Viveiro e trasladar a todo o seu persoal a Salvaterra, é dicir a máis de 270 quilómetros de distancia e todo isto despois de case cen anos de historia afincada na Mariña.

Pola contra, este suposto traslado esconde detrás 42 despidos, xa que a maioría das traballadoras se atopa nunha idade de difícil reinserción no mercado laboral. Ademais é necesario destacar que a mobilidade xeográfica que formula Albo non constitúe ningún tipo de alternativa para o 90% das traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pese a isto e alén da difícil reinserción laboral, estamos a falar dun plantel extremadamente feminizado polo que este peche supoñería a destrución de emprego feminino, nunha vila ademais que acaba de sufrir un peche industrial importante como foi o de Vestas.

Con todo, é necesario ter en conta que a ausencia de infraestruturas na comarca da Mariña é tamén un dos problemas que levan a que as nosas fábricas e empresas estean a sufrir golpes tan duros como o de Albo e que este factor tamén debe ser tido en conta, como sempre reclama o BNG.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para evitar a perda dos 42 postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 28/06/2022 17:36:59

Rosana Pérez Fernández na data 28/06/2022 17:37:03

María do Carme González Iglesias na data 28/06/2022 17:37:14



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na vila de Redondela a estrada de titularidade autonómica PO-363, Avenida Mendiño, está totalmente abandonada. Unha rúa onde está situado o centro de saúde, os centros escolares, os pavillóns polideportivos e a piscina municipal, polo tanto unha estrada moi transitada pola veciñanza desta vila.

En outubro de 2020 o noso grupo parlamentario xa reivindicaba en Redondela o arranxo desta estrada e despois en marzo do ano pasado levamos á Comisión 2.^a unha proposición non de lei para o arranxo da Avda. Mendiño, iniciativa que o PP votou en contra, argumentando escusas varias. Pasou máis dun ano desta iniciativa parlamentaria e esta estrada segue sen ser arranxada por parte da Xunta de Galicia.

Nas vésperas das eleccións municipais de 2019 o entón alcalde, Javier Bas e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade Ethel Vázquez anunciaban as inminentes obras de remodelación da estrada PO-363, que segundo o ex-alcalde comezarían en xuño.

O Goberno municipal de Redondela leva máis de dous anos esixindo á Xunta de Galicia o cumprimento dese compromiso que adquiriron en 2019 con toda a veciñanza de Redondela. Este Goberno municipal leva cumprindo todos e cada un dos requisitos esixidos polo Goberno autonómico, incluído a retención de crédito, petición máis que cuestionable se se ten en conta que a Xunta de Galicia non explicaba, se pola súa banda contaba ou non con partida orzamentaria para a súa realización

O 24 de marzo de 2020 tivo entrada a comunicación dirixida a alcaldesa dende a Axencia Galega de Infraestruturas, na que se require a conformidade do Concello de Redondela co texto proposto de convenio para realizar obras para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363, treito Redondela - praia de Cesantes por un importe total de 1.594.713,10 €, así como a certificación da retención de crédito correspondente ao cofinanciamento da actuación por parte do Concello.



No que á conformidade do texto do convenio fai referencia, a secretaria municipal advertiu unha serie de cuestións xurídicas que, segundo a Lei de Réxime Xurídico do Sector Público “necesitaban da súa modificación ou incorporación ao texto do convenio” tales como a determinación nas cláusulas do convenio das competencias da Xunta de Galicia e Concello respecto a actuación de que se trata, tendo en conta, sinala o Concello “que neste caso a estrada obxecto de actuación (...) é de titularidade da Xunta de Galicia”.

Doutra banda, faise referencia a que o importe que corresponde ao Concello “correspóndese cos custos dos servizos municipais de abastecemento e saneamento, así como o 50 % do importe do alumeadado, nas cláusulas do convenio se engadía a semaforización”. Nese senso, o Concello sinalaba que dita semaforización “non forma parte dos servizos municipais de prestación mínima, polo que debía eliminarse dita referencia”.

Tamén se indicaba que o texto do convenio non proveía a imputación orzamentaria concreta da achega da AXI de acordo co apartado d) do artigo 49 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

Todas estas apreciacións foron enviadas á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, mediante escrito da Alcaldía remitido o 16 de abril de 2020.

Polo tanto, a Administración local sinalaba que non procedía a emisión da retención de crédito da achega do Concello de Redondela, “ata ter o texto definitivo do convenio, xa que ademais podería incluso variar a contía da achega municipal definitiva, ao eliminar os custos correspondentes á rede semaforizada, no seu caso”. Finalmente, o goberno municipal fixo esa retención de crédito que lle solicitaba a administración autonómica para comezar as obras nesta estrada. A día de hoxe esas obras aínda están sen facer.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a incluír nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 un orzamento suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363, que permitiría mellorar a mobilidade e seguridade en Redondela?

Pazo do Parlamento, 29 de xuño do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 29/06/2022 10:28:17

Patricia Otero Rodríguez na data 29/06/2022 10:28:25

Eduardo Ojea Arias na data 29/06/2022 10:28:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES A Sardiñeira é un instituto situado no barrio dos Mallos da Coruña. A súa matrícula achégase aos 600 alumnos e alumnas, aínda que se trata dunha cifra altamente fluctuante á vista das continuadas derivas de matrícula tardía e obrigatoria dirixidas cara a este centro educativo pola propia Consellería de Educación.

O IES A Sardiñeira ten adscritos centros de primaria que contan con liñas reducidas de educación primaria: CEIP Rosalía de Castro, CEIP Xosé Cornide, CEIP Wenceslao Fernández Flórez e CPR Karbo.

Consecuentemente, a matrícula que achegan estes colexios en 1º ESO, que conta con 3 liñas, é de entre 45 e 50 alumn@s cada curso, polo que resta entre o 40 e o 50% das prazas sen cubrir.

Esta dispoñibilidade de prazas vacantes en 1º ESO é empregada de forma recorrente, ao longo de todo o curso, pola Administración educativa para matricular alumnado procedente de escolarización tardía, por causa da emigración procedente do estranxeiro, ou derivado doutros centros por causa de comportamentos disruptivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu conxunto, este alumnado, de forma maioritaria, presenta unha casuística moi complexa relativa ás súas circunstancias persoais, familiares, sociais, culturais e académicas.

Por unha banda, en moitas ocasións o equipo directivo e o profesorado se enfrontan a alumnado que presenta un gran desfase curricular, descoñece as linguas oficiais do noso territorio ou incluso outras linguas do currículo escolar ou próximas xeograficamente.

Por outra, estamos ante un perfil de alumnado absentista, vulnerábel, con condutas disruptivas e ningún interese académico provocado polas severas deficiencias académicas.

Esta complexa situación socioeducativa, que non deixou de medrar exponencialmente ao longo dos dous últimos cursos en absoluto se ve compensada co reforzo de profesorado que permita atender de forma máis individualizada este alumnado para favorecer a súa inclusión nin tampouco do cadro de persoal especialista en necesidades educativas; neste sentido, o IES A Sardiñeira só conta con unha orientadora e unha profesora de Pedagogía terapéutica.

Estas circunstancias provocaron no curso agora rematado 2021-2022 un preocupante aumento da conflitividade e dos problemas de convivencia tanto dentro como ás portas do centro, ao que non é allea a contorna social do barrio.

Algúns datos ilustran esta aseveración:

1- O alumnado procedente de escolarización extraordinaria durante o curso 2021-2022 no presente curso duplicouse en relación ao curso anterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2- Durante o curso 2021-2022 a comunidade escolar do centro veu confirmando que a convivencia no centro se viu moi afectada pola actitude disruptiva dunha parte importante do alumnado, mesmo presentando condutas gravemente prexudiciais para a convivencia escolar, e cunha moi significativa porcentaxe nos cursos de 1º ESO.

Outra consecuencia desta situación é que unha ratio de alumnado moi baixa está chegando a cursar bacharelato (ao redor dun tercio), coas conseguíntes consecuencias limitadoras que isto provoca á hora de ofertar itinerarios e materias optativas.

Paralelamente a esta situación de deterioro socioeducativo do centro derivada da baixa demanda de matrícula en 1º ESO, estase a producir outra que implicaría acrecentamento do alumnado.

Estamos a nos referir ao interese por matricular no IES A Sardiñeira os seus fillos e fillas familias que residen no barrio do Novo Mesoiro, en cuxo CEIP, de crecente creación, están a cursar a educación infantil e primaria e adscrito ao IES Elviña, que se encontra moi superado e sen prazas de matrícula dispoñíbeis.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que compromiso de excelencia educativa garante a Xunta para coa veciñanza de Novo Mesoiro e mais coa comunidade educativa do IES A Sardiñeira da Coruña?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 29/06/2022 10:59:40

Daniel Castro García na data 29/06/2022 10:59:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/06/2022 10:59:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazo, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a vulneración de dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de facerse firme a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) que condenou a Corporación da Radio e Televisión públicas de Galiza (CRTVG) pola vulneración de dereitos fundamentais dun dos seus traballadores ao que sancionou como represalia pola súa participación nas mobilizacións dos Venres Negros.

O fallo xudicial fíxose firme ao desistir a CRTVG de recorrer diante do Tribunal Supremo e supón un feito de enorme relevancia pois a xustiza sinala que se vulnerou o dereito á liberdade de expresión e información do traballador como consecuencia da súa implicación en Defende a galega.

É gravísimo que se condene unha administración ou empresa pública pola vulneración de dereitos laborais pero aínda é máis grave ao se tratar da violación do dereito á liberdade de expresión nun medio de comunicación.

Porén, esta non é a única sentenza xudicial que nos últimos anos condena a CRTVG, súmase a outros fallos relativos á vulneración do dereito á folga do cadro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal, das mulleres no caso das folgas feministas do 8 de marzo; por despedimentos improcedentes ou a contratación irregular de traballadoras e traballadores.

Todo isto, alén do incumprimento reiterado e absolutamente consciente por parte da Corporación da Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza no relativo á aprobación do Estatuto profesional, a creación do Consello de informativos e a sinatura dos contrato-programa.

Todo durante o mandato nos últimos 13 anos baixo a batuta dun Director Xeral que se mantén no cargo á marxe do disposto na propia lexislación.

Este panorama, desde calquera punto de vista inadmisíbel nun sistema democrático da máxima calidade, urxe medidas contundentes e claras en favor da liberdade nos medios públicos e dos dereitos do seu cadro de persoal.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a violación de dereitos fundamentais pola CRTVG?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2022 12:14:57

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/06/2022 12:15:00

Iria Carreira Pazos na data 29/06/2022 12:15:08

Xosé Luis Bará Torres na data 29/06/2022 12:15:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como todos os anos a Valedora do Pobo trae o seu informe de actividade anual ao Parlamento no que se recollen as múltiples queixas que a esa institución chegan. Este ano como moitos anteriores unha parte destas queixas versan sobre as múltiples desigualdades e prexuízos que sofre as mulleres polo mero feito de selo.

Quero sinalar que unha delas refírese a unha denuncia presentada por unha traballadora que querendo incorporarse á actividade agraria, quedou sen a correspondente axuda por non poder xustificar a súa condición de asalariada ao ter o seu contrato suspendido por mor dos riscos para o embarazo, maternidade e riscos para a lactación.

Esta muller solicitou unha axuda para a súa incorporación á actividade agraria, como moza que era, ao abeiro das axudas que dan apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas cofinanciadas polo fondo Europeo de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galiza 2014-2020. Solicitude que lle foi aprobada concedéndolle unha subvención a tanto alzado de 50.000€ tal e como recolle o informe da Valedora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No momento en que solicita o segundo pago das axudas, o Servizo Territorial de Explotacións Agrarias de Lugo informa de que a persoa beneficiaria incumpre o requisito de ter a condición de agricultora profesional, xa que aínda que está como autónoma na actividade agraria de explotación de gando bovino o seu informe de vida laboral indica que está a traballar a tempo completo por conta allea. Iníciase pois un procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da axuda pendente de pagamento e solicitarlle a devolución ou reintegro da axuda percibida.

Malia que esta muller informou á Consellería de que, dada a súa situación de maternidade que levaba á suspensión de contrato para a protección do seu embarazo, maternidade e lactación, non podía cumprir cos requisitos debido a unha cuestión meramente administrativa que era estar en situación de suspensión de contrato, polo que pedía a prórroga dun ano para a súa incorporación, a Consellería fixo ouvidos xordos e non implementou ningún mecanismo para dar protección e seguridade xurídica a unha muller que non lle podía facer fronte aos requisitos polo mero feito de selo.

Isto en si mesmo é suficientemente grave, porque se non quedou claro, debemos incidir en que isto ao seu marido non lle acontecería ante a súa paternidade, pero máis grave é que a Consellería rexeitara o requirimento da Valedora de incluír a perspectiva de xénero nas bases para a concesión de subvencións para evitar que estas situación se volvan repetir.

Isto demostra unha severa falta de compromiso da Xunta coa igualdade de xénero, e demostra tamén o confinamento da igualdade á secretaría de igualdade e se a situación e a intención non se corrixe moito nos tememos que o Estatuto das mulleres do rural non vai resolver os graves problemas que sufrimos as mulleres no rural.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que mecanismos vai poñer en funcionamento o Goberno galego para evitar as discriminacións flagrantes que sofren as mulleres no acceso as axudas públicas, nomeadamente no rural?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 29/06/2022 12:53:26

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/06/2022 12:53:30

María González Albert na data 29/06/2022 12:53:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as consecuencias sociais da alza de prezos e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para rescatar as persoas con menores ingresos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lonxe de minorar, a crise económica provocada pola suba dos prezos continúa agravándose. Segundo os últimos datos publicados e á espera de que saian as cifras desagregadas para Galiza, a inflación atinxiu o 10,2% no conxunto do Estado español no mes de xuño, a máis elevada desde 1985.

Se reparamos na inflación subxacente, é dicir, retirando do cálculo o prezo da electricidade e os carburantes, o incremento non é menor situándose no 5,5% en comparativa anual. Un auténtico disparate que empobrece de maneira xeneralizada o conxunto da sociedade pero que golpea con total dureza as capas máis vulnerábeis.

No noso país xa víñamos padecendo un incremento do custe da vida superior á media estatal o que supón un prexuízo aínda maior se temos en conta que as galegas e galegos contamos cuns dos salarios e das pensións máis baixas do estado.

Malia a gravísima situación económica e social derivada desta conxuntura económica, a Xunta de Galiza non adoptou nin unha soa medida no marco das súas competencias para rescatar os sectores sociais e económicos máis prexudicados.

A respecto das políticas sociais, o Goberno galego:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non incrementou o complemento autonómico das Pensións Non Contributivas que mantén conxelado desde hai máis dunha década.

- Non incrementou as contías das prestacións económicas de carácter autonómico (RISGA e AIS)

- Non modificou a lexislación vixente para facer compatíbel a RISGA e o IMV cos prexuízos que ocasionou para milleiros de persoas beneficiarias

Esta inacción por parte da Xunta de Galiza deixa aos pés dos cabalos a parte máis vulnerábel da sociedade galega nun contexto socioeconómico que non vai mellorar no inmediato.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que, no contexto actual dunha profunda crise económica provocada pola inflación desbocada, a Xunta de Galiza aínda non arbitrou nin unha soa medida de carácter social para minorar os efectos sobre a poboación máis vulnerábel?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 29/06/2022 13:20:34

María Montserrat Prado Cores na data 29/06/2022 13:20:37

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2022 13:20:45



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Hospital da Barbanza leva anos sufrindo unha situación de precariedade laboral que se fai insostible e que está a afectar -e aínda o fará máis de non se atopar unha resposta inmediata- a calidade asistencial do servizo, tal e como denunciou moi recentemente o seu persoal facultativo especialista, que reclama a cobertura inmediata e axeitada das diversas incidencias laborais que se presentan neste centro, así como o correcto dimensionamento do seu cadro de persoal.

Nesa denuncia pública poñían de manifesto o déficit de persoal para gardas de presenza, localizadas e segundas localizadas, con servizos nos que o número de facultativos é inferior ao necesario para cumprir a normativa de 48 horas semanais.

Denunciaban ademais, entre outras moitas disfuncións, que persoal especialista con praza fixa ou interinos nese centro está traballando no CHUS sen que a súa vacante sexa cuberta ou que en tres anos o número de internistas do hospital pasase de 14 a 7. A respecto disto, as e os internistas advirten que a grave situación que sofre na actualidade este hospital se vai agravar no verán como consecuencia da cada vez maior falla de facultativos nos centros de saúde.

Hai que lembrar así mesmo que a falla de profesionais médicos provocou xa en maio o peche das consultas de medicina interna, sen data previsible para a súa reapertura a causa desa falla de persoal.

Diante desta situación, o Grupo Socialista entende e fai súas as demandas dos e das profesionais do hospital da Barbanza acerca dun correcto dimensionamento do seu cadro de persoal e da necesaria protocolarización da organización das horas de traballo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas.

Considera a Xunta de Galicia que o cadro de persoal do Hospital do Barbanza está correctamente dimensionado?





Pazo do Parlamento, 30 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 30/06/2022 10:34:23

Julio Torrado Quintela na data 30/06/2022 10:34:38

Marina Ortega Otero na data 30/06/2022 10:34:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste 2022 estamos a sufrir unha seca que se arrastra dende o ano pasado e que se vía vir porque os avisos e medicións de reservas de auga así o denotaron.

Na comarca de Lemos a seca é máis acuciante se iso é posible e aínda contando co embalse de Vilasouto que da auga para consumo doméstico e regadío ao Val non é suficiente para garantir o regadío dos cultivos profesionais e das hortas particulares.

A Pobra de Brollón, Pantón, Monforte, Sober, Bóveda, moitos veráns vense na obriga de priorizar os usos da auga, afectando isto ao decurso da vida normal para os habitantes destes concellos que ven como a falta de auga deteriora os campos de deporte, poden ter dificultades para encher as piscinas municipais, regar hortas particulares ou manter as zonas axardinadas.

Parece que o cambio climático garante a existencia de períodos de seca e choivas incontrolables cada vez con máis frecuencia haberá que estar preparados para facerlle fronte a estas eventualidades, en cambio estase perdendo a oportunidade de prepararse para facerlles fronte.

Xa non se está a falar de facerlle fronte a poñer en produción a Superficie agraria útil do Val de Lemos para incrementar a produción de cereal que nos poña un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

paso máis preto da soberanía alimentar, estamos a falar da supervivencia dos concellos afectados.

É imprescindible o deseño das medidas necesarias para atender estas emerxencias hídricas e climáticas que comprometen o normal discorrer das vidas das persoas que habitan nos concellos afectados pola escaseza de auga.

Moitos anos no verán concellos desta zona son abastecidos con cisternas de auga recollidas nas zonas de captación do concello de Monforte, sen que haxa suficiente planificación para facerlle fronte a estas eventualidades, dado que as canles polas que discorren estas captacións de auga para rego están en mal estado e sofren importantes perdas de caudal.

Ata o de agora as distintas administracións están pasando a pelota de unhas a outras, o goberno do estado e a confederación hidrográfica di que actuarán a petición da comunidade de regantes do val de lemos, que descoñecemos ata que punto é consciente das súas potencialidades, a Xunta de Galiza inhíbese dado que considera que isto xa non é responsabilidade súa, tal e como informou a Directora do Agader en sede parlamentar.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta a tomar as medidas necesarias para garantir o abastecemento de auga potable e non potable para os diversos usos tradicionais na comarca de Lemos?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 30/06/2022 12:08:51

Xosé Luis Bará Torres na data 30/06/2022 12:08:56



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de condenar e confirmar o fallo do Xulgado do Social número 1 de Santiago contra a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) por vulnerar a liberdade de expresión e sancionar a un dos seus traballadores “pola súa participación activa nos Venres Negros”. Na sentenza que xa é firme, non só se anula a sanción imposta contra o traballador Carlos Jiménez senón que recolle a obriga de indemnizar ao locutor con 6.251 euros “por danos e prexuízos por vulneración de dereitos fundamentais”. O alto tribunal considera probado que se abriu expediente sancionador contra o traballador e delegado sindical por participar nas protestas que cada semana protagonizan as traballadoras e traballadores da TVG E Radio Galega contra a manipulación informativa nos medios públicos.

Esta sentenza confirma a denunciada persecución das e dos responsables da CRTVG contra as e os traballadores do medio. Carlos Jiménez, sancionado con 9 días de emprego e soldo viu conculcados os seus dereitos fundamentais e con esta decisión xudicial temos diante de nos a primeira sentenza e a confirmación dun feito tan grave como que existen represalias por defender a imparcialidade informativa e a pluralidade”.

O 2 de marzo, o tribunal deu a razón a unha redactora á que a compañía vulnerara os seus dereitos ao negarlle a posibilidade de ter un horario laboral de 9.45 h a 17.15 h para concilialo coas horas de entrada e saída das súas fillas menores do colexio, unha condena esta por vulnerar os dereitos fundamentais dunha traballadora por razón de sexo.

A lista continúa e é por desgraza longa así que ademais da enorme gravidade pola continua vulneración dos dereitos fundamentais das e dos traballadores cómpre lembrar tamén entre outras cuestións que estes procedementos xudiciais representan unha cuantiosa cantidade de diñeiro público polas custas procesuais,



honorarios de avogados e polas contías que debe asumir a Corporación por indemnizacións, salarios atrasados e danos morais. Só ao longo do último ano, de maio de 2021 a maio de 2022, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ten emitido desde finais de maio de 2021 ata hoxe máis dunha ducia de condenas contra a CRTVG por vulneración de dereitos fundamentais, despedimentos improcedentes e contratación irregular de traballadores.

Por outra banda, en novembro de 2021 cumpríronse dez anos desde que este Parlamento aprobou a Lei 9/2011 de medios públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia. O seu incumprimento sistemático nesta década é algo que temos denunciado reiteradamente desde este Grupo Parlamentario, por parte dos sindicatos e moitas e moitos profesionais da CRTVG, así como desde outras entidades como a Federación Europea de Xornalistas. Unha década, na que se seguen sen aplicar preceptos da lei coma a elección do director xeral por $\frac{2}{3}$ do Parlamento ou a creación do Consello de Informativos e do Estatuto Profesional.

Os traballadores e traballadoras cumpriron este venres 18 de marzo duascenas xornadas de protestas do movemento Venres Negros contra a manipulación informativa. A representación legal dos traballadores e traballadoras leva anos denunciando a progresiva deterioración da estrutura territorial da CRTVG, cun baleirado continuo de persoal que non pretende máis que relegar estes centros fundamentais á insignificancia.



A decisión de suprimir as desconexións informativas locais esta temporada privou á cidadanía da posibilidade de recibir en galego a información do que acontece na súa contorna máis inmediata, debilitando ademais unha das principais fortalezas que distinguiu á CRTVG dos seus competidores: a capacidade de atender informativamente todo o país grazas ao despregue territorial que ten a Corporación a través das delegacións que continúan abertas na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

Asemade, son coñecidos os lamentables episodios protagonizados en distintos espazos da CRTVG arredor da ausencia absoluta da necesaria perspectiva de xénero e a obrigada responsabilidade de velar pola igualdade . A reiteración de contidos machistas, de cosificación das mulleres é inxustificable e o desleixo da dirección arredor da repetición destes episodios e a falta de reacción e polo tanto dun compromiso real por parte da Dirección obriga tamén a esixir responsabilidades ao máis alto nivel.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se condena á Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) por vulnerar a liberdade de expresión e os dereitos fundamentais dun dos seus traballadores?

Pazo do Parlamento, 30 de xuño do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/06/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 36587
Data envío: 30/06/2022 15:18:06.442

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 30/06/2022 15:15:14

Noa Susana Díaz Varela na data 30/06/2022 15:15:24

Paloma Castro Rey na data 30/06/2022 15:15:35

Pablo Arangüena Fernández na data 30/06/2022 15:15:44

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-n0NGHpwQ-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta rectifique a súa decisión de recorte da vía de Música e Artes Escénicas, da Modalidade do Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación vén de anunciar, a través da inspección educativa, o recorte da vía de Música e Artes Escénicas, da Modalidade do Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía.

Esta decisión conta coa oposición do Claustro de profesorado e o Consello Escolar, que consideran que esta decisión carece de xustificación posíbel, posto que o IES O Carril sempre tivo alumnado interesado nestas ensinanzas e ademais o centro conta con profesorado con dispoñibilidade horaria para continuar con esta oferta.

Este recorte é especialmente grave, xa que o centro é pioneiro neste bacharelato, e o único IES da comarca do Salnés e do Barbanza con oferta educativa nas dúas vías da modalidade de Artes tendo sempre alumnado, recursos (dispón do Auditorio Municipal de Vilagarcía, con prioridade, para calquera actividade ou representación necesaria relacionada con esta vía) e profesorado con dispoñibilidade horaria e traballando no centro desde o curso 2011/12.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o primeiro momento contou -e conta- con alumnado, recursos e profesorado. É referente para a contorna da ría de Arousa, con moita vinculación á cultura musical e escénica. Son centos @s cativ@s, moz@s que actualmente están vinculados en distintos niveis e graos a algunha ensinanza regrada, ou non, deste ámbito. Desde o Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía, ás Escolas Municipais de Música de Vilagarcía, Catoira, Vilanova, Cambados, Illa de Arousa, Valga, pasando por Escolas de Música, Danza e Arte Dramático de Vilagarcía, Cambados, O Grove, Boiro.... e mesmo asociacións de música tradicional ou Bandas e Orquestras

O Partido Popular, na súa folla de ruta de deterioro do ensino público, somete continuamente aos centros públicos á presión dos recortes, tentando cada ano ir diminuindo a súa oferta. É máis que evidente a intención da Xunta de limitar a oferta de materias e estas modalidades. Xa non é que non amplíe a oferta a máis centros e garantir que o alumnado da comarca do Salnés teñan acceso a esta modalidade de bacharelato, senón que pretende recortar a escasa oferta existente.

O BNG súmase ás demandas da comunidade educativa, e por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai atender as demandas da comunidade educativa e rectificar e polo tanto manter as dúas modalidades que se viñan impartindo dende o curso 2011/2012, música e Artes escénicas?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/06/2022 17:32:07

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/06/2022 17:32:11



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para o seu debate en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola situación de colapso que se está a vivir en todo o territorio galego debido á escaseza de socorristas recentemente comezada a tempada estival e motivada pola política de desleixo deste goberno da Xunta de Galicia que fixo oídos xordos a varios requirimentos do Grupo Parlamentario Socialista sobre a necesidade urxente dunha nova regulación que protexera e dera un pulo a este sector.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Que medidas de urxencia vai adoptar o Goberno galego para solucionar a situación de colapso existente en todo o territorio galego debido á escaseza de socorristas causada polas políticas da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/07/2022 16:29:09





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/07/2022 16:29:18

Julio Torrado Quintela na data 04/07/2022 16:29:31

Pablo Arangüena Fernández na data 04/07/2022 16:29:39





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre as medidas que vai tomar o goberno galego ante a condena histórica á CRTVG que evidencia unha dinámica de represalias a traballadores por denunciar a manipulación informativa e a falla de pluralidade dos medios públicos.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta de Galiza informe sen demora no Parlamento galego sobre as medidas que ten previsto adoptar diante da recente condena xudicial á CRTVG, que reflicte as represalias a traballadores e traballadoras por denunciar a manipulación informativa e a falla de pluralidade.

Exposición de motivos

O pasado 30 de maio o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ratificou a sentenza do Xulgado Social Número 1 de Santiago de 28 de decembro de 2021, que condena a CRTVG por sancionar un traballador como represalia. Así, a sentenza do TSXG desestima o recurso de suplicación interposto pola propia CRTVG e confirma integramente a resolución recorrida.

Xa a sentenza do Xulgado do Social de Compostela advertía de forma clara na súa resolución que a CRTVG lle abriera un expediente e sancionara a este traballador como forma de represalia pola súa participación nos Venres Negros. Os





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

motivos que levaban a xuíza a inducir que foi unha represalia foron principalmente dous: o marco temporal que vincula as mobilizacións e as represalias e a inconsistencia da versión do director da Área de Contidos que negaba tal relación.

Aquela sentenza advertía que existira unha inmediatez temporal entre as mobilizacións dos Venres Negros e a participación activa nelas de Carlos Jiménez, co expediente que se lle abriu inmediatamente despois e a sanción que se lle impuxo. Isto “permite concluír que a sanción é unha resposta da entidade á actuación legal e xornalística do demandante nunha relación causa-efecto”.

Estes datos contrastan coa versión dada polo director da Área de Contidos no xuízo, que alegou que a apertura do expediente a este traballador nese momento fora, pouco menos, pura casualidade, a pesar de que se expedientou por realizar un traballo que levaba facendo dende había máis de vinte anos. É por iso que a sentenza do Xulgado do Social de Compostela observou unha clara inconsistencia nesta versión, ao afirmar que: “Non resulta razoable considerar que a CRTVG non tivo coñecemento da intensísima labor do demandante en produtoras privadas”, e que: “Tampouco resulta comprensible que, pese a evidente actividade privada do actor en varios programas da súa parrilla, non requirise nunca durante 2 anos cando menos ao traballador...”.

Logo daquela demoledora sentenza a dirección da CRTVG debiera asumila e restituír o dano causado ao traballador. Porén, a CRTVG continuou atacando ao traballador formulando un recurso contra esa sentenza. É dicir, posicionouse a favor da versión dada polo director da Área de Contidos que a propia sentenza invalidaba. Agora as tres maxistradas do TSXG volven dar a razón ao traballador e coinciden en que este viu vulnerado o seu dereito á liberdade de expresión e información.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Logo da anterior sentenza este grupo solicitou ao director xeral no Parlamento unha desculpa pública por parte da dirección e a asunción de responsabilidades. Mais a dirección continuou apostando por unha fuxida cara adiante e anunciou a presentación dun recurso público que reincide no ataque contra o traballador, e anunciou ademais que non asumiría responsabilidades até que a sentenza non ser firme.

Ante este novo fallo do TSXG, a dirección debía ter asumido responsabilidades dunha vez por todas, pola gravidade dos feitos que se condenan e pola súa decisión de presentar recurso. Porén, a resposta do director xeral nunha recente comparecencia na comisión de control á corporación foi nula . A pesar de que previamente o propio director xeral anunciara que relegaba a súa decisión final a que a sentenza fose firme, unha vez que o TSXG resolveu negouse a tomar ningunha medida.

A especial gravidade desta condena non pode ficar impune e a Xunta de Galiza debe actuar para velar para garantir un funcionamento da corporación democrático e ao servizo dos galegos e galegas. Tamén por garantir unha imparcialidade e pluralidade nos medios públicos que neste momento non existe e que é o xermolo das mobilizacións polas que foi represaliado este traballador.

En última instancia esta sentenza vén dar sentido á loita do colectivo Defende a Galega, cando denuncia as prácticas escuras que exerce a dirección da corporación contra os traballadores, e deixa á vista de todos que, efectivamente, a CRTVG exerce prácticas abusivas contra os traballadores para silencialos e impedirles exercer a súa labor xornalística.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza como consecuencia da condena histórica á CRTVG que evidencia unha dinámica de represalias a traballadores por denunciar a manipulación informativa e a falla de pluralidade dos medios?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/07/2022 17:46:10





Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, que medidas ten previstas o Goberno galego para axudar aos colectivos máis necesitados?

Pazo do Parlamento, 04 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Manuel Álvarez Martínez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/07/2022 17:01:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente da Xunta**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Rueda, que medidas vai adoptar para dar resposta á crise económica e sanitaria que sofre a cidadanía galega?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/07/2022 17:18:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazo, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a vulneración de dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores da CRTVG.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade dos feitos referidos á violación de dereitos fundamentais por parte da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de facerse firme a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) que condenou a Corporación da Radio e Televisión públicas de Galiza (CRTVG) pola vulneración de dereitos fundamentais dun dos seus traballadores ao que sancionou como represalia pola súa participación nas mobilizacións dos Venres Negros.

O fallo xudicial fíxose firme ao desistir a CRTVG de recorrer diante do Tribunal Supremo e supón un feito de enorme relevancia pois a xustiza sinala que se vulnerou o dereito á liberdade de expresión e información do traballador como consecuencia da súa implicación en Defende a galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É gravísimo que se condene unha administración ou empresa pública pola vulneración de dereitos laborais pero aínda é máis grave ao se tratar da violación do dereito á liberdade de expresión nun medio de comunicación.

Porén, esta non é a única sentenza xudicial que nos últimos anos condena a CRTVG, súmase a outros fallos relativos á vulneración do dereito á folga do cadro de persoal, das mulleres no caso das folgas feministas do 8 de marzo; por despedimentos improcedentes ou a contratación irregular de traballadoras e traballadores.

Todo isto, alén do incumprimento reiterado e absolutamente consciente por parte da Corporación da Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza no relativo á aprobación do Estatuto profesional, a creación do Consello de informativos e a sinatura dos contrato-programa.

Todo durante o mandato nos últimos 13 anos baixo a batuta dun Director Xeral que se mantén no cargo á marxe do disposto na propia lexislación.

Este panorama, desde calquera punto de vista inadmisíbel nun sistema democrático da máxima calidade, urxe medidas contundentes e claras en favor da liberdade nos medios públicos e dos dereitos do seu cadro de persoal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a violación de dereitos fundamentais pola CRTVG?

. Vai adoptar algunha medida o Goberno galego diante desta situación e para defender os dereitos das traballadoras e traballadores públicos da Corporación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2022 12:17:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/06/2022 12:17:33

Iria Carreira Pazos na data 29/06/2022 12:17:48

Xosé Luis Bará Torres na data 29/06/2022 12:17:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre o traslado da Audiencia Provincial de Ourense e outros servizos públicos do Pazo de Xustiza de Ourense.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia da iniciativa ven derivada do necesario pronunciamento da Xunta de Galiza sobre as manifestacións realizadas polo Presidente da Deputación Provincial de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de xuño tras a celebración dunha reunión na que, entre outras autoridades, estaba presente o presidente da Deputación Provincial de Ourense, o Delegado territorial da Xunta de Galiza en Ourense e a concelleira de urbanismo do Concello de Ourense anunciaron a posibilidade de que as dependencias da institución provincial se trasladaran ao inmovible que na actualidade ocupa parcialmente a Audiencia Provincial de Ourense.

De chegar a executase a “idea” de converter a sede da Deputación Provincial de Ourense nun hotel balneario a institución provincial debería procurar un lugar no que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fixar, provisoria ou definitivamente, as súas dependencias, no caso que se manteña a ineficiente e decimonónica división provincial.

Sen que conste a existencia de estudo, proxecto ou previsión algunha sobre o lugar no que, no seu caso, ubicar a sede da institución provincial o pasado 30 de xuño o presidente da deputación sorprendeu co anuncio da intención de ocupar o inmovible do actual Pazo de Xustiza.

No momento que o goberno de coalición BNG-PSOE na Xunta de Galiza decidiu a construción do necesario novo edificio xudicial para Ourense, asumiu o compromiso de manter o Pazo de Xustiza para usos xudiciais, e por iso continuou a albergar todas as dependencias da Audiencia Provincial e do xulgado e fiscalía de menores. Asemade e dado a existencia de espazo abondo o inmovible alberga a unidade de mediación, arbitraje e conciliación e no ano 2017 decidiuse fose a sede da unidade da policía nacional adscrita á Galiza.

E por iso as manifestacións realizadas polo presidente da Deputación de Ourense, tras reunirse co Delegado Territorial da Xunta de Galiza, produciron unha evidente sorpresa na cidadanía e o coherente rexeitamento das autoridades do poder xudicial ourensán, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

Ten previsto a Xunta de Galiza o traslado das dependencias xudiciais, nomeadamente da Audiencia Provincial de Ourense, do Pazo de Xustiza?

No seu caso, cal sería o novo destino da Audiencia Provincial de Ourense e do Xulgado e Fiscalía de Menores?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón e o custe do traslado?

Participoulle a Xunta de Galiza aos representantes do poder xudicial en Ourense tal propósito? Manifestaron a súa anuencia ou conformidade?

Considera compatible albergar as dependencias da Deputación Provincial de Ourense con mantemento dos servizos que actualmente se prestan no Pazo de Xustiza?

Cando concluíu o traslado da UPA ao Pazo de Xustiza de Ourense?

Realizou obras de adaptación para posibilitar que a UPA se establecese no Pazo de Xustiza?

Cal foi o seu custe?

Que outras obras se realizaron dende 2015 no Pazo de Xustiza da praza Concepción Arenal de Ourense, en que consistiron e cal foi o custe da súa realización?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/07/2022 10:10:56

Xosé Luis Bará Torres na data 04/07/2022 10:11:08

Iria Carreira Pazos na data 04/07/2022 10:11:17



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Aberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer máis polo miúdo as iniciativas consensuadas no ámbito da mellora da atención primaria.

Nos últimos anos puidemos observar como a situación da Atención Primaria en Galicia copou os distintos debates que se desenrolaron no seo deste Parlamento.

A Atención Primaria converteuse nunha prioridade do Goberno Galego, o cal levou a cabo diversas medidas e estableceu novos plans, como se demostrou ca elaboración do “Plan Galego de AP 2019-2021” aprobado polo Consello da Xunta.

Neste senso, o pasado día 14, o Conselleiro de Sanidade anunciou en comparecencia parlamentaria unhas medidas específicas para Atención Primaria e o 29 de xuño tivemos a noticia de que Sanidade acababa de acadar un acordo.

A Consellería, xunto cas organizacións sindicais (CIG, CCOO, CSIF, Satse y UGT) acordaron, de maneira unánime, establecer unha serie de decisións para a mellora das condicións dos profesionais de Atención Primaria.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que efectos terá o acordo acadado na Mesa Sectorial de Sanidade entre as organizacións sindicais e Goberno Galego sobre os profesionais de Atención Primaria de Galicia?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/07/2022 12:58:55

María Corina Porro Martínez na data 04/07/2022 12:59:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 04/07/2022 12:59:32

Noelia Pérez López na data 04/07/2022 12:59:48

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 04/07/2022 13:00:06

López Sánchez, Rosalía na data 04/07/2022 13:00:19

María Elena Suárez Sarmiento na data 04/07/2022 13:00:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Lei estatal de residuos e solos contaminados, Lei 7/2022 establece no seu articulado un novo prazo para a recollida separada dos biorresiduos domésticos, a partir de xullo de 2022, para entidades locais con máis de 5.000 habitantes, e a partir de 2024 para o resto dos municipios; e aos residuos téxtiles, aceites de cociña usados, residuos domésticos perigosos e residuos voluminosos a partir de 2025, por outra banda os residuos de construción e demolición deberán clasificarse por materiais, preferentemente na orixe a partir de 2022, e a demolición deberá ser selectiva a partir de 2024.

Esta lei supón unha das principais pezas lexislativas para impulsar a economía circular en España e foi incluída como unha das reformas estruturais do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Para poder cumprir os obxectivos marcados nesta lei o Goberno asignou 992 millóns de euros do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinados a apoiar tanto ás administracións públicas como ao sector empresarial. Unha destas liñas de actuación é o Plan de apoio á implementación da normativa de residuos mediante territorialización de fondos á Comunidade Autónoma para paliar o déficit de investimento acumulado en xestión de residuos, nomeadamente as seguintes cantidades:

- 416,25 M€ en 2021
- 175M€ en 2022
- 50 M€ en 2023

Galicia recibiu no ano 2021 un total de 22,79 millóns de euros do Plan de Recuperación, dos orzamentos do MITECO e con cargo ao Plan de Impulso ao Medio Ambiente de Economía Circular e ao Programa de Mellora de Xestión de Residuos Municipais, para financiar estes proxectos de mellora de xestión de



residuos de competencia municipal, con especial atención á recollida separada e tratamento de biorresiduos.

O pasado 7 de xuño o Consello de Ministros, a petición do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), acordou as bases reguladoras para repartir 176,5 millóns de euros ás comunidades e cidades autónomas. Novos fondos, que complementan aos xa transferidos en 2021 e que permitirán implantar novas recollidas separadas, construír e mellorar instalacións de tratamento de preparación para a reutilización e de reciclado. A Galicia segundo o reparto equitativo, que ten en conta o volume de residuos xerados en cada territorio, a súa situación respecto ao cumprimento dos obxectivos comunitarios e a súa densidade de poboación lle corresponden 9.888.077,34 €

As bases reguladoras da convocatoria destas novas axudas apenas inclúen cambios con relación ás bases reguladoras de 2021, co fin de facilitar ás comunidades autónomas a súa tramitación e os fondos serán transferidos tras a próxima Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista poñemos en valor todo o esforzo que está a facer o Goberno central para cumprir estes obxectivos de reciclaxe que non están a ser tidos en conta polo goberno da Xunta de Galicia que no canto de sumarse a esta estratexia dedícase a obstaculizar a implantación da mesma no noso territorio.

O Goberno galego no mes de decembro do ano 2021 publicou unha convocatoria de axudas aos concellos para a adquisición de colectores marróns de fracción orgánica e poder implantar esta recollida separada dos biorresiduos. Nesta convocatoria establecíase o prazo de un mes para presentar as solicitudes que posteriormente ampliouse ata o mes de marzo.

Pero a pesar de ter finalizado o prazo de presentación de solicitudes no mes de marzo ata a pasada semana o goberno da Xunta non resolveu as mesmas e foi despois de que o Goberno do Estado lle reprochara esta inactividade e a necesidade de repartir estes fondos.

A actitude deste Goberno responde a uns intereses espurios, xa que non se pode conceder aos concellos unhas axudas para a adquisición de colectores marróns semanas antes de que venza o prazo legal para ter que cumprir a implantación dos



mesmos e agora reclamar ao Estado un aumento do prazo legal para esta implantación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como xustifica este Goberno a demora de 6 meses na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada dos biorresiduos?
2. Que criterios empregou este Goberno no reparto dos fondos estatais para a implantación da recollida separada dos biorresiduos?
3. Como xustifica este Goberno os pésimos datos en materia de reciclaxe e como pretende cumprir os prazos establecidos na lexislación estatal?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/06/2022 08:43:23

Pablo Arangüena Fernández na data 27/06/2022 08:43:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** relativa ás medidas a tomar na canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Silleda, a escasos metros do ría Toxa e da súa Ferverza inseridos na Rede Natura 2000 Sistema Fluvial do Ulla-Deza, está situado nunha antiga canteira un vertedoiro de residuos de construción e demolición.

Entrou en funcionamento en 2002 despois dun investimento por parte da Consellaría de Medio Ambiente de máis de 200.000€ para o seu acondicionamento. Tiña unha capacidade de almacenamento de 395.000 TN ampliables a case 500.000 e foi xestionado, inicialmente, pola empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo, do Grupo Indeza.

Tratábase dun proxecto de rexeneración dunha antiga canteira no que os residuos vertidos nela debía cumprir os requisitos legais. Estes non poderían ser solúbeis nin combustíbeis nin outro tipo de materiais que en contacto con outros puideran ocasionar danos para a saúde e o medio ambiente. Para cumprir estes requisitos era imprescindible un estrito control na recepción dos residuos para a caracterización dos mesmos, a clasificación, a separación dos impropios e a entrega a xestor autorizados dos mesmos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 2008 os veciños do lugar presentan alegacións en contra da solicitude de autorización ambiental integrada (AAI) para a legalización da actividade entre outras cousas, por non contar co requisito de impermeabilización que esixe o RD.1481/2001 para este tipo de residuos. En 2010 a Xunta concedeulle a autorización ambiental integrada, facendo pasar por un depósito de residuos inertes un vertedoiro que recibe madeiras, plásticos, cartóns e unha diversidade de rexeites de residuos sen clasificar.

En 2011 produciuse un incendio no vertedoiro, o segundo en catro anos, indica claramente o vertido de residuos impropios susceptíbeis de combustión. Segundo se publicou, o lume fora producido polos responsábeis do roubo de chatarra, material que non debía entrar no vertedoiro. A sanción de 25.000€ imposta en 2017 pola consellaría de Medio Ambiente á concesionaria por depositar residuos que terían que ir a outras zonas para o seu tratamento, indica claramente que non se fixeron as labores de control, separación e xestión dos materiais recibidos.

En 2019 a asociación Galicia Ambiental denunciou ante o Seprona as filtracións de augas lixiviadas do vertedoiro ao seu entorno, a poucos metros do río Toxa e da súa Fervenza. Estes lixiviados, potencialmente contaminantes polo tipo de residuos enterrados no vertedoiro incumprindo a lexislación da Dirección xeral de Minas en canto a restauración de ocios mineiros e uso de materiais non autorizados, así como as da Consellaría de Medio Ambiente posto que en Campomarzo xestionáronse residuos para os que o vertedoiro de inerte non tiña autorización.

O vertedoiro está sen actividade desde 2016, data na que a empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo entrou en concurso de acredores. O administrador concursal tiña autorización do xulgado para adoptar as medidas de vixilancia ambiental que lle impoñía o plan de restauración, pero non chegou a adoptar ningunha porque o vertedoiro foi adxudicado en poxa a unha empresa xestora de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

residuos do Carballiño, Building Desarrollo SL. quen posteriormente vendeu o vertedoiro á empresa lalinense, Bander SL.

Sorprendentemente, a Xunta devolve a Fianza da antiga canteira de Campomarzo a Explotaciones Mineras Campomarzo a petición da administración concursal, cando o vertedoiro fora vendido a unha terceira compañía, Bander SL, sen que se realizase ningunha obra de restauración nin se teña presentado un proxecto de uso para o vertedoiro, sancionado por múltiples ilegalidades na xestión de residuos de obra e industriais.

Segundo os artigos 99 e 100 da Lei 7/ 2022, de 8 abril, de residuos e solos contaminados, as comunidades autónomas poderán declarar e delimitar mediante resolución expresa os solos contaminados, debida á presenza de compoñentes de carácter perigosos procedentes das actividades humanas e estarán obrigados a realizar as operacións de descontaminación e recuperación os causantes da contaminación, tanto se son propietarios dos solos como posuidores dos mesmos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que accións vai realizar a Xunta para garantir a rexeneración da canteira situada nas inmediacións da fervenza do Toxa, no concello de Silleda, a eliminación dos materiais non permitidos e impedir o vertido de lixiviados?

. Por que a Xunta procedeu á devolución do aval á empresa Explotaciones Mineras de Campomarzo sen que se tiveran feito as correspondentes labores de retirada do material contaminante e impropios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Realizou a Xunta algunha avaliación para determinar a contaminación dos terreos ocupados polo vertedoiro e os circundantes?
- . Quen son os responsábeis dos posíbeis vertidos de lixiviados ao río Toxa?
- . Que medidas pensa adoptar para que se retiren do vertedoiro os residuos impropios, combustibles e contaminantes?
- . Que medidas pensa adoptar para evitar acumulación de auga no vertedoiro e os lixiviados que rematan no Toxa?
- . Que responsabilidades vai esixir?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2022 10:18:11

Alexandra Fernández Gómez na data 27/06/2022 10:18:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2022 10:18:25



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Un informe de fiscalización específica do Consello de Contas sobre a execución de contratos no Sergas conclúe que no 59 % dos expedientes fiscalizados (22 de 37) a actividade continuou máis alá da vixencia do contrato e que a Xunta pagou 40 millóns de euros (29 % do total analizado) sen cobertura contractual.

Conclúe o Consello de Contas no seu informe que a prórroga de contratos automática e sen xustificación é unha práctica “sistemática”, “cando esta debe ter carácter excepcional” .

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que o Sergas está recorrendo sistematicamente á prórroga de contratos cando esta debe ter un carácter excepcional segundo o noso ordenamento xurídico?

2ª) Por que o Sergas non xustifica a prórroga de contratos que practica con carácter xeral?

3ª) É consciente o Goberno de Galicia de que a prórroga sistemática de contratos atenta contra os principios de libre concorrência e de competencia que deben rexer a contratación pública, ademais de encarecer o prezo dos bens e servizos?

4ª) Vai facer algo o Goberno de Galicia para corrixir esta situación?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/06/2022 10:34:33

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2022 10:34:48





Marina Ortega Otero na data 27/06/2022 10:35:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A desvitalización do rural vense producindo sen pausa ao longo do século XX, acelerándose durante o presente, un círculo vicioso de perda de poboación que leva á perda de servizos que á súa vez fai que se pechen negocios e polo tanto se vaia a poboación e isto non se dá roto porque as políticas que se fan carecen de coherencia e non afondan na corrección das causas.

Así, atópamonos cun concello como o de Folgoso do Caurel que xa está por baixo dos 1.000 habitantes censados, e moitos deles non viven habitualmente alí. O colexio de Folgoso alberga pouco máis de 30 crianzas, e o seu futuro pode estar seriamente comprometido dende un punto de vista demográfico e económico, se no futuro non retornan tralos seus estudos.

A maiores podemos dicir que conta cunhas características xeolóxicas, orográficas e paisaxísticas que fan del un óptimo destino turístico, e así o recoñecen en revistas internacionais como o *National Geographic*, actividade que pode axudar a fixar poboación con actividades relacionadas con actividades de natureza, e con outras relacionadas coa atracción e o mantemento de máis poboación no concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para isto, é fundamental coñecer as circunstancias deste concello, entre as que se encontran as comunicacións por internet, que neste momento son precarias.

O día 25 de maio deste 2022 Movistar deixou sen liña de cobre aos últimos lugares do Caurel, considerando que xa tiña outra alternativa para que os fogares e negocios puideran establecer comunicacións por outras vías, e isto fíxoo coa preceptiva autorización da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

É público que Movistar pretende a desconexión por cable de cobre en toda a península para o 2025, polo tanto se isto non ocorre neste momento sucedería para daquela, pero en ambos casos se a alternativa ao cable fosen as ondas de radio non funcionarían ben no Caurel debido á súa orografía.

Tampouco esta empresa lle facilita a conexión por fibra ao camping de Seoane, o único negocio que non encontra outra alternativa debido á súa localización e que estaba disposto a facerse cargo do custe da instalación sen que Movistar lle facilite o servizo.

Todo isto prexudica seriamente ao tecido socioeconómico do concello, fai perigar a actividade do camping e os postos de traballo que crea, así mesmo repercute negativamente nos diversos negocios que se beneficiarían do gasto realizado polas persoas que pernoctan no camping.

Tamén fai que as persoas maiores que na maioría viven soas e que habitualmente se senten incomunicadas pola mala cobertura deixen de vivir nas súas casas para mudarse a zonas que lles garantan a seguridade nos seus domicilios.

É un dereito das persoas poder acceder ás comunicación telefónicas e de internet segundo recollen numerosos organismos internacionais, ou mesmo as diversas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normativas, e de feito é un dos requisitos para garantir a vida en igualdade de oportunidades.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Vai o goberno da Xunta instar ao goberno español a que garanta a cobertura móbil e de internet nos fogares e nos negocios do Caurel cunha relación prezo-calidade asumible?

-Vai a Xunta de Galiza poñer a disposición do Concello do Caurel todos os medios para garantir na medida das súas responsabilidades e competencias a mellor cobertura para a conexión telefónica e de internet?

-Danse conta de que o futuro do Caurel pasa por dotar ao concello dunhas comunicacións á altura do século XXI?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 27/06/2022 17:19:02

Daniel Castro García na data 27/06/2022 17:19:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/06/2022 17:19:26



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo vén de lanzar o anuncio de apertura a exposición pública da aprobación inicial do proxecto dun novo polígono industrial no lugar de Tarroeira, en Pontecesures, de máis de 300.000 metros cadrados. Sendo sempre unha boa noticia a existencia de iniciativas que pulen polo desenvolvemento económico e a xeración de emprego, resulta imprescindible garantir que este tipo de proxectos contribuirán a traer boas novas e non a complicar a vida dos veciños e veciñas do lugar. Neste sentido, cabe mencionar que existen diversos problemas e opacidades relacionadas con este proxecto.

Por un lado resulta preocupante para o conxunto da veciñanza de Cesures, especialmente para as persoas que viven no entorno do lugar escollido para desenvolver este parque empresarial, a existencia de fluxos de auga tanto superficial como subterránea, que de ser alterados poden provocar problemas de inundacións ou de consecuencias derivadas da alteración destes fluxos. En termos medioambientais a zona ten un elevado interese de protección dalgúns tipos de fauna, dado o valor do lugar.

En termos de funcionamento do futuro polígono industrial, resulta chamativo que sexa de tanto interese proxectar un novo parque empresarial tendo espazos baleiros en chan industrial en contornos de 15 ou 20 quilómetros á redonda, ademáis de existir dúbidas sobre a xestión de residuos e a proxección dunha balsa filtrante como método de tratamento.

A pesares das numerosas e grandes dúbidas existentes, a veciñanza mobilizada e que será afectada pola construción do polígono, tanto pola expropiación forza que poderán sufrir algúns propietarios como pola afectación que terán unha boa parte deles, non ten sido informada nin consultada sobre ningunha das cuestións que son motivo de preocupación. O propio Concello de Pontecesures foi lugar de pregunta por parte do Grupo Socialista Municipal hai varios meses sobre esta proxección, recibindo comentarios vagos e imprecisos sobre as posibilidades que



hoxe parecen concretarse e negándose por parte do Alcalde a recibir aos veciños e veciñas posibles afectados. A pesares daquilo o propio Concello e a Xunta de Galicia utilizan o procedemento simplificado para acelerar o proceder e iniciar coa maior velocidade un proxecto que merece ser optimizado e que necesita de toda a transparencia que hoxe non ten.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o goberno da Xunta de Galicia tramitou este proxecto con tan pouca transparencia e información?
2. Por que o goberno da Xunta de Galicia non emitiu informe a través de Augas de Galicia da posible afectación da zona?
3. Por que non se deu publicidade abondo ao período de consultas e alegacións antes da resolución firme de medioambiente?
4. A distribución irregular e dispar das parcelas no proxecto do polígono responde a algún interese concreto? Cal?
5. Como valora o goberno da Xunta de Galicia a necesidade de construír un polígono industrial nun terreo de alto valor medioambiental de máis de 300.000 metros cadrados habendo espazos baleiros en polígonos industriais de concellos limítrofes?
6. Considera axeitado o goberno da Xunta de Galicia empregar o procedemento simplificado dado a envergadura do proxecto?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Julio Torrado Quintela na data 27/06/2022 19:53:17

Patricia Otero Rodríguez na data 27/06/2022 19:53:26

Eduardo Ojea Arias na data 27/06/2022 19:53:35



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Eduardo Ojea Arias e Martín Seco García, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Ou mércores 15 de xuño iniciábase un lume en Larouco, municipio pertencente a comarca de Valdeorras as 20,59 horas, concretamente na parroquia de Seadur, que segundo a Consellería do Medio rural afectaba a 120 hectáreas.

Posteriormente, no mesmo municipio o xoves 16 sobre as 07.26 horas outro incendio afectaba a parroquia de Freixido e segundo estimacións publicadas nos xornais afectaba a 140 hectáreas. Lumes que se viron avivados polas altas temperaturas e polo vento.

As chuvias que se rexistraron na noite do sábado 18 na provincia de Ourense axudaron a extinguir de maneira definitiva o incendio forestal que se penetrou tamén no parque natural de O Invernadoiro. Segundo informou a Consellería do Medio Rural, a superficie afectada foi de 5,6 hectáreas de monte na parroquia de Pradoalbar, en Vilariño de Conso. Estes tres incendios forestais súmanse aos extinguidos o 17 de xuño nos municipios ourensáns de Entrimo e Lobios. Ambos calcinaron 0,06 e 2,5 hectáreas, respectivamente, no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Os dous, segundo os primeiros indicios, foron provocados por raios.

En relación os incendios acaecidos en Galicia temos que sinalar que aínda tendo os mellores profesionais do país, chegan situacións que poden desbordar ao dispositivo contra Incendios, a intencionalidade sumada ás condicións peculiares de Galicia, con ventos secantes de compoñente nordés como vento preparador de incendios, todos os veráns poñen a proba extrema os servicios de emerxencia implicados.

O cambio climático tamén ten moito que dicir, cunha infraestrutura preventiva orientada a defendernos dos incendios que propaga o vento de nordés, pero en outubro do 2017, a peor vaga desta última década, foi o vento de suroeste o que carbonizou 62.000 ha, activando a situación 2 para toda a provincia de Ourense e



parte de Pontevedra, con desaloxos e confinamentos en decenas de núcleos de poboación, e que nos deixou o amargo recordo de persoas veciñas falecidas.

Tendo presente que Galicia é, dende sempre, a Comunidade máis afectada do Estado por incendios forestais tanto en porcentaxe de superficie afectada, número de incendios e tamén número de Grandes Incendios Forestais (GIF >500 ha) está máis que demostrada a necesidade dunha política activa de prevención, dirixida a minimizar o risco para a poboación e os seus bens, con actuacións decididas e encamiñadas a separar o monte dos núcleos e asegurar as vías de comunicación para evitar atoardamentos en época estival, que é cando aumentan a poboación dos nosos concellos pola afluencia turística.

As claves para reducir os efectos dos incendios, aínda que complexas, pódense resumirse nunha serie de obxectivos concretos:

- Manter o rural habitado e vivo.
- Unha boa xestión e ordenación forestal.
- Unha política activa de prevención contra incendios.
- Un servizo de prevención contra incendios profesionalizado, único e permanente.
- Unha adecuada asunción de competencias por parte da Xunta de Galicia en materia de prevención e autodefensa.

A Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra Incendios de Galicia fala na súa exposición de motivos que a planificación preventiva debe ser un elemento estrutural fundamental deste sistema, que sigue unha serie de criterios básicos, control da biomasa en zonas estratéxicas, construción e mantemento de faixas de protección de zonas poboadas, reforzar as infraestruturas de prevención, entre outras que cita dita norma.

O servizo nos últimos anos sufriu un cambio de siglas, no que antes era SPDCIF, Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, agora esqueceuse da “Defensa Contra Incendios” e na teoría chámano de “Prevención”, falamos de na teoría, porque na práctica semella xusto ao revés.



A Consellería aproba o PLADIGA -documento de planificación preventiva- xusto antes da época de alto risco e non antes da época de traballos forestais de prevención.

A formación do persoal é unicamente destinada á extinción e cero á prevención.

Non se fai análise e estudos retrospectivos do territorio e dos grandes incendios para aprender dos erros cometidos no pasado, cando os expertos demostran que os GIF son recorrentes e cíclicos, volvendo a sorprendernos sempre nos mesmos lugares e moitas veces nas mesmas épocas.

Tendo máis dun 35 % do persoal contratado unicamente por 6 meses ao ano é inviable acadar uns obxectivos razoables e eficaces na citada “prevención”.

As accións fundamentais que realizaba o SPIF viñan sendo habitualmente o mantemento de puntos de auga e da infraestrutura de defensa e acceso aos montes conveniados, sinaladamente cortalumes e pistas forestais. O aumento incontrolado de vexetación provoca que haxa que potenciar de forma exponencial os traballos sobre o territorio, sobre todo o territorio e non só sobre os montes xestionados pola Administración, resultando necesario dispór dun SPIF permanente, único e profesional, ocupado durante todo o ano nas tarefas de control da biomasa e do establecemento das faixas de seguridade na interfaz urbano-forestal.

Ademais, a afección cada vez máis habitual ao risco da vida das persoas nos incendios forestais medrou de maneira exponencial polo aumento da masa forestal improdutiva e a acumulación continuada de combustible altamente inflamable debido ao cambio climático r ás altas temperaturas que xa se están a acadar nunha boa parte de Galicia, especialmente na meridional. Orixinándose cada vez incendios máis potentes e de moi difícil control polo operativo, que requiren dunha política activa de prevención durante todo o ano, e sobre todo dunha planificación anticipada, dun sistema de alerta temperán eficaz, e non, como sempre acaece, baixo a improvisación habitual da Consellería do Medio Rural.

Sendo a planificación, outra das materias suspensas por parte da Consellería, e crendo na necesidade dunha planificación a medio prazo con organizacións e obxectivos concretos, por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:



1. Cal é a porcentaxe e o estado actual de execución dos traballos en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio deste 2022?
2. Cantas foron as hectáreas afectadas polos incendios na nosa comunidade no primeiro semestre de 2022? Cantas de superficie rasa e cantas de arborada?
3. Cales van a ser as actuacións que ten previsto levar a Xunta de Galicia a cabo para evitar a erosión do terreo e a perda do solo provocados polos incendios de Larouco? E no resto de municipios que se vexan afectados este verán, sobre todo se sofren algún GIF?
4. En caso afirmativo pensan levalas a cabo antes de que remate o ano?
5. Cal é o número de hectáreas realizadas pola Xunta con data 1 de xuño, en relación ca execución de rozas nas faixas secundarias de xestión de biomasa?
6. No exercicio 2022, cantas brigadas de concellos se constituirán finalmente baixo o convenio coa Consellería?
7. Cal foi o número de brigadas de concellos constituídas nos últimos cinco anos, distribuídas por municipios, anualidades e coas datas de finalización dos traballos das brigadas de forma individualizada?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Eduardo Ojea Arias
Martín Seco García
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/06/2022 09:15:36

Eduardo Ojea Arias na data 28/06/2022 09:15:47

Martín Seco García na data 28/06/2022 09:15:55



Á Mesa do Parlamento

Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A porta natural a Galicia pódese considerar que é polo val do Sil, as outras posibilidades conlevan variacións orográficas importantes. No val do Sil atópase Valdeorras, no oriente ourensá.

Esta comarca leva sendo abandonada por case todas as administracións ao longo do tempo, sobre todo nas comunicacións por estradas ou polo tren. A puxanza económica nestes momentos tan crítica, fai que as infraestruturas sexan cada vez máis necesarias. A A-76 que é a solución que necesita o oriente galego vai con moito atraso. A A-6 permite a mobilidade cara o norte A Coruña, Ferrol..., mais as mercadorías valdeorresas teñen o sur coma referencia, Ourense, Vigo.

Unha posibilidade real para comunicar Valdeorras con Galicia é pola estrada OU-533 da Rúa a A Gudiña, que une coa A-52, podendo ir a Vigo e a Madrid.

Tamén coa chegada do AVE (Alvia) a Ourense, a estación de A Gudiña é a estación de referencia de Valdeorras e Viana. Todo isto fai que esta estrada teña que adaptarse a nova situación de mobilidade por ela. Require un terceiro carril entre Viana do Bolo e A Gudiña, ou calquera solución que deseñen as persoas técnicas.

Isto xa se aprobara no Parlamento no ano 2019, por unha iniciativa do Partido Popular e en febreiro de 2021 a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade, solicitou ao Goberno Central fondos de reconstrución para o acondicionamento desa estrada OU-533 no marco do obxectivo estratéxico de mellora das estruturas e comunicacións no ámbito rural e a mellora da accesibilidade.



Estando todos de acordo coa necesidade do arranxo da OU-533 e logo do tempo pasado sen ningunha resposta, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que orzamento se considera necesario por parte da Consellería para a obra?
2. Cando se poderá iniciar a obra de arranxo ou obra nova?
3. Cal é o tempo estimado para resolver o problema?
4. A Xunta de Galicia ten previsto cumprir o acordo acadado vai tres anos na Comisión do Parlamento de Galicia e arranxar con orzamentos propios esa obra que é de competencia autonómica?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño do 2022

Asdo.: Eduardo Ojea
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 28/06/2022 10:15:26

Patricia Otero Rodríguez na data 28/06/2022 10:15:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre as medidas necesarias para esclarecer, inspeccionar e controlar o cumprimento dos contratos no servizo de transporte público de Galiza ante o mal funcionamento e as queixas continuadas no servizo de transporte público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, o incumprimento continuado dos mesmos ou a eliminación de itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

Isto acontece debido á falta de control e inspección por parte da Xunta de Galiza, que permite que esta precarización do servizo e os incumprimentos que a motivan. Como exemplo disto, atopámonos os continuados atrasos e deficiencias na conexión entre as cidades de Pontevedra e Vigo, pola cal transcorren moitas persoas para desprazarse até o seu lugar de traballo ou estudo.

Hoxe, esas persoas usuarias do servizo público de transporte, ven afectadas as súas vidas ao non poder contar cun servizo de transporte minimamente regular, que lle permita chegar a atender as súas responsabilidades nun período de tempo coñecido, contando cunha pequena marxe de tempo, o cal faría que puidese seguir apostando polo transporte público por estrada para os seus desprazamentos.

As persoas que simplemente non contan cun vehículo privado dependen directamente dos intereses e a acción dunha empresa para chegar en tempo, ou non, ao seu posto de traballo ou ao seu centro de estudos, xa que nin se cumpre nin se controla as condicións establecidas nos contratos de transporte.

É responsabilidade da Xunta de Galiza o fomento do transporte colectivo, tanto polo carácter democratizador do transporte público, así como tamén pola defensa dunha Galiza máis sostible medioambientalmente. Hoxe, coa precarización do servizo e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incumprimento dos contratos, moita xente continúa a desprazarse no seu propio vehículo por non ter unha alternativa viable para facelo no sistema público de transporte.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. É coñecedora a Xunta de Galiza das diferentes denuncias interpostas ante incumprimentos nos contratos licitados no servizo de transporte público de Galiza?

. Está a velar a Xunta de Galiza polo cumprimento escrupuloso dos contratos licitados no servizo do transporte público de Galiza?

. Cal é compromiso da Xunta de Galiza ante a vulneración dos dereitos de traballadores e usuarios no servizo de transporte público de Galiza?

. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?

. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para investigar, inspeccionar e controlar que se cumpran escrupulosamente os contratos licitados e a legalidade vixente no servizo de transporte público de Galiza?

. Cal é a valoración da Xunta de Galiza cando non se están a cumprir os horarios establecidos nas diferentes rutas do transporte público de Galiza?

. Entende o prexuízo que existe nos continuados atrasos e incumprimentos das condicións nas que se debe desenvolver o sistema público de transporte por estrada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 28/06/2022 11:44:02

Xosé Luis Bará Torres na data 28/06/2022 11:44:06

Alexandra Fernández Gómez na data 28/06/2022 11:44:16



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Os datos de Augas de Galicia reflicten un aumento progresivo dos puntos de vertido nas nosas rías, pasando de 1.296 no ano 2015 a 1.671 en 2021. Ante ese aumento a Xunta alega que os vertidos que incumpren os parámetros van en descenso, pero ademais de que a carga contaminante total aumentaría polo incremento do número de vertidos por moito que o faga máis diluídamente, a fiabilidade desa afirmación é imposible de contrastar dado que eses datos son completamente opacos: na súa memoria anual Augas de Galicia ofrece unhas cifras que non poden ser verificadas por ninguén, aínda que as sospeitas de que eses datos podan estar maquillados vese incrementada polo feito de que ese organismo informou a finais de 2021 de que se produciran 1.648 vertidos nas rías nos nove primeiros meses dese ano, pero xa en 2022 afirma que se produciron 1.671 no conxunto do ano, o cal implicaría que no último trimestre do ano practicamente non tería habido vertidos, algo absurdo.

Por outra banda, a Xunta reconece no ano 2020 (pendentes datos do 2021) 740 vertidos contaminantes nos ríos da demarcación Galicia Costa, que desembocan nas rías, sen estar aínda dispoñibles os datos de 2021, dado que non se publicou aínda a memoria de actividades de Augas de Galicia.

Un estudo realizado por cinco investigadores galegos publicado na revista *Marine Policy* en 2019 sinalaba a existencia dunha "crise oculta" no sector marisqueiro galego, desenvolta na década anterior, que levou a descensos tanto no número de barcos dedicados ao marisqueo como nos desembarques e o valor de venta das distintas especies.

Nos últimos anos esa crise vense agudizando, con mostras destacadas como o enorme declive da ría de Ferrol, onde se pasou en moi pouco tempo de 600 mariscadores a menos de 70 que apenas poden subsistir dada a drástica e dramática caída da produción, mentres a contaminación do río Xuvia é cada vez máis intensa; ou o da ría de Arousa, que levaba a afirmar recentemente ao patrón maior de Cambados que “estase a producir un claro declive da ría”. Unha situación similar reproducécese en maior ou menor medida sobre todo nas Rías Baixas, pero tamén no resto da costa galega.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que o declive da produción marisqueira en moitas rías de Galicia ten relación coa contaminación das nosas rías?



2ª) Ten a Xunta de Galicia estudos que avalíen o impacto e evolución da contaminación nas nosas rías?

3ª) Ten a Xunta de Galicia estudos que avalíen o impacto e evolución da contaminación nos nosos ríos?

4ª) Vai a Xunta de Galicia levar a cabo actuacións sistemáticas de prevención e control da contaminación e de rexeneración das nosas rías e ríos ademais do denominado plan de control de vertidos?

5ª) Vai a Xunta de Galicia publicar os datos de contaminación nas rías e ríos de Galicia dun xeito transparente e aberto que permita o seu contraste independente e facilite o traballo de investigación sobre a contaminación acuática en Galicia dada a importancia e transcendencia deste fenómeno?

6ª) Como explica a Xunta de Galicia que a finais do ano 2021 informase a un medio de comunicación de que se produciran 1.648 vertidos nas rías nos nove primeiros meses dese ano, pero xa en 2022 informe de que se produciron 1.671 no conxunto do ano 2021?

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 28/06/2022 16:41:53

Paloma Castro Rey na data 28/06/2022 16:42:10



Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Rosana Pérez Fernández e Carme González Iglesias, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª,** sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza garanta o mantemento dos postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro (Viveiro).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Mariña leva anos sufrindo un desmantelamento constante da súa industria e das súas empresas que está a xerar unha progresiva desertización industrial e que vai diminuindo pouco a pouco o futuro dun territorio que o ten todo para ser pioneiro.

Pese a isto, nos últimos días sufrimos unha nova mala noticia. Nun contexto xa nefasto para a comarca chegou a nova de que a conserveira Albo quere pechar a fábrica de Celeiro en Viveiro e trasladar a todo o seu persoal a Salvaterra, é dicir a máis de 270 quilómetros de distancia e todo isto despois de case cen anos de historia afincada na Mariña.

Pola contra, este suposto traslado esconde detrás 42 despidos, xa que a maioría das traballadoras se atopa nunha idade de difícil reinserción no mercado laboral. Ademais é necesario destacar que a mobilidade xeográfica que formula Albo non constitúe ningún tipo de alternativa para o 90% das traballadoras.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pese a isto e alén da difícil reinserción laboral, estamos a falar dun plantel extremadamente feminizado polo que este peche supoñería a destrución de emprego feminino, nunha vila ademais que acaba de sufrir un peche industrial importante como foi o de Vestas.

Con todo, é necesario ter en conta que a ausencia de infraestruturas na comarca da Mariña é tamén un dos problemas que levan a que as nosas fábricas e empresas estean a sufrir golpes tan duros como o de Albo e que este factor tamén debe ser tido en conta, como sempre reclama o BNG.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

- Que fixo a Xunta de Galiza para evitar o peche da conserveira Albo en Celeiro?
- Que vai facer a Xunta de Galiza para evitar a perda dos 42 postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro?
- Considera a Xunta de Galiza que o traslado da conserveira Albo é positivo?

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 28/06/2022 17:35:16

Rosana Pérez Fernández na data 28/06/2022 17:35:19

María do Carme González Iglesias na data 28/06/2022 17:35:27



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Na vila de Redondela a estrada de titularidade autonómica PO-363, Avenida Mendiño, está totalmente abandonada. Unha rúa onde está situado o centro de saúde, os centros escolares, os pavillóns polideportivos e a piscina municipal, polo tanto unha estrada moi transitada pola veciñanza desta vila.

En outubro de 2020 o noso grupo parlamentario xa reivindicaba en Redondela o arranxo desta estrada e despois en marzo do ano pasado levamos á Comisión 2.^a unha proposición non de lei para o arranxo da Avda. Mendiño, iniciativa que o PP votou en contra, argumentando escusas varias. Pasou máis dun ano desta iniciativa parlamentaria e esta estrada segue sen ser arranxada por parte da Xunta de Galicia.

Nas vésperas das eleccións municipais de 2019 o entón alcalde, Javier Bas e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade Ethel Vázquez anunciaban as inminentes obras de remodelación da estrada PO-363, que segundo o ex-alcalde comezarían en xuño.

O Goberno municipal de Redondela leva máis de dous anos esixindo á Xunta de Galicia o cumprimento dese compromiso que adquiriron en 2019 con toda a veciñanza de Redondela. Este Goberno municipal leva cumprindo todos e cada un dos requisitos esixidos polo Goberno autonómico, incluído a retención de crédito, petición máis que cuestionable se se ten en conta que a Xunta de Galicia non explicaba, se pola súa banda contaba ou non con partida orzamentaria para a súa realización

O 24 de marzo de 2020 tivo entrada a comunicación dirixida a alcaldesa dende a Axencia Galega de Infraestruturas, na que se require a conformidade do Concello de Redondela co texto proposto de convenio para realizar obras para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363, treito Redondela - praia de Cesantes por un importe total de 1.594.713,10 €, así como a certificación da retención de crédito correspondente ao cofinanciamento da actuación por parte do Concello.



No que á conformidade do texto do convenio fai referencia, a secretaria municipal advertiu unha serie de cuestións xurídicas que, segundo a Lei de Réxime Xurídico do Sector Público “necesitaban da súa modificación ou incorporación ao texto do convenio” tales como a determinación nas cláusulas do convenio das competencias da Xunta de Galicia e Concello respecto a actuación de que se trata, tendo en conta, sinala o Concello “que neste caso a estrada obxecto de actuación (...) é de titularidade da Xunta de Galicia”.

Doutra banda, faise referencia a que o importe que corresponde ao Concello “correspóndese cos custos dos servizos municipais de abastecemento e saneamento, así como o 50 % do importe do alumeadado, nas cláusulas do convenio se engadía a semaforización”. Nese senso, o Concello sinalaba que dita semaforización “non forma parte dos servizos municipais de prestación mínima, polo que debía eliminarse dita referencia”.

Tamén se indicaba que o texto do convenio non proveía a imputación orzamentaria concreta da achega da AXI de acordo co apartado d) do artigo 49 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

Todas estas apreciacións foron enviadas á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, mediante escrito da Alcaldía remitido o 16 de abril de 2020.

Polo tanto, a Administración local sinalaba que non procedía a emisión da retención de crédito da achega do Concello de Redondela, “ata ter o texto definitivo do convenio, xa que ademais podería incluso variar a contía da achega municipal definitiva, ao eliminar os custos correspondentes á rede semaforizada, no seu caso”. Finalmente, o goberno municipal fixo esa retención de crédito que lle solicitaba a administración autonómica para comezar as obras nesta estrada. A día de hoxe esas obras aínda están sen facer.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a incluír nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 un orzamento suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363, que permitiría mellorar a mobilidade e seguridade en Redondela?
2. Por que o Goberno galego non incluíu as obras da estrada autonómica PO-363 en Redondela nos orzamentos do 2021?
3. Por que o Goberno galego non incluíu as obras da estrada autonómica PO-363 en Redondela nos orzamentos do 2022?





Pazo do Parlamento, 29 de xuño do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 29/06/2022 10:29:46

Patricia Otero Rodríguez na data 29/06/2022 10:29:53

Eduardo Ojea Arias na data 29/06/2022 10:30:05



Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES A Sardiñeira é un instituto situado no barrio dos Mallos da Coruña. A súa matrícula achégase aos 600 alumnos e alumnas, aínda que se trata dunha cifra altamente fluctuante á vista das continuadas derivas de matrícula tardía e obrigatoria dirixidas cara a este centro educativo pola propia Consellería de Educación.

O IES A Sardiñeira ten adscritos centros de primaria que contan con liñas reducidas de educación primaria: CEIP Rosalía de Castro, CEIP Xosé Cornide, CEIP Wenceslao Fernández Flórez e CPR Karbo.

Consecuentemente, a matrícula que achegan estes colexios en 1º ESO, que conta con 3 liñas, é de entre 45 e 50 alumn@s cada curso, polo que resta entre o 40 e o 50% das prazas sen cubrir.

Esta dispoñibilidade de prazas vacantes en 1º ESO é empregada de forma recorrente, ao longo de todo o curso, pola Administración educativa para matricular alumnado procedente de escolarización tardía, por causa da emigración procedente do estranxeiro, ou derivado doutros centros por causa de comportamentos disruptivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu conxunto, este alumnado, de forma maioritaria, presenta unha casuística moi complexa relativa ás súas circunstancias persoais, familiares, sociais, culturais e académicas.

Por unha banda, en moitas ocasións o equipo directivo e o profesorado se enfrontan a alumnado que presenta un gran desfase curricular, descoñece as linguas oficiais do noso territorio ou incluso outras linguas do currículo escolar ou próximas xeograficamente.

Por outra, estamos ante un perfil de alumnado absentista, vulnerábel, con condutas disruptivas e ningún interese académico provocado polas severas deficiencias académicas.

Esta complexa situación socioeducativa, que non deixou de medrar exponencialmente ao longo dos dous últimos cursos en absoluto se ve compensada co reforzo de profesorado que permita atender de forma máis individualizada este alumnado para favorecer a súa inclusión nin tampouco do cadro de persoal especialista en necesidades educativas; neste sentido, o IES A Sardiñeira só conta con unha orientadora e unha profesora de Pedagogía terapéutica.

Estas circunstancias provocaron no curso agora rematado 2021-2022 un preocupante aumento da conflitividade e dos problemas de convivencia tanto dentro como ás portas do centro, ao que non é allea a contorna social do barrio.

Algúns datos ilustran esta aseveración:

1- O alumnado procedente de escolarización extraordinaria durante o curso 2021-2022 no presente curso duplicouse en relación ao curso anterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2- Durante o curso 2021-2022 a comunidade escolar do centro veu confirmando que a convivencia no centro se viu moi afectada pola actitude disruptiva dunha parte importante do alumnado, mesmo presentando condutas gravemente prexudiciais para a convivencia escolar, e cunha moi significativa porcentaxe nos cursos de 1º ESO.

Outra consecuencia desta situación é que unha ratio de alumnado moi baixa está chegando a cursar bacharelato (ao redor dun tercio), coas conseguíntes consecuencias limitadoras que isto provoca á hora de ofertar itinerarios e materias optativas.

Paralelamente a esta situación de deterioro socioeducativo do centro derivada da baixa demanda de matrícula en 1º ESO, estase a producir outra que implicaría acrecentamento do alumnado.

Estamos a nos referir ao interese por matricular no IES A Sardiñeira os seus fillos e fillas familias que residen no barrio do Novo Mesoiro, en cuxo CEIP, de crecente creación, están a cursar a educación infantil e primaria e adscrito ao IES Elviña, que se encontra moi superado e sen prazas de matrícula dispoñíbeis.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Como explica o goberno o elevado acrecentamento de matrícula obrigatoria que está a derivar de forma tan concentrada ao IES A Sardiñeira da Coruña?

- É consciente a Xunta do informe de convivencia do curso 2021-2022? Que valoración fai?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas prevé implementar o goberno de cara ao curso 2022-2023 para axudar a reducir esta distorsión e colaborar coa comunidade educativa do IES A Sardiñeira para favorecer o clima de convivencia e, polo tanto, de maior garantía de éxito do proceso de ensino-aprendizaxe?
- É coñecedor o goberno do interese das familias que viven no barrio de Novo Mesoiro en matricular os seus fillos e fillas no IES A Sardiñeira?
- Está a valorar esta demanda?
- Está disposta a Xunta a atender esta petición ampliando a dobre adscrición do CEIP do barrio ao IES Elviña e mais ao IES A Sardiñeira?
- Vai favorecer a Xunta a mobilidade deste alumnado ao IES A Sardiñeira a través dunha nova liña de autobús ou adaptando algunha das dúas existentes?
- Que compromiso de excelencia educativa garante a Xunta para coa veciñanza de Novo Mesoiro?
- Que compromiso de excelencia educativa garante a Xunta para coa comunidade educativa do IES A Sardiñeira?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 29/06/2022 10:57:07

Daniel Castro García na data 29/06/2022 10:57:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/06/2022 10:57:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como todos os anos a Valedora do Pobo trae o seu informe de actividade anual ao Parlamento no que se recollen as múltiples queixas que a esa institución chegan. Este ano como moitos anteriores unha parte destas queixas versan sobre as múltiples desigualdades e prexuízos que sofre as mulleres polo mero feito de selo.

Quero sinalar que unha delas refírese a unha denuncia presentada por unha traballadora que querendo incorporarse á actividade agraria, quedou sen a correspondente axuda por non poder xustificar a súa condición de asalariada ao ter o seu contrato suspendido por mor dos riscos para o embarazo, maternidade e riscos para a lactación.

Esta muller solicitou unha axuda para a súa incorporación á actividade agraria, como moza que era, ao abeiro das axudas que dan apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas cofinanciadas polo fondo Europeo de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galiza 2014-2020. Solicitude que lle foi aprobada concedéndolle unha subvención a tanto alzado de 50.000€ tal e como recolle o informe da Valedora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No momento en que solicita o segundo pago das axudas, o Servizo Territorial de Explotacións Agrarias de Lugo informa de que a persoa beneficiaria incumpre o requisito de ter a condición de agricultora profesional, xa que aínda que está como autónoma na actividade agraria de explotación de gando bovino o seu informe de vida laboral indica que está a traballar a tempo completo por conta allea. Iníciase pois un procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da axuda pendente de pagamento e solicitarlle a devolución ou reintegro da axuda percibida.

Malia que esta muller informou á Consellería de que, dada a súa situación de maternidade que levaba á suspensión de contrato para a protección do seu embarazo, maternidade e lactación, non podía cumprir cos requisitos debido a unha cuestión meramente administrativa que era estar en situación de suspensión de contrato, polo que pedía a prórroga dun ano para a súa incorporación, a Consellería fixo ouvidos xordos e non implementou ningún mecanismo para dar protección e seguridade xurídica a unha muller que non lle podía facer fronte aos requisitos polo mero feito de selo.

Isto en si mesmo é suficientemente grave, porque se non quedou claro, debemos incidir en que isto ao seu marido non lle acontecería ante a súa paternidade, pero máis grave é que a Consellería rexeitara o requirimento da Valedora de incluír a perspectiva de xénero nas bases para a concesión de subvencións para evitar que estas situación se volvan repetir.

Isto demostra unha severa falta de compromiso da Xunta coa igualdade de xénero, e demostra tamén o confinamento da igualdade á secretaría de igualdade e se a situación e a intención non se corrixe moito nos tememos que o Estatuto das mulleres do rural non vai resolver os graves problemas que sufrimos as mulleres no rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Que mecanismos vai poñer en funcionamento a Xunta para evitar as discriminacións flagrantes que sofren as mulleres no acceso as axudas públicas, nomeadamente no rural?

A Secretaría xeral de igualdade revisará as bases das convocatorias públicas propias ou cofinanciadas por fondos europeos co fin de evitar os sesgos desigualitarios de cara ás mulleres do rural?

Como valora a Xunta a responsabilidade de dar seguridade xurídica a esta persoa que claramente foi discriminada e prexudicada por falta de estrito cumprimento da lei?

Que medidas van tomar de cara as convocatorias do futuro PDR ou ás potenciais prórrogas deste?

Traslada o Sr Conselleiro no Consello Interterritorial do MAPA, en virtude da transversalidade das políticas de igualdade de xénero das que presumen, a necesidade de facer un traballo estatal a prol de garantir os mesmos dereitos para as mulleres e homes que traballan no rural?

Parécelles que o uso de fondos públicos para dar axudas ás persoas emprendedoras merece facerse en escrupulosos termos de igualdade?

Se isto efectivamente fora así, pasarían situacións como esta?

Consideran que esta muller sofre varias discriminacións sumatorias, a de ser muller, a de ser muller no rural, a de ser muller nai,...?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 29/06/2022 12:51:01

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/06/2022 12:51:04

María González Albert na data 29/06/2022 12:51:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as consecuencias sociais da alza de prezos e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para rescatar as persoas con menores ingresos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lonxe de minorar, a crise económica provocada pola suba dos prezos continúa agravándose. Segundo os últimos datos publicados e á espera de que saian as cifras desagregadas para Galiza, a inflación atinxiu o 10,2% no conxunto do Estado español no mes de xuño, a máis elevada desde 1985.

Se reparamos na inflación subxacente, é dicir, retirando do cálculo o prezo da electricidade e os carburantes, o incremento non é menor situándose no 5,5% en comparativa anual. Un auténtico disparate que empobrece de maneira xeneralizada o conxunto da sociedade pero que golpea con total dureza as capas máis vulnerábeis.

No noso país xa víñamos padecendo un incremento do custe da vida superior á media estatal o que supón un prexuízo aínda maior se temos en conta que as galegas e galegos contamos cuns dos salarios e das pensións máis baixas do estado.

Malia a gravísima situación económica e social derivada desta conxuntura económica, a Xunta de Galiza non adoptou nin unha soa medida no marco das súas competencias para rescatar os sectores sociais e económicos máis prexudicados.

A respecto das políticas sociais, o Goberno galego:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non incrementou o complemento autonómico das Pensións Non Contributivas que mantén conxelado desde hai máis dunha década.

- Non incrementou as contías das prestacións económicas de carácter autonómico (RISGA e AIS)

- Non modificou a lexislación vixente para facer compatíbel a RISGA e o IMV cos prexuízos que ocasionou para milleiros de persoas beneficiarias

Esta inacción por parte da Xunta de Galiza deixa aos pés dos cabalos a parte máis vulnerábel da sociedade galega nun contexto socioeconómico que non vai mellorar no inmediato.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Por que, no contexto actual dunha profunda crise económica provocada pola inflación desbocada, a Xunta de Galiza aínda non arbitrou nin unha soa medida de carácter social para minorar os efectos sobre a poboación máis vulnerábel?

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2022 13:21:09

María Montserrat Prado Cores na data 29/06/2022 13:21:14

Iria Carreira Pazos na data 29/06/2022 13:21:21



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A estrutura produtiva galega experimentou nos últimos anos un debilitamento do sector industrial, que perdeu peso relativo tanto en termos de valor engadido bruto como en termos de emprego. En concreto, nos trece anos de gobernos da Xunta de Galicia presididos por Alberto Núñez Feijóo, a falla de política industrial activa caracterizou un tempo no que desapareceron importantes empresas galegas e no que o sector industrial non conseguiu o desenvolvemento necesario para situarse no 20% do PIB, aquel umbral sinalado hai una década pola Comisión Europea como referencia para a industria.

A comparación de datos recentes con España amosa a preocupante evolución dalgúns indicadores industriais para Galicia, como por exemplo o Índice de Producción Industrial. Cos datos do primeiro cuadrimestre de 2022, conséntase que a produción industrial galega caeu nun 6,5 % en relación ao mesmo período do exercicio anterior; mentres no total de España subiu un 2 %. Esta tendencia inversa, de crecemento do sector industrial en España mentres se amosa un decrecemento industrial en Galicia, supón unha fonda chamada de atención para a economía galega, na que o peso do VEB industrial xa se reducira previamente. Pero, ademais, a evolución do IPI evidencia que a produción industrial media desplumouse en Galicia nun 8 % en abril deste ano, sendo a comunidade autónoma española onde máis caeu nese mes.

A crise industrial en Galicia amosa evidencias empíricas en datos coma ese, que corroboran a necesidade dunha política industrial activa dende o goberno da Xunta de Galicia. É evidente que hai sectores e empresas de éxito na economía galega, algunhas novas e outras con décadas de madurez e rodaxe, pero tamén



que hai outras en fases complicadas, pero tanto detrás dunhas como noutras subxace a ausencia de política industrial que acompañe ao emprendemento nos ámbitos tecnolóxicos, enerxético, estratéxicos e de investimento, entre outros.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración económica fai a Xunta de Galicia dos datos do IPI, que amosan os problemas industriais da economía galega?
2. Como valora o goberno da Xunta que a produción industrial caera en Galicia nun 6,5 % no primeiro cuadrimestre de 2022 con respecto ao ano anterior mentres subiu no conxunto de España?
3. Cales son as bases, medidas e obxectivos cos que traballa a Xunta de Galicia en materia industrial para impulsar a produción e o emprego?
4. Que autocrítica fai o goberno conservador da Xunta da súa xestión durante 13 anos en materia industrial?

Pazo do Parlamento, 29 de xuño do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Martín Seco García
Leticia Gallego Sanromán
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/06/2022 17:57:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/06/2022 17:57:46

Martín Seco García na data 29/06/2022 17:57:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2022 18:05:34
Nº Rexistro: 36563
Data envío: 29/06/2022 18:05:34.811

María Leticia Gallego Sanromán na data 29/06/2022 17:58:07

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-n0NGGHpwQ-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

A entidade pública de Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Os accesos e adecuación do tránsito así como o uso público na zona portuaria supoñen tamén un efecto positivo para o contorno urbano inmediato ao porto, polo que reverten positivamente tanto no ente público de Portos de Galicia como no Concello de Poio.

Actualmente a superficie da explanada anexa ao peirao da Canteira estaba aberta ao público o que permite a ordenación do tráfico permitindo a finalidade de estacionamento libre así como a parada de autobuses.

O Concello consciente do aumento de poboación que se produce no verán iniciou unha solicitude de concesión demanial de terreos en dominio público portuario para a creación de novos espazos de estacionamento. Este trámite foi remitido a inicios do presente ano a Portos de Galicia cos informes urbanísticos pertinentes, sen que a día de hoxe teñan autorización para o inicio das obras que asumirá na súa totalidade o Concello.

Non poder executar este aparcamento fai que non se poida dispoñer de 25 prazas.

Actualmente a tres días de comezar a tempada estival, Portos pecha o acceso á Canteira así como a explanada para acopio de material para unha obra que vai executar Augas de Galicia.

Esta decisión e peche faise nos peores meses do ano e producindo graves prexuízos ao sector, aos establecementos, á veciñanza e visitantes.



Este peche tamén terá graves consecuencias sobre o tráfico na PO308, colapsando o tránsito nese tramo.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Como xustifica este goberno a decisión de acopiar as obras do emisario en plena tempada estival na turística parroquia de Combarro?
- 2.^a) Ten previsto este goberno permitir ao concello de Poio a construción do aparcadoiro no paseo as Redeiras?
- 3.^a) Tivo en conta este goberno o prexuízo que esta medida vai causar ao turismo e á veciñanza?

Pazo do Parlamento, 29 de xuño de 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/06/2022 17:20:22

Patricia Otero Rodríguez na data 29/06/2022 17:20:33

Julio Torrado Quintela na data 29/06/2022 17:20:44



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O Hospital da Barbanza leva anos sufrindo unha situación de precariedade laboral que se fai insostible e que está a afectar -e aínda o fará máis de non se atopar unha resposta inmediata- a calidade asistencial do servizo, tal e como denunciou moi recentemente o seu persoal facultativo especialista, que reclama a cobertura inmediata e axeitada das diversas incidencias laborais que se presentan neste centro, así como o correcto dimensionamento do seu cadro de persoal.

Nesa denuncia pública poñían de manifesto o déficit de persoal para gardas de presenza, localizadas e segundas localizadas, con servizos nos que o número de facultativos é inferior ao necesario para cumprir a normativa de 48 horas semanais.

Denunciaban ademais, entre outras moitas disfuncións, que persoal especialista con praza fixa ou interinos nese centro está traballando no CHUS sen que a súa vacante sexa cuberta ou que en tres anos o número de internistas do hospital pasase de 14 a 7. A respecto disto, as e os internistas advirten que a grave situación que sofre na actualidade este hospital se vai agravar no verán como consecuencia da cada vez maior falla de facultativos nos centros de saúde.

Hai que lembrar así mesmo que a falla de profesionais médicos provocou xa en maio o peche das consultas de medicina interna, sen data previsible para a súa reapertura a causa desa falla de persoal.

Diante desta situación, o Grupo Socialista entende e fai súas as demandas dos e das profesionais do hospital da Barbanza acerca dun correcto dimensionamento do seu cadro de persoal e da necesaria protocolarización da organización das horas de traballo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas.

1ª) Considera a Xunta de Galicia que o cadro de persoal do Hospital do Barbanza está correctamente dimensionado?

2ª) Como valora a carga de traballo que está a asumir o persoal facultativo especialista dese hospital?



3ª) Como valora que un facultativo dun servizo teña que realizar 15 gardas ao mes debido á falla de persoal no servizo?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que o persoal facultativo do hospital da Barbanza debe gozar do seu período de vacacións?

5ª) Cre que se está a ofrecer unha axeitada calidade asistencial cando as baixas do persoal se cobren de maneira precaria e intermitente con persoal do CHUS?

6ª) Como valora que os e as profesionais de medicina interna no hospital da Barbanza atendan algúns días a 20 doentes cando a ratio recomendada é de 8?

7ª) Como valora que nos servizos unipersoais non se cubran as baixas deixando así sen atención esa especialidade?

Pazo do Parlamento, 30 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 30/06/2022 10:32:04

Julio Torrado Quintela na data 30/06/2022 10:33:27

Marina Ortega Otero na data 30/06/2022 10:33:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste 2022 estamos a sufrir unha seca que se arrastra dende o ano pasado e que se vía vir porque os avisos e medicións de reservas de auga así o denotaron.

Na comarca de Lemos a seca é máis acuciante se iso é posible e aínda contando co embalse de Vilasouto que da auga para consumo doméstico e regadío ao Val non é suficiente para garantir o regadío dos cultivos profesionais e das hortas particulares.

A Pobra de Brollón, Pantón, Monforte, Sober, Bóveda, moitos veráns vense na obriga de priorizar os usos da auga, afectando isto ao decurso da vida normal para os habitantes destes concellos que ven como a falta de auga deteriora os campos de deporte, poden ter dificultades para encher as piscinas municipais, regar hortas particulares ou manter as zonas axardinadas.

Parece que o cambio climático garante a existencia de períodos de seca e choivas incontrolables cada vez con máis frecuencia haberá que estar preparados para facerlle fronte a estas eventualidades, en cambio estase perdendo a oportunidade de prepararse para facerlles fronte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa non se está a falar de facerlle fronte a poñer en produción a Superficie agraria útil do Val de Lemos para incrementar a produción de cereal que nos poña un paso máis preto da soberanía alimentar, estamos a falar da supervivencia dos concellos afectados.

É imprescindible o deseño das medidas necesarias para atender estas emerxencias hídricas e climáticas que comprometen o normal discorrer das vidas das persoas que habitan nos concellos afectados pola escaseza de auga.

Moitos anos no verán concellos desta zona son abastecidos con cisternas de auga recollidas nas zonas de captación do concello de Monforte, sen que haxa suficiente planificación para facerlle fronte a estas eventualidades, dado que as canles polas que discorren estas captacións de auga para rego están en mal estado e sofren importantes perdas de caudal.

Ata o de agora as distintas administracións están pasando a pelota de unhas a outras, o goberno do estado e a confederación hidrográfica di que actuarán a petición da comunidade de regantes do val de lemos, que descoñecemos ata que punto é consciente das súas potencialidades, a Xunta de Galiza inhíbese dado que considera que isto xa non é responsabilidade súa, tal e como informou a Directora do Agader en sede parlamentar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

Vai o goberno da Xunta a tomar as medidas necesarias para garantir o abastecemento de auga potable e non potable para os diversos usos tradicionais na comarca de Lemos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Teñen previsto intermediar coa CHMS para que se saneen as infraestruturas de regadío e polo tanto poidan abastecer as súas zonas de influencia para regadíos non profesionais?

Teñen un plan que permita enfrontar a actual ou futura insuficiencia do embalse de Vilasouto para darlle abastecemento ó regadío profesional e particular?

Teñen algún outro plan para abastecemento de auga potable ós concellos da comarca no caso de escaseza hídrica severa que afecte tamén á auga retida no embalse?

Van facer dende Augas de Galiza algunha planificación a respecto de dotar de suministro público de auga ás parroquias do Val de Lemos, que vaia máis alá de financiar a construción de traídas para o suministro de xeito ocasional e "aleatorio" a algunhas parroquias sen criterio coñecido?

Consideran vostedes que a xestión das augas en canto a subministro e saneamento está sendo adecuada?

Pensan que a nova lei integral da auga vai resolver as necesidades da poboación do interior rural en canto a subministro de auga potable?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 30/06/2022 12:06:55

Xosé Luis Bará Torres na data 30/06/2022 12:07:00



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de condenar e confirmar o fallo do Xulgado do Social número 1 de Santiago contra a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) por vulnerar a liberdade de expresión e sancionar a un dos seus traballadores “pola súa participación activa nos Venres Negros”. Na sentenza que xa é firme, non só se anula a sanción imposta contra o traballador Carlos Jiménez senón que recolle a obriga de indemnizar ao locutor con 6.251 euros “por danos e prexuízos por vulneración de dereitos fundamentais”. O alto tribunal considera probado que se abriu expediente sancionador contra o traballador e delegado sindical por participar nas protestas que cada semana protagonizan as traballadoras e traballadores da TVG E Radio Galega contra a manipulación informativa nos medios públicos.

Esta sentenza confirma a denunciada persecución das e dos responsables da CRTVG contra as e os traballadores do medio. Carlos Jiménez, sancionado con 9 días de emprego e soldo viu conculcados os seus dereitos fundamentais e con esta decisión xudicial temos diante de nos a primeira sentenza e a confirmación dun feito tan grave como que existen represalias por defender a imparcialidade informativa e a pluralidade”.

O 2 de marzo, o tribunal deu a razón a unha redactora á que a compañía vulnerara os seus dereitos ao negarlle a posibilidade de ter un horario laboral de 9.45 h a 17.15 h para conciliarlo coas horas de entrada e saída das súas fillas menores do colexio, unha condena esta por vulnerar os dereitos fundamentais dunha traballadora por razón de sexo.

A lista continúa e é por desgraza longa así que ademais da enorme gravidade pola continua vulneración dos dereitos fundamentais das e dos traballadores cómpre lembrar tamén entre outras cuestións que estes procedementos xudiciais representan unha cuantiosa cantidade de diñeiro público polas custas procesuais,



honorarios de avogados e polas contías que debe asumir a Corporación por indemnizacións, salarios atrasados e danos morais. Só ao longo do último ano, de maio de 2021 a maio de 2022, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ten emitido desde finais de maio de 2021 ata hoxe máis dunha ducia de condenas contra a CRTVG por vulneración de dereitos fundamentais, despedimentos improcedentes e contratación irregular de traballadores.

Por outra banda, en novembro de 2021 cumpríronse dez anos desde que este Parlamento aprobou a Lei 9/2011 de medios públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia. O seu incumprimento sistemático nesta década é algo que temos denunciado reiteradamente desde este Grupo Parlamentario, por parte dos sindicatos e moitas e moitos profesionais da CRTVG, así como desde outras entidades como a Federación Europea de Xornalistas. Unha década, na que se seguen sen aplicar preceptos da lei coma a elección do director xeral por $\frac{2}{3}$ do Parlamento ou a creación do Consello de Informativos e do Estatuto Profesional.

Os traballadores e traballadoras cumpriron este venres 18 de marzo duascenas xornadas de protestas do movemento Venres Negros contra a manipulación informativa. A representación legal dos traballadores e traballadoras leva anos denunciando a progresiva deterioración da estrutura territorial da CRTVG, cun baleirado continuo de persoal que non pretende máis que relegar estes centros fundamentais á insignificancia.



A decisión de suprimir as desconexións informativas locais esta temporada privou á cidadanía da posibilidade de recibir en galego a información do que acontece na súa contorna máis inmediata, debilitando ademais unha das principais fortalezas que distinguiu á CRTVG dos seus competidores: a capacidade de atender informativamente todo o país grazas ao despregue territorial que ten a Corporación a través das delegacións que continúan abertas na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

Asemade, son coñecidos os lamentables episodios protagonizados en distintos espazos da CRTVG arredor da ausencia absoluta da necesaria perspectiva de xénero e a obrigada responsabilidade de velar pola igualdade . A reiteración de contidos machistas, de cosificación das mulleres é inxustificable e o desleixo da dirección arredor da repetición destes episodios e a falta de reacción e polo tanto dun compromiso real por parte da Dirección obriga tamén a esixir responsabilidades ao máis alto nivel.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se condena á Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) por vulnerar a liberdade de expresión e os dereitos fundamentais dun dos seus traballadores?

Pazo do Parlamento, 30 de xuño do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 30/06/2022 15:14:21

Noa Susana Díaz Varela na data 30/06/2022 15:14:30

Paloma Castro Rey na data 30/06/2022 15:14:43

Pablo Arangüena Fernández na data 30/06/2022 15:14:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4^a**, sobre a necesidade de que a Xunta rectifique a súa decisión de recorte da vía de Música e Artes Escénicas, da Modalidade do Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación vén de anunciar, a través da inspección educativa, o recorte da vía de Música e Artes Escénicas, da Modalidade do Bacharelato de Artes no IES O Carril de Vilagarcía.

Esta decisión conta coa oposición do Claustro de profesorado e o Consello Escolar, que consideran que esta decisión carece de xustificación posíbel, posto que o IES O Carril sempre tivo alumnado interesado nestas ensinanzas e ademais o centro conta con profesorado con dispoñibilidade horaria para continuar con esta oferta.

Este recorte é especialmente grave, xa que o centro é pioneiro neste bacharelato, e o único IES da comarca do Salnés e do Barbanza con oferta educativa nas dúas vías da modalidade de Artes tendo sempre alumnado, recursos (dispón do Auditorio Municipal de Vilagarcía, con prioridade, para calquera actividade ou representación necesaria relacionada con esta vía) e profesorado con dispoñibilidade horaria e traballando no centro desde o curso 2011/12.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o primeiro momento contou -e conta- con alumnado, recursos e profesorado. É referente para a contorna da ría de Arousa, con moita vinculación á cultura musical e escénica. Son centos @s cativ@s, moz@s que actualmente están vinculados en distintos niveis e graos a algunha ensinanza regrada, ou non, deste ámbito. Desde o Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía, ás Escolas Municipais de Música de Vilagarcía, Catoira, Vilanova, Cambados, Illa de Arousa, Valga, pasando por Escolas de Música, Danza e Arte Dramático de Vilagarcía, Cambados, O Grove, Boiro.... e mesmo asociacións de música tradicional ou Bandas e Orquestras

O Partido Popular, na súa folla de ruta de deterioro do ensino público, somete continuamente aos centros públicos á presión dos recortes, tentando cada ano ir diminuindo a súa oferta. É máis que evidente a intención da Xunta de limitar a oferta de materias e estas modalidades. Xa non é que non amplíe a oferta a máis centros e garantir que o alumnado da comarca do Salnés teñan acceso a esta modalidade de bacharelato, senón que pretende recortar a escasa oferta existente.

O BNG súmase ás demandas da comunidade educativa, e por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Por que tomou a Xunta a decisión de recortar a oferta do Bacharelato de Artes no IES O Carril?

. Cal é a xustificación, xa que este centro educativo conta coa demanda, recursos humanos, materiais e de espazos suficientes?

. Por que se empeñan en deteriorar o ensino público?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Coida que o alumnado do Salnés non ten dereito nin sequera a un centro educativo na comarca no que se impartan as dúas liñas de bacharelato de artes, (música e artes escénicas)?

. Vai atender as demandas da comunidade educativa e rectificar e polo tanto manter as dúas modalidades que se viñan impartindo dende o curso 2011/2012, música e Artes escénicas?

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/06/2022 17:30:25

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/06/2022 17:30:28



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-n0NGHpwQ-3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

